


REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA



Parabén lector de Murguía

APRENDEMOS CON ROSALÍA



“25 anos á vanguarda do
municipalismo”

PLURAL RI O T D E

A LOMCE OU COMO LEXISLAR CONTRA A MAIORÍA SOCIAL

O ministro Wert, con exceso sobrante de suposta valentía en conxunción co goberno do PP, e contando con intensos apoios entre o conxunto dos sectores conservadores e neo-liberais, eclesiásticos e españolizadores, non dubida en aprobar a LOMCE, en situación de práctica soidade parlamentaria, tratando de 'poñer orde' desde posicións reaccionarias e desde diagnósticos incorrectos, nun sistema educativo que ten fallas, pero, sen dúbida, menos e mesmo algunhas distintas das que eles sinalan con megáfono.

Conscientemente, non se tiveron en conta os distintos axentes sociais, nin o conxunto dos partidos políticos, nin as comunidades autónomas, en particular as que máis se significan, nin ás chamadas á cautela e as achegas técnico-pedagóxicas contrastadas. Para facer así unha lei 'de parte', a máis 'de parte' de todo o período democrático.


Porén, o horizonte que sostén os seus presupostos xa non é, por máis que queiran, o horizonte da plural, democrática, aberta e solidaria sociedade española, e por máis que todos estes principios estean a sufrir no presente duras acometidas, moi graves no plano económico e social, de por parte dos mesmos sectores que amparan o deseño da LOMCE. O horizonte, en parte por definir nos seus trazos, probabelmente non o imaxinamos socialmente con nitidez, mais os principios si, e eses principios deben vertebrar o que haxa que revisar. Outros atallos, e a LOMCE quere ser un atallo, só poden ser valados para o horizonte social e motivo de conflito improductivo.

A orientación desta lei, mercantilista e privatizadora, atenta gravemente contra o dereito á educación, pretendendo convertela nun ben privado, ao servizo de quen poida pagala, máis alá dun deteriorado ensino público (comedores, libros de texto, redución de persoal de apoio, número de alumnos por aula, endurecemento da política de bolsas...). A LOMCE proxecta un modelo educativo análogo ao modelo de sociedade desigual, confesional e profundamente inxusta, inserido nunha concepción uniformizadora e recentralizadora do Estado.

A nova proposta curricular achega unha maior xerarquización, descontextualización e recentralización do currículo, e coloca as linguas propias nun lugar secundario. Os ámbitos humanístico e artístico perden peso a favor de materias asociadas ao "emprededurismo". As reválidas apuntalarán estes procesos, promovendo unha selección que ataca frontalmente o modelo comprensivo de ensino.

A presenza dunha materia alternativa á relixión, con carácter avaliable, e a desaparición dos contidos relacionados coa educación para a cidadanía e os dereitos humanos evidencian a aposta por unha formación moral confesional. Acentuaranse as diferenzas entre centros mediante mecanismos de competencia desleal, podendo reservarse o dereito de admisión do alumnado, ao abeiro dunha mal entendida liberdade de elección de centro, que favorecerá economicamente a progresión da rede privada-concertada. Incide na desprofesionalización do profesorado, ao que se lle reduce o ámbito de decisións respecto de aspectos fundamentais do currículo e da vida dos centros. Ademais, o reforzamento burocrático e administrativo das direccións e a perda de peso dos Consellos Escolares minimizarán o traballo participativo da comunidade educativa, apostando por unha xestión xerencialista ao servizo dos intereses dos responsables da administración educativa.

Como vén de sinalar o equipo edito de Graó, o que necesita o sistema educativo non son novas leis, sostidas desde intencións políticas concretas, senón un verdadeiro proxecto de Estado que clarifique e consensúe finalidades da educación e metas intocábeis ao longo do camiño. Os cambios en educación, dada a súa profundidade, necesitan moito tempo para consolidarse, razón pola que parece necesario dispoñer dun marco legal sólido, cuns principios estábeis, que identifiquen nidiamente, cara a onde imos, e ao mesmo tempo, que dispoña dos medios adecuados para os retos que se propoñen afrontar. Consensos, medios, tempos, entusiasmo e compromiso. E desexámolo. A Lei Wert será, por iso, outra máis con data de caducidade. ■



APRENDEMOS CON ROSALÍA

6 O tema

8 Resumos / Resúmenes / Abstracts

12 Á procura dunha muller chamada Rosalía de Castro

Pilar García Negro

18 33 anos defendendo unha Rosalía verdadeira

Francisco Rodríguez

22 Actualizar o discurso, modernizar a Fundación

Anxo Angueira

25 Rosalía de Castro no currículo escolar de educación infantil e primaria

Helena Villar Janeiro

29 A experiencia dun roteiro rosaliano no ensino

Antón Amil

34 Coñecer a Rosalía de Castro no IES "Pintor Colmeiro"

Gracia Santorum

36 *Adios rios, adios fontes...* A estrofa de 1861 que desapareceu logo

Xesús Alonso Montero

38 Rosalía de Castro: do currículo á aula

Mercedes Queixas Zas

41 Curtas para Rosalía

Mª dos Anxos González Refoxo

44 Rosalía de Castro: Unha poeta imprescindible en Educación Primaria

Mercedes Queixas Zas

46 Para sabermos algo máis...

Mercedes Queixas Zas

REVISTA
GALEGA
DE EDUCACIÓN

Num. 57
Novembro 2013

Director:

Xesús Rodríguez Rodríguez

Consello de Redacción:

Antón Costa Rico
Xiana Lastra Pernas
Ana Mª Pose Blanco
Xosé Ramos Rodríguez
Araceli Serantes Pazos
Miguel Vázquez Freire
Francisco Veiga García
Mª Helena Zapico Barbeito

Consello Editorial:

Manuel Bragado Rodríguez
Mª Dolores Candedo Gunturiz
Francisco Xosé Candia Durán
Xosé Manuel Cid Fernández
Agustín Fernández Paz
Lois Ferradás Blanco
Narciso de Gabriel Fernández
Emilio González Legaspi
Xosé Lastra Muruais
Ramón López Facal
Laura Lodeiro Enjo
Belén Rodríguez Silva
Xosé Manuel Rodríguez Abella
Victor Santidrián Arias
Manuel Vieites García
Xosé Manuel Malheiro
Xosé Álvarez Castro
Carmen Díaz Simón
Valentina Formoso Gosende
Bieito Silva Valdivia
Montserrat Castro Rodríguez
Mercedes Vázquez Vázquez
Yésica Teijeiro Boo
Alexandre Sotelino Losada

sumario

50 A Entrevista Conversa con-versos

Rosalía Fernández Rial

56 Educación social e escola

Infancias e Educación Social: prácticas socioeducativas en contextos residenciais de protección en Galicia

Laura Cruz López

60 A escola rural

Experiencia innovadora nas prácticas docentes das ciencias sociais para a enxeñería rural

Grupo de Innovación Educativa Ruralia

64 Investigación

Educación e teatro: algo máis que un xogo

Manuel F. Vieites

70 Experiencias

A Semente que agromou. Umha aproximación à Semente Compostela e às Escolas de Ensino Galego

Grupo de traballo pedagógico- lingüístico da Semente Compostela

76 Outras escolas

O Plan Audiovisual do CEIP Padre Manjón

Julián Fernández Díez

80 Novas tecnoloxías

Diccionarios en liña

Teresa Meixide Portos

84 Xoguetainas e brinquetainas

Unha lección de ecoloxismo. Ir á trapallada

Manuel Rodríguez Vázquez

86 Panoraula

Xosé Ramos Rodríguez e Antón Costa Rico

94 Recensións e outras lecturas

Algunhas tendencias do teatro infantil e xuvenil galego actual

Montse Pena Presas

Outras lecturas

Rosalía pequeniña

Rosalía Fernández Rial

A asasina

Susana Losada Soto

Do estigma á estima

Mercedes Queixas Zas

Menores en crisis. Propostas de intervención y medidas reeducativas

Emilio Castro Fustes

Comité Científico:

Jaume Carbonell
Giancarlo Cavinato
Miquel À. Essomba
Moacir Gadotti
Pilar Fontevreda
Francesc Imbernon
Philippe Meirieu

Jaume M. Bonafé
Antón Santamarina
Mercedes Suárez
Francesco Tonucci
Antoni Zabala
Philippe Watrelot
Joxé Mari Auzmendi

Deseño: Lois Rodríguez (Acordar)

Maquetación e deseño de cuberta: Xiana Lastra Pernas

Impresión: Rodi Artes Gráficas

Lugar de edición: Santiago de Compostela

Redacción: rge.redaccion@mundo-r.com

Publicidade: rge.publicidade@mundo-r.com

Subscripcións: rge.subscripciones@mundo-r.com

Revisión e tradución de textos ao inglés: Ana Patricia García Varela

A P R E N



C O N R C

D E M O S

O 17 de maio de 1863 na imprenta viguesa do editor Juan Compañel tomaban corpo de libro aqueles versos de Rosalía de Castro compilados baixo o título *Cantares gallegos*, dedicado a Fernán Caballero, pseudónimo de Cecilia Böhl de Faber, coetánea escritora española de novelas de costumes.

A propia Rosalía anunciaba no prólogo o *grande atrevemento* que supoñía *dar á luz* este libro, pois o obxectivo vertebrador era nítido: *cantar as bellezas da nosa terra naquel dialecto soave e mimoso, que queren facer bárbaro os que non saben que aventaxa ás demais linguas en dosura e armonía*. Unha radiografía intencionadamente pública e reivindicativa da súa *infeliz patria (...)* *tan ferida de todos* nunha lingua que *non é aquela que bastardean e champurrar torpemente nas máis ilustradísimas provincias, cunha risa de mofa*, que impediu a correcta comprensión e transmisión interxeracional, tentando reducila a un perfil poético folclorista, costumista e paisaxístico que velase a auténtica voz coral que confería un protagonismo absoluto ao pobo galego, tamén en clave sociopolítica.

Eis algunha das razóns que demoraron o preciso recoñecemento biobibliográfico da autora que abriu, coa máxima mestría poética e convición intelectual, a porta grande á recuperación do galego para a escrita culta a mediados do século XIX.

Magnífica ocasión nos brinda este 2013, en que celebramos o sesquicentenario daquela primeira ousada edición, para aprofundar neste fito literario tamén na escola e aprehandelos á vista da actualidade do seu pensamento e clarividencia expresiva sempre ao alcance de todos os públicos.

Achegarémonos nestas páxinas, ás que desde xa convidamos a entrar, á imprescindible revisión dun perfil intelectual de altura como foi o de Rosalía de Castro, muller culta e escritora vocacional, autora dunha ampla produción literaria, poética e prosística, en galego e castelán, que quebra definitivamente silencios negadores ou infravalorativos doutroa e abre as contras a esa alborada de futuro esperanzador coa que ela mesma alentaba á *toleirona mocidá* no penúltimo poema de *Cantares gallegos*.

A vixencia da poesía rosaliana na escola de hoxe fica ben esclarecida neste monográfico a partir das unidades didácticas e propostas pedagóxicas complementarias e interdisciplinares -musicais, plásticas, audiovisuais, etc- que diferentes profesionais do ensino partillan connosco e que mesmo sobrepasan o estrito ámbito da aula. Múltiples recursos educativos, nados no seo da sociedade contemporánea, e voces interpretativas acompañan a visualización de tan significativa autora que a ollos de hoxe non deixa de nos sorprenden. Os *Cantares*, como o conxunto da obra poética rosaliana, son un tesouro de palabras, de situación humanas e de emocións, ás que paga a pena darlles vida no día a día das nosas aulas escolares como fonte nutricia de coñecemento e de galeguización; e por iso dicimos que 'aprendemos con Rosalía'.

Reiniciemos a lectura de *Cantares gallegos* e acheguémola aos novos formatos próximos ao noso alumnado para reencontrámonos no tempo cun facho de luz nestas horas en que alguén teima en recuperar para o presente as xa superadas *negras sombras*.■

Mercedes Queixas Zas
Coordinadora do monográfico

O S A L Í A

Resumos

Resúmenes

Abstracts

Á PROCURA DUNHA MULLER CHAMADA ROSALÍA DE CASTRO

Pilar García Negro

Defendemos neste artigo a idea de que, a través da obra de Rosalía de Castro, é factíbel (re)construír unha biografía da escritora en aspectos fundamentais da súa personalidade, ideoloxía, mentalidade e sentimentos ante a vida, as súas conxéneres e, en xeral, os seus compatriotas. Damos a valer achegas ben valiosas tanto da acumulación crítica histórica como da estritamente contemporánea e finalizamos por establecermos un decálogo de verdades básicas e documentábeis que desmontan a pesada lousa de desfiguracións que escureceron intereseiramente persoa e literatura rosalianas. Rosalía de Castro segue sendo, porén, un libro aberto ao futuro, que estimula novas investigacións e novas interpretacións, o que non colide co facto de ela manter a porción de enigma e de misterio que todos os grandes clásicos posúen.

Defendemos en este artículo la idea de que, a través de la obra de Rosalía de Castro es factible (re)construir una biografía de la escritora en aspectos fundamentales de su personalidad, ideología, mentalidad y sentimientos ante la vida, sus congéneres y, en general, sus compatriotas. Encarecemos el valor de aportaciones bien valiosas tanto de la acumulación crítica histórica como de la estrictamente contemporánea y finalizamos estableciendo un decálogo de verdades básicas y documentables que des-

montan la pesada losa de desfiguraciones que oscurecieron interesadamente persona y literatura rosalianas. Rosalía de Castro sigue siendo, no obstante, un libro abierto al futuro, que estimula nuevas investigaciones y nuevas interpretaciones, lo que no obsta para que mantenga la porción de enigma y misterio que todos los grandes clásicos poseen.

The article defends the idea that, through the works of Rosalía de Castro, it is possible to (re)construct her biography attending to fundamental aspects of her personality, ideology, mentality and feelings towards life, her fellows and, in general, her compatriots. We put into value precious contributions from the accumulation of both historical and contemporary critique and we establish a decalogue of basic and documented truths which dismantle the heavy burden of distortions which have darkened both the figure and the literature of the author. Rosalía de Castro is still, nevertheless, an open book for the future, which stimulates new lines of research and new interpretations while keeping a portion of the enigma and mystery which every classic has.

33 ANOS DEFENDENDO UNHA ROSALÍA VERDADEIRA

Francisco Rodríguez

Preténdese facer patente unha pequena, mais substancial, parte do que, desde hai 33 anos, temos avanzado para situar na súa verdadeira órbita, tendencia e significado a obra de Rosalía de Castro e tamén na mudanza da súa imaxe. Polo demais, este avance, tan significativo como lento, fíxose tendo en contra, en moitas ocasións, importantes institucións académicas e culturais de Galiza, non xa remisas a aceptar os resultados das investigacións e análises esclarecedores a este respecto, senón tamén moi proclives a censuralos ou desmerecelos. Por último, como xa vai sendo inevitábel renderse perante as evidencias, tamén nos círculos académicos máis oficiais, dando a sensación mesmo de que a mudanza partiu da súa órbita, informamos de cando comezou e desde onde, dentro do país, partindo da mellor crítica rosaliana que Carvalho Calero representaba, a desvendárense aspectos e sentidos moi relevantes sobre a obra e a persoa Rosalía de Castro. A sociedade galega, no seu conxunto, aínda está moi lonxe de coñecerlos como debera.

Se pretende hacer patente una pequeña, mas sustancial, parte de lo que, desde hace 33 años, hemos avanzado para situar en su verdadera órbita, tendencia y significado la obra de Rosalía de Castro y en la mudanza de su imagen. Por lo demás, este avance, tan significativo como lento, se hizo teniendo en contra, en muchas ocasiones, importantes instituciones académicas y culturales de Galicia, no ya remisas a aceptar los resultados de las investigaciones y análisis esclarecedores a este respecto, sino también muy proclives a censurarlos o desmerecerlos. Por

último, como ya va siendo inevitable rendirse ante las evidencias, también en los círculos académicos más oficiales, dando la sensación de que el cambio partió de sus órbitas, informamos de cuando comenzó y desde donde, dentro del país, partiendo de la mejor crítica rosaliana que Carvalho Calero representaba, a desvendarse aspectos y sentidos muy relevantes sobre la obra y la persona Rosalía de Castro. La sociedad gallega, en su conjunto, aún está lejos de conocerlos como debiera.

It is intended to make it obvious a little, although substantial, part of what we have advanced in these last 33 years in locating in its true orbit, tendency and meaning the work of Rosalía de Castro and the change in her image. This advance, so meaningful as slow, has been made having against, in many occasions, important academic and cultural institutions of Galicia, which not only were not willing to accept the results of clarifying pieces of research and analyses but they were also given to condemn and devalue them. Finally, it has become inevitable to accept the evidences, even within the most official academic circles, giving the impression that it was from them that the change originated. Having as point of departure the best Rosalian critique that Carvalho Calero represented, we inform of how and from where, within the country, very relevant aspects and meanings about the work and person of Rosalía de Castro started to be unveiled. The Galician society, as a whole, is still far from knowing them as they should.

ACTUALIZAR O DISCURSO. MODERNIZAR A FUNDACIÓN

Anxo Angueira

A Fundación Rosalía de Castro quere facer parte significativa do amplo marco de celebracións con que este 2013 honramos o sesquicentenario da primeira edición de *Cantares gallegos*. E porque o herdo rosaliano segue a falar de nós e para nós, cento cincuenta anos despois, é que consideramos imprescindible modernizar a propia Fundación para contribuír á actualización e divulgación do discurso rosaliano. A exposición *No principio foi o verso: Rosalía de Castro e a remodelación interior e do perfil museográfico da Casa-Museo na Matanza* son os primeiros pasos que iniciaron o camiño.

La Fundación Rosalía de Castro quiere tomar parte significativa del amplio marco de celebraciones con que este 2013 honramos el sesquicentenario de la primera edición de Cantares gallegos. Y porque la herencia rosaliana sigue a hablarnos en presente, ciento cincuenta años después, consideramos imprescindible modernizar la propia Fundación para contribuir a la actualización y divulgación del discurso rosaliano. La exposición No principio foi o verso: Rosalía de Castro y la remodelación interior y del perfil museográfico de la Casa-Museo en la Matanza son los primeros pasos que iniciaron el camino.

The Rosalía de Castro Foundation wants to take significant part in the great amount of celebrations with which we honor, in this year 2013, the 150th anniversary of the first edition of Cantares gallegos. And because the Rosalian heritage still talks to us in present, even one hundred and fifty years afterwards, we consider essential to modernize the very Foundation to contribute to the updating and spreading of the Rosalian discourse. The exposition No principio foi o verso: Rosalía de Castro and the remodeling of the interior and the museographic profile of the Casa-Museo (House-Museum) in A Matanza constitute the first steps in this path.

ROSALÍA DE CASTRO NO CURRÍCULO ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Helena Villar Janeiro

Esta experiencia trata de introducir a Rosalía de Castro na Educación Infantil e Primaria. Está baseada no traballo da Aula Pedagóxica "Tres pitas brancas" da Fundación, onde se crearon materiais específicos e se supervisaron moitos traballos escolares.

Esta experiencia trata de introducir a Rosalía de Castro en la Educación Infantil y Primaria. Está basada en el trabajo del Aula Pedagógica "Tres pitas brancas" de la Fundación, donde se crearon materiales específicos y se supervisaron muchos trabajos escolares.

This experience wants to introduce Rosalía de Castro in Pre-school and Primary Education. It is based on the work carried out by the Pedagogical Team "Tres pitas brancas" of the Rosalía de Castro Foundation, where specific materials were created and many school assignments were supervised.

A EXPERIENCIA DUN ROTEIRO ROSALIANO NO ENSINO

Antón Amil

Neste artigo expomos a experiencia dun roteiro didáctico do Departamento de Lingua e Literatura Galega aos mundos de Rosalía de Castro, aos contextos vitais que tanto influíron nas súas obras. Describimos como levamos a cabo a planificación de dito roteiro antes, durante e despois da visita. Facemos referencia aos lugares visitados e aos poemas comentados en cada lugar. Tamén mencionamos varias posibilidades interdisciplinares de interese didáctico.

En este artículo exponemos la experiencia de una ruta didáctica del Departamento de Lingua e Literatura Galega a los mundos de Rosalía de Castro, a los contextos vitales que tanto han influido en sus obras. Describimos

como hemos realizado la planificación de dicha ruta antes, durante y después de la visita. Hacemos referencia a los lugares visitados y a los poemas comentados en cada lugar. Mencionamos también varias posibilidades interdisciplinares de interés didáctico.

On this article we show the experience of a didactic route from the Department of Lingua e Literatura Galega towards Rosalía de Castro world, to vital contexts that influenced so much on her work. We describe how we did the planification of that route before, during and after the visit. We refer to the visited places and to the commented poems in each place. We also mention some interdisciplinary possibilities of didactic interest.

COÑECER A ROSALÍA DE CASTRO NO IES PINTOR COLMEIRO

Gracia Santorum

Non semella doado conseguir a participación activa de todo o alumnado e profesorado nunha iniciativa especial que se pretende desenvolver nun centro educativo. As dificultades acrecéntanse cando procuramos a singularidade desde a íntima colaboración das diferentes disciplinas ou a distinción desde o convencemento da necesaria integración de quen acaba de chegar ao centro e aínda non deixou de ser un estraño desconocido. Mesmo así, o pólo de atracción rosaliano axúdanos no noso proxecto e o centro todo acaba por sentir, ler, cantar e visibilizar a la escritora.

No resulta fácil conseguir la participación activa de todo el alumnado y el profesorado en una iniciativa especial que se pretende desarrollar en un centro educativo. Las dificultades crecen cuando buscamos la singularidad desde la íntima colaboración de las diferentes disciplinas o la distinción desde el convencimiento de la necesaria integración de quien acaba de llegar al centro y aún no dejó de ser un estraño desconocido. Incluso así, el polo de atracción rosaliano nos ayuda en nuestro proyecto y el centro todo acaba por sentir, leer, cantar y visibilizar a la escritora.

It is not easy to get the active participation of all the students and teachers in a special initiative which tries to be developed in an educational centre. The difficulties grow when we look for the singularity from the intimate collaboration of the different disciplines or the distinction from the conviction of the necessary integration of those who have just arrived to the centre and still are strangers. Even in those conditions, the rosalian attraction pole helps us in our project and the whole centre ends up feeling, reading, singing and visualizing the writer.

ADIOS RÍOS, ADIOS FONTES... A ESTROFA DE 1861 QUE DESAPARECEU LOGO

Xesús Alonso Montero

Unha análise contrastada do emblemático poema rosaliano encabezado pola glosa popular "Adios ríos, adios fontes" ofrece algunha modificación, entre as diferentes publicacións que o acolleron previamente e o poemario Cantares gallegos, que remiten para algunhas preguntas que axuden a procurar cales puideron ser as razóns da omisión dunha estrofa na redacción última.

Un análisis contrastado del emblemático poema rosaliano encabezado por la glosa popular "Adios ríos, adios fontes" ofrece alguna modificación, entre las diferentes publicaciones que lo divulgaron previamente y el poemario Cantares gallegos, que nos remiten hacia algunas preguntas que ayuden a buscar cuales pudieron ser las razones de la omisión de una estrofa en la redacción última.

A contrastive analysis between the different early publications of the emblematic rosalian poem headed by the popular gloss "Adios ríos, adios fontes" and its final edition in the collection Cantares gallegos sheds some light on the existence of modifications, which prompts us to wonder the motivations for the omission of one stanza in the final edition.

ROSALÍA DE CASTRO: DO CURRÍCULO Á AULA

Mercedes Queixas Zas

A escola non renuncia a abrir as portas á luz do pensamento e da expresión poética e prosística rosaliana co fin de facilitar un achegamento a unha figura tan referencial lingüística, literaria e culturalmente para nós, ademais de contribuír para o tratamento das competencias básicas. É por iso que, desde a perspectiva dun estudo acaído á contemporaneidade, podemos achegarnos a unha completa panorámica de recursos didácticos xerados polos propios centros educativos.

La escuela no renuncia a abrir las puertas a la luz del pensamiento y de la expresión poética y prosística rosaliana con el fin de facilitar la aproximación a una figura tan referencial lingüística, literaria y culturalmente para nosotros, además de contribuir al tratamiento de las competencias básicas. Es así como, desde la perspectiva de un estudio acaído a la contemporaneidad, podemos acercarnos a una completa panorámica de recursos didácticos generados por los propios centros educativos.

The school does not renounce to open the doors to the light of the rosalian thinking and her poetic and prosaic expression with the aim of facilitating an approach to such a linguistic, literary and cultural referential figure to us, as well as contributing to the treatment of basic competences. It is in this way that, from the perspective of a study

adapted to contemporaneity, we are able to get closer to a panoramic view of didactic resources generated from the educative centers themselves.

CURTAS PARA ROSALÍA

Anxa González Refoxo

A partir de 2010, nos 125 anos do falecemento de Rosalía de Castro, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega nunha aposta polo audiovisual como factor educativo e de estratexia cultural convoca o certame CURTAS PARA ROSALÍA coa intención de que as potencialidades que se agochan na obra da escritora sigan a ser descubertas, temática que nas seguintes edicións foi ampliada a curtametraxes que se centrasen, interpretasen ou explorasen calquera texto de calquera época da Literatura Galega.

A partir de 2010, cuando se cumplen 125 años del fallecimiento de Rosalía de Castro, la Asociación Socio-Pedagógica Galega apostando por el audiovisual como factor educativo y de estrategia cultural convoca el certamen CURTAS PARA ROSALÍA con la intención de que las potencialidades que están en la obra de la escritora continúen a ser descubiertas, temática que en las siguientes ediciones fue ampliada a cortometrajes que se centrasen, interpretasen o explorasen cualquier texto de cualquier época de la Literatura Gallega.

From 2010, coinciding with the 125th anniversary of the passing of Rosalía de Castro, the Asociación Socio-Pedagógica Galega (Galician Socio-Pedagogical Association) holds the contest CURTAS PARA ROSALÍA (SHORT MOVIES FOR ROSALÍA) in an attempt to support the use of audiovisual media as an educative and strategic cultural factor. The aim of this event, which originally focused on discovering the potentiality hidden in her work, has extended in the following editions so as to include any short movies dealing with, portraying or exploring any text from any period of Galician literature.

ROSALÍA DE CASTRO: UNHA POETA IMPRESCINDÍBEL EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Mercedes Queixas Zas

O nome de Rosalía de Castro coroa a identidade de oito centros de educación infantil e primaria e un instituto de secundaria, por iso é imprescindible que o sistema educativo asimile vivamente e tire aproveitamento didáctico, de xeito transversal e interdisciplinar, desde parámetros pedagóxicos actuais, dunha obra literaria de referencia desde as primeiras etapas, nomeadamente o ensino primario.

El nombre de Rosalía de Castro corona la identidad de ocho centros de educación infantil y primaria y un instituto de secundaria, por eso es imprescindible que el sistema educativo asimile vivamente y tire provecho didáctico, de manera transversal e interdisciplinar, desde parámetros

pedagógicos actuales, de una obra literaria de referencia desde la enseñanza primaria.

The name Rosalía de Castro crowns the identity of eight preschool and primary school centers and one secondary school. This is the reason why it is necessary that the educational system lively assimilates the didactic benefits of a literary work which is a reference since primary education in a transversal and interdisciplinary way and from current pedagogic parameters.



Á procura dunha muller chamada Rosalía de Castro

Pilar García Negro

Universidade da Coruña

maria.pilar.garcia.negro@udc.es

INTROITO

É frecuente lermos ou ouvirmos que, sendo Rosalía de Castro a personalidade central da nosa literatura, estraña que non conte cunha biografía. Se por tal entendemos un volume completo titulado "Biografía de Rosalía de Castro", a afirmación é tan verdadeira como inxenua. Diremos por que. A primeira dificultade -maior aínda do que a perda-destrución da maior parte do seu epistolario e doutras circunstancias de ocultación intereseira- reside na mesta faramalla de disimulacións, silenciamentos, terxiversacións..., composición, en fin, dun retrato

que, à *rebours* da elocuencia de partes fundamentais da súa obra, pesou como unha lousa á hora de compor o que dei en denominar a meta-Rosalía, un constructo que ten a ver directamente coa metonimia obrigada: en reducindo a escritora a un prodixio sentimental, acorde co admitido para o seu sexo e condición de galega, a nación mesma ficaba confinada na xustificación desexada do seu papel no (des)concerto hispánico e europeo. Misión cumprida, pois, para a orde dominante, esa especie de cuadrilátero composto de españolismo, masculinismo, capitalismo e galegofobia (moderada ou bruta).

Só un desprezo contumaz polo exame e consideración de fontes autorizadas na bibliografía rosaliana puido levar a tal armadillo. Desde Murguía, González Besada e outros contemporáneos da escritora até Francisco Rodríguez, na actualidade, pasando por Bouza Brei, Carvalho Calero, Andrés Pociña e Aurora López, Catherine Davies, Kathleen March, Pilar Pallarés..., a nómima de rigorosos estudiosos-as e analistas da personalidade e da obra rosalianas non dá pé a que pervivan falsías de groso calibre, nuns casos, deformacións ou inexactitudes, noutros, sobre ambas.

Nas nosas publicacións sobre Rosalía de Castro, nomeadamente nas de maior tamaño (García Negro, 2006, 2010 e 2013), insistimos sempre no fenómeno basilar de tal ortopedia forzada: como xa dixemos, a inadmisión da súa condición de muller e de galega, para recoñecela como unha auténtica intelectual e dotada dunha cultura densa e extensa, así como dun concilio permanente de patriotismo galego e de feminismo socializado. Foi vítima, sen dúbida, de múltiples preconceitos e moralismos provenientes non dos seus textos, senón dos seus comentaristas, que os aplicaron, cal apósitos inamovíbeis, na súa persoa e obra.


Referímonos *supra* á inxenuidade (máis valera dicir cegueira ou miopía inxustificábel) que bota en falta a existencia dunha biografía así titulada, cando o certo é que colocando debidamente as pezas dun quebracabezas bibliográfico existente desde o século XIX até os nosos días, podémonos facer unha idea cabal de que tipo de muller foi en vida Rosalía de Castro; cal o sentido e función da súa obra e, mesmo, que tipo de psicoloxía aluman os seus textos. Isto non obsta para que siga aberta unha pescuda que de certo ha proporcionar novas iluminacións

e novos datos ou para que as zonas de misterio-enigma manteñan toda a súa interpelación e atractivo ás lectoras e lectores.

Os seus versos e a súa prosa, son, naturalmente, o primeiro e principal documento a termos en conta, entendéndonos texto no sentido semiótico do termo, incluso, por tanto, de literatura no sentido estrito, cartas, declaracións recollidas por Murguía ou outros contemporáneos e, por suposto, artigos, dedicatorias ou todo tipo de paratextos.

Así, na lectura enteira da súa obra que, por primeira vez, en análise integral e integrada realiza Francisco Rodríguez hai 25 anos (Rodríguez, 1988), subxaz unha "biografía" da escritora que dá conta de aspectos esen-

ciais da súa personalidade e da significación da súa obra. Nova documentación e os resultados de recentes investigacións completan un cuadro biográfico como o que aparece na obra do mesmo escritor publicada hai dous anos (Rodríguez, 2011). É imprescindible a consulta, así mesmo, de todos os textos de Murguía atinentes á nosa escritora, nomeadamente Los Precursores; da magna bibliografía crítica rosaliana de Pociña-López; do esbozo para unha biografía de Rosalía de Castro, de Antonio Vázquez Rey; por suposto, de todos os traballos de Bouza Brei e de Carvalho Calero; das notas biográficas de González Besada (discurso de ingreso na Real Academia Española); dos volumes da correspondencia di-



rixida a Murguía, dos artigos de María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda...

A simbiose muller galega-patriota galega-intelectual-feminista-pensadora non resulta de fácil acomodo nen de doada aceitación para a orde ideolóxico-sexista de onte como de hoxe. Contraccións ou mutilacións da súa personalidade e obra atacaron ora un destes componentes, ora todos no seu conxunto. Na bibliografía contemporánea, talvez a expresión máis extrema desta redución sexa a publicada por Alonso Montero, en libro que gozou de varias edicións e difusión galega e extragalega (Alonso Montero, 1972). Ao falar da "renuncia" da escritora a escribir máis en galego, o profesor acrecenta:

Insisto en mi punto de vista de que la decisión de abandonar el gallego no debe interpretarse como una deserción, ya que Rosalía poseía una pobre conciencia de la realidad y de las posibilidades de una cultura en gallego. Es cierto que ella puso sus cimientos, pero sin percatarse seriamente de ello porque su mente no estaba a la altura de los fenómenos polítoculturales que se estaban gestando. Rosalía fue, antes y después de este despiste histórico, una genial intuición poética. En su obra de poeta hay, entre otras actitudes, una respuesta a Galicia, respuesta que es la base, en gran parte, de cien años de meditación gallega y por cuyo alcance ni siquiera la gran poetisa se preguntó (Alonso Montero, 1972: 95-96).

En liña con esta tese, as cinco novelas que a escritora publicou en vida merecen esta sentenza: [...] apenas mutilamos a Rosalía si prescindimos de sus relatos novelescos (*ibidem*: 11). Bon convite, abofé, para se internar

na obra completa de Rosalía e interpretala!

40 anos e moita e valiosa bibliografía rosaliana despois, ninguén ousaría repetir ou asinar esta radical desposesión de intelixencia, carencia de coñecemento histórico-sociolóxico e casualidade distraída atribuídas á escritora que contemporáneos seus xulgaron como fundadora de toda unha literatura, a comezar polo seu comentarista máis próximo, Manuel Murguía, mais dáse a circunstancia de que asertos tais operaron como unha pexa ferreña na ignorancia do valor das máis de mil páxinas da súa narrativa -fundamentais para a comprensión da súa *weltanschauung*- ou para desprezar o profundo carácter intelectual, reflexivo, da súa produción poética. Afortunadamente, todo canto de bon produciu e documentou a bibliografía rosaliana das últimas décadas -por non falarmos de toda a acumulación crítica histórica- camiña na dirección absolutamente inversa: a de probar textual e contextualmente a conciencia crítica da escritora, a conexión directa de moitos poemas ou prosas coa sincronía histórica do seu tempo e a de rubricar a súa clarezza e firmeza político-ideolóxica.

TRASPASAR OS LIMITES

Eis o pecado; eis a grandeza de escritora como a que celebramos. Valémonos dunha recordación de Murguía á fronte da edición das *Obras Completas da escritora*:

Soportando ciertas indiferencias que en el alma me dolían, y para ella [Rosalía] no pasaban inadvertidas, pues tocaban en los límites de la injusticia, muchas veces le dije que nadie en este mundo haría justicia a su obra sino yo. Ella me contestaba siempre: "Deja pasar todo; no somos más que sombra de sombras. Dentro de poco, ni mi nom-

bre recordarán. Mas, ¿esto qué importa a los que hemos traspasado nuestros límites?" [subl.noso] (García Negro, 2010: 62-63).

Velaquí a clave: traspasar os límites impostos e despoticamente decididos para unha muller, para unha escritora, para unha patriota galega, para unha pensadora. En linguaxe e interrogación poética, vaise autodefinir a propia escritora, nun poema, por coñecido e celebrado, non menos importante na súa definición autobiográfica:

Daquelas que cantan as pombas i as frores todos din que teñen alma de muller. Pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma, ¡ai!, ¿de que a terei?

Moito menos citado, en troca, é o poema que fai o número tres do Libro I, "Vaguedás", con que se inicia *Follas novas*. Interpretámolo como unha resposta á grave pregunta que a escritora formula neste poema inicial. Di así:

Tal como as nubes que impele o vento, i agora asombran, i agora alegran os espazos inmensos do ceo, así as ideas loucas que eu teño, as imaxes de múltiples formas, de estranas feituras, de cores incertos, agora asombran, agora acaran o fondo sin fondo do meu pensamento.

Limites que non se admiten; pensamento e ideas ao servizo da creación poética; a loucura, como metáfora extrema da falta de acomodación no patrón imposto, dunha soidade como creadora que só atopa na natureza (*pathetic fallacy*) a súa correspondencia-cumplicidade.

22 anos antes de se publicaren os cinco libros de *Follas novas*, en 1858, a escritora xa irrompera na escena pública cun explosivo manifesto, "Lieders", que deixa pálida, en opinión de Salvador de Madariaga, a cé-

lebre proclama de Marcela, no capítulo XIV da 1ª parte do *Quijote* (Madariaga, 1975: 295). Eis algunhas das súas afirmacións, que traducimos para o galego do español orixinal:

Endexamais dominou na miña alma a esperanza da gloria nin soñei nunca con loureiros que premesen a miña frente. Só cantos de independencia e de liberdade balbuciron os meus beizos, aínda que arredor de min sentira, desde o mesmo berce, o ruído das cadeas que debían aprisionarme para sempre, porque o patrimonio da muller son os grilóns da escravitude.

Eu, porén, son libre, libre como os paxaros, como as brisas, como as árbores no deserto e o pirata no mar.

Libre é o meu corazón, libre a miña alma, e libre o meu pensamento, que se ergue até o ceo e descende até a terra, soberbo como Luzbel e doce como unha esperanza.

Cando os señores da terra me ameazan cunha súa ollada ou queren marcar a miña frente cunha mágoa de oprobio, eu río como eles rin e fago, en aparencia, a miña iniquidade meirande que a súa iniquidade. No fondo, non obstante, o meu corazón é bon; mais non acato os mandatos dos meus iguais e creo que a súa feitura é igual á miña feitura, e que a súa carne é igual á miña carne.

Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino [subl. noso].

Outra peza, en fin, fundamental para a autodefinición da escritora é o que asinará como “Carta a Eduarda”, publicado en 1866 e tamén coñecido como “Las



Manuel Murguía

literatas”. Utiliza Rosalía o artificio dunha carta a unha amiga para expoñer todos os inconvenientes e incompreensións dun oficio como o de escritora (non adineirada), nun texto cheo de humor e de ironía, onde consuma un acto de xustiza poética como muller, como galega e como escritora, nunha sorte de mensaxe elocuente para o presente e para o futuro (nós). Que, após a lectura de discurso tal, haxa aínda quen diga que Rosalía é obra de Murguía, atenta clamorosamente contra as evidencias textual-confisionais da propia autora, que xa padeceu en vida o atribuído postumamente por fieis seguidores do mito da superioridade adánica. Mais, como se sabe, este noso querido país e a súa crítica literaria dan para case todo...

UN DECÁLOGO DE URXENCIA

Até agora só iluminamos, valéndonos da propia palabra autorial, certos aspectos esenciais da súa personalidade, da súa xenética como escritora rupturista, moi lonxe, pois, de completarmos un retrato cos debidos trazos identificadores. O que a

seguir esquematizaremos non é máis que un resumo telegráfico, como *vademecum* de urxencia, dun perfil bioliterario que se pode establecer sen sombra de dúbida, á luz do coñecemento íntegro da súa obra e de toda a investigación acumulada nas últimas décadas:

1. A escritora non sofreu abandono nengún por parte da súa nai. Todo apunta a que ela, a súa proxenitora, protexeu e fomentou a súa temperá vocación leitora e literaria. *A mi madre* (1863) é un libro de extrema devoción filial e de sororidade manifesta. Igualmente, están documentadas relacións de cordialidade coa familia do pai, o sacerdote D. Manuel Martínez Vioxo.
2. O seu carácter era vehemente; a súa enerxía e conciencia das inxustizas, imbatíbeis. Tan lonxe da gloria mundana e da banalidade-venalidade literaria como consciente do valor da súa obra.
3. É posuidora dunha vasta e variada cultura literaria, filosófica e histórica. A súa obra así o documenta. Esta ilustración ou cultura formal acompáñase dos seus

especiais dotes artísticos, como actriz aclamada en varias representacións; como música, intérprete de varios instrumentos ou como debuxante. É, pois, o seu, un talento netamente artístico.

4. É, e quixo ser, unha escritora profesional, entendendo a literatura como un traballo experto e non como un *hobby* ocasional, un traballo do que se puidera vivir, por moito que ela nunca gozou da retribución merecida, nen monetaria nen das cúpulas sociais e políticas. Si, do povo que coñeceu unha parte limitada da súa obra e dunha minoría ilustrada e filogalega, que sempre a venerou.

5. Ela, a obra, é filla dun movemento reflexivo, dunha decisión de raíz intelectual, a que solda a súa vocación literaria coa súa valente e clara firmeza patriótica. Ao servizo do povo galego e da elevación da súa cultura porá o mellor da súa inspiración e da súa sensibilidade.

6. O feminismo ilustrado e socializado é medular en toda a súa produción. Nunca até ela, as mulleres do povo traballador e as mulleres en xeral acadaran retrato e protagonismo social tan prevalente.

7. Levou a lingua galega ás máximas cotas de uso público-literario do seu tempo, sen lle furtar ningún tema ou expresión e abrindo campos absolutamente inexplorados. A súa obra en español é, nen máis nen menos, filla do seu tempo e das circunstancias editoriais, sociopolíticas e de habitualidade-“normalidade” da imposición da lingua oficial do Estado no uso literario, como en calquer outro campo de prestixio e poder. Ela é a escritora galega por antonomasia e é, asemade, galega escritora (e a orde dos factores si altera o resultado) e, por tanto, submetida ás condicións de vida reprimida do propio galego. Ninguén foi máis alá na

resurrección literaria da lingua galega.

8. A súa independencia de criterio, a distancia de todo convencionalismo, a súa lealdade patriótica, a súa ideoloxía igualitarista e profundamente democrática foron santo e seña insubornábel da súa actitude, posicións sociomorais e políticas, antes e despois do Sexenio Revolucionario. En non habendo *transfuguismo*, en non habendo deserción nen como patriota galega nen como avanzada social e moral, a postergación, indiferenza e hostilidade estaban servidas, co correlato doloroso da soidade e do desamparo, sobre todo após a Restauración.

9. A idea da suposta *dimisión* do seu fervor galego é unha desas ideas-eucalipto, que inzan e degradan o solo que pisan. Non hai un só elemento que autorice a sentar tal indocumentada opinión. Abonda con ler poemas significados de *En las orillas del Sar* (lembramos os estremecentes versos finais de “¡Jamás lo olvidaré! De asombro llena”: *y yo no quiero que mi patria muera, / sino que, como Lázaro, ¡Dios bueno!, / rescite a la vida que ha perdido; / y con voz alta que a la gloria llegue, / le diga al mundo que Galicia existe, / tan llena de amor cual tú la has hecho, / tan grande y tan feliz cuanto es hermosa*) ou este, póstumo (escrito probabelmente en 1883), que aquí transcribemos, por menos coñecido:

*Cayendo van los bravos combatientes
y más se aclaran cada vez las filas.*

*No lloréis, sin embargo;
en el vacío que los muertos dejan,
otros vendrán a proseguir la liza.*

*¡Vendrán!... Mas presto del vampiro
odioso*

*destruid las guaridas
si no queréis que los guerreros vuelvan
tristes y oscuros a morir sin gloria
antes de ver la patria redimida.*

Da famosa carta de 26 de Xullo de 1881 dirixida a seu home (e que merece moi outra explicación da que a utiliza para sentar a tal *dimisión*), non cabe inferir, á vista do escrito-publicado con posterioridade, defección patriótica nengunha. Si resposta irada e digna -en soidade total, subliñamos- a unha campaña denigratoria montada contra ela por “inmoral” e “antigallega”, nada menos.

10. É, en fin, escritora multi-xenérica: a primeira ensaísta da literatura galega renacente (prólogos-ensaíos das súas obras poéticas); autora primicial de narrativa en galego; domina soberanamente a forma versual, para a adaptar á lírica, á épica, á poesía dialóxica, a escenas teatrais, a contos en verso... Reformula a épica ao póla ao servizo dun heroi-heroína popular, colectivo, e ao facer do povo suxeito de cultura e suxeito da historia.■

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, Xesús (1972): *Rosalía de Castro*, Madrid, Akal.
- ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, Victoria: “Rosalía de Castro, actriz: noticias e documentos”, *Revista de Estudos Rosalianos*, pp. 11-43.
- ARMAS GARCÍA, Celia María (2002): *As mulleres escritoras (1860-1870)*. O xenio de Rosalía, Brión, Laivento.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1979): *Estudos rosalianos*, Vigo, Galaxia.
- GARCÍA NEGRO, María Pilar (2006): “Estudo introdutorio”, en CASTRO, Rosalía: *El caballero de las botas azules*. “Lieders”. “Las literatas”, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- GARCÍA NEGRO, María Pilar (2010): *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- GARCÍA NEGRO, María Pilar (2013): *Cantares gallegos, hoxe. Para unha lectura actualizada de Rosalía de Castro*, Santiago de Compostela, Alvarellos Editora.
- POCIÑA, Andrés e LÓPEZ, Aurora (2000): *Rosalía de Castro. Estudos sobre a vida e a obra*, Santiago de Compostela, Laivento.
- RODRÍGUEZ, Francisco (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)*, A Coruña, AS-PG. Sada, Edicións do Castro.
- MADARIAGA, Salvador de (1972): *Mujeres españolas*, Madrid, Espasa-Calpe.


ROSALÍA DE CASTRO EN

XERAIS



A miña primeira Rosalía

Este libro reúne unha biografía, unha antoloxía poética e doce poemas musicados e cantados por María Manuela, Mero, Mini e Xiana Lastra.



Cantares gallegos

en edición de Anxo Angueira.




Rosalía de Castro. Antoloxía

con CD de audio coa voz de Anxo Angueira.



Páxinas sobre Rosalía de Castro
de Xesús Alonso Montero



Follas novas
en edición de Marina Mayoral
e Blanca Roig Rechou



Cantares gallegos
en edición de Xavier Rodríguez
Baixeras

en galego todo o tempo

XERAIS
xerais@xerais.es • www.xerais.es



33 anos defendendo unha Rosalía verdadeira

Francisco Rodríguez

Doutor en Filoloxía Románica e escritor
currosbardaos@gmail.com

Pasei e paso moitas horas a cavilar sobre o pensamento e a conciencia rosalianas sobre Galiza e o mundo. Comecei a lela con certa intensidade e a globalidade necesaria ben entrada a década dos setenta do século XX. A cada paso fíxeme máis abraiado da súa complexidade e riqueza, que só o profesor Carvalho Calero, en certa maneira, constataba e valoraba nos seus estudos rosalianos, tanta como a magnitude da desfiguración que padecía a súa figura e a tendencia, a causalidade e obxectivos da súa obra. Un artigo intitulado *Rosalía, cen anos de loita contra a hipocrísia burguesa*, aparecido no núme-

ro 106 do semanario A NOSA TERRA, en 1980, expresa a explosión que se produciu no meu cerebro cando apareceu, xa incuestionábel, a realidade, após a análise intrínseca da súa obra non me deixar lugar a dúbidas sobre a certeza do que sempre sospeitara, sen coñecementos nin capacidade para demostralo até entón. Durante 33 anos, aquel artigo foi sendo certificado e corroborado, aínda con máis argumentos, análises e datos extrínsecos, desde distintas perspectivas, incluída a de quen isto escribe, por moito que a resistencia académica a aceptar as evidencias fora durante moitos anos, e aínda o é, en ocasións,

penosa. O que acontece a nivel social está naturalmente tamén condicionado polos poderes político-culturais e por unha tradición sacralizada que, naturalmente, custa moito erradicar no que ten de falsa.

Coido que é esta unha boa oportunidade para comprobarmos até que punto era acertado o que afirmabamos en 1980, por máis que se pretendeu naquel momento desacreditalo ou simplemente ignoralo. Por iso, imos recorrer ao emprego de moitos parágrafos daquel artigo, en letra cursiva, para contrastalos ou ratificalos con análises, aseveracións ou xuízos hoxe de ampla aceptación nos máis destacados estudosos da súa obra e, por suposto, nos lectores que se achegan a ela, na súa totalidade e sen prexuízos. O texto de 1980 partía do coñecemento de toda a súa obra literaria, a escrita en galego e a escrita en español, tal e como seguían facendo até culminar o meu esforzo analítico en 1987 con *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*, a primeira tese de doutoramento que se presentou na Universidade Galega sobre a autora. Até entón, a obra en castelán, malia tantos corifeos partidarios do bilingüismo para xustificar a primacía daquel idioma na Galiza, nunca fora atendida nin debidamente valorada, a non ser para usar o nome de Rosalía en defensa das súas teses sobre a naturalidade do devandito dominio.

En 1980 afirmabamos: *Foi unha muller que, en pleno século XIX, fixo o ataque máis furibundo contra o ideoloxismo burgués que afirma, fachendoso, que os que medran, o deben ao seu talento, que os de embaixo, cando protestan, son inimigos da patria, que a educación ten de basearse na rixidez e no antierotismo egóticos que levan á negación das necesidades humanas, que a muller non debe nin pode pensar, senón prepararse*

para o matrimonio e a autocontemplación narcisista. Para Rosalía nada debe preocupar máis á conciencia do home libre, que unha apracíbel existencia que o cerre ao sentimento e a tenrura. A clave da concepción rosaliana do mundo está na negación da civilización burguesa, da que non dubida que acabará sendo destruída, así como duns valores, presuntamente cristiáns, ambos en proceso de imposición violenta aos denominados "salvaxes" e pobos sen historia, cando xa amosaron a súa falsidade, hipocrísia e antihumanismo na Europa "civilizada". Estamos, pois, ante unha "conspiradora", porque este é o cualificativo que, segundo ela, dan aos que pensan con liberdade, e a liberdade está en íntima conexión coa necesidade humana de comprensión, de solidariedade, de fin da inxustiza, da miseria; en conexión co avanzar da historia.

Os xuízos e valoracións aquí expostos estaban feitos como lector das súas novelas, especialmente *Ruínas* (1866) e *El caballero de las botas azules* (1867). Valen tamén no referido á civilización burguesa en relación co mundo precapitalista e á capacidade das mulleres para pensar, para *La hija del mar* (1859) e *Flavio* (1861). Un dos aspectos máis silenciados e desfigurados sobre a súa persoa e intención foi o seu empeño por vivir do que escribía, a súa aspiración á *profesionalidade*, como fonte de dignidade e independencia, así como a súa intención de incidir na opinión pública. Naquel entón unha muller escritora, sobre todo novelista, considerábase unha especie de demo, porque significaba que pensaba e tiña aspiracións a influír coas súas ideas. Rosalía, por se fose pouco coa súa heterodoxa profesión, tratou de desempeñala sen recorrer ao pseudónimo, un dos primeiros casos en toda Europa. Non se atrevían a facelo nin as nove-

listas inglesas, nin as francesas nin as españolas na década dos cincuenta e sesenta do século XIX: todas elas recorreron ao pseudónimo. Rosalía era considerada, ademais, por quen a coñecía e a lía unha muller filósofa, tanto referíndose á súa obra en galego, sobre todo *Follas Novas* (1880), como referíndose á súa obra en castelán. Por exemplo, para Víctor G. Candamo o poemario de 1880 reunía "los profundos estudios de la mujer filósofa y las trascendentales predicciones del genio" (*La Ilustración Gallega y Asturiana*, 8, febreiro, 1881). Este carácter de muller filósofa era subliñado, de forma implícita ou explícita, nas tres máis importantes críticas que mereceu o libro cando saíu: a do 28 de setembro de 1880 en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, asinada por Alfredo Vicenti; a do 8 de novembro do mesmo ano, en *El Imparcial*, asinada por A. López Mora, e finalmente, a tamén de Vicenti, para *Gaceta de Galicia*, dos días 23 e 24 do mesmo mes e ano. Juan Manuel Paz Novoa, moito antes, nunha carta a Murguía, datada en Ourense o 19 de abril de 1865, encomendaba: "Diga U. a Rosalía que deseo ver pronto publicada su última *elucubración*, aquella que le hemos visto leer y que parece se titulará "Las botas azules".

Precisamente, referíndonos a *Follas Novas* (1880), valorabamos nós na altura de 1980, co gallo do seu centenario, no artigo de A NOSA TERRA: *O conxunto destes pensamentos, destas actitudes tan aprexuizosas, contestatarias, no terreo filosófico, social e moral fan de Follas novas (1880) un libro exemplar das vivencias da escritora, da súa visión problemática, racional e emotivizada a un tempo, da existencia, fundamentada arraigada na realidade histórico-colectiva concreta. Este libro de poemas é a concreción comunicativa, expresiva, sensíbel, das preocupacións, razoa-*



mentos, sensacións e angurias, teórica, simbólica e esquemáticamente expostas nas súas novelas en español, determinadas por un mercado e unha profesionalidade cuxos condicionamentos lingüísticos eran insuperábeis naquel intre histórico. Os desexos fondos de que a materia fose eterna, pero vivida esta eternidade con conciencia individual e colectiva, na medida en que os problemas humanos son comúns e interdependentes na súa necesidade e solución, sintetizan perfectamente a alegría e a dor rosalianas por vivir neste mundo e as aspiracións a transcendelo.

Obsérvese como falabamos de carácter filosófico da súa poesía e da profesionalidade da súa escrita. En certa maneira tamén, indicabamos que representa unha perspectiva galega da historia e da Humanidade á que pertencemos como pobo e como persoas. Aínda en 1899, Alfredo Brañas, nunha velada celebrada no Ateneo León XIII, de Santiago, o 30 de maio, explicaba así a causalidade de **Follas Novas**: “Para demostrar que pensaba tan fondo como sentía, que, ademais de cantora do pobo, era poeta de homes cul-

tos, e que o fogo de amor que no seu peito ardía era o mesmo que forxaba o raio criador do seu cerebro”

Esta era a imaxe da Rosalía muller e escritora en vida, alén de progresivamente afianzarse, a niveis máis maioritarios, a correspondente á da autora dun libro, **Cantares Gallegos**, o único dela con dous edicións en vida (1863, 1872), que representaba, grazas á popularización dalgúns dos seus poemas na emigración, e como rebote dentro da Galiza, a identificación coa terra, co país, coa patria. Non resulta difícil de comprender que a escrita en galego, dentro da súa conciencia de escritora profesional identificada co seu país, formaba parte dun compromiso por restaurar unha literatura nacional en galego, un aspecto dun proxecto cultural máis amplo, sustentado na convicción ideolóxica da necesidade de Galiza ser un pobo consciente, digno e con futuro. Había que convencer os galegos cultos, alfabetizados, de que non tiñan que renegar da súa condición nacional, incluída a lingua galega, para seren modernos e progresar, por moito que así o pretendese todo o poder insti-

tucionalizado e os mecanismos do novo Estado, capitalista e centralista, español. O seu **patriotismo** era produto dun sentimento de identificación cun pobo oprimido e ridiculizado e dunha racionalidade ideolóxica que consideraba inseparábel igualdade e diversidade. Dicíamos en 1980: *Rosalía defende os valores de uso das sociedades patriarcais fronte aos valores de cambio das sociedades burguesas. Precisamente a falta de egoísmo e rixidez moral nos costumes é típica non só do precapitalismo da sociedade galega tradicional, senón tamén doutras como, por exemplo, a dos indios de Perú, mesmamente na coincidencia de tradicións hospitalarias. Este tipo de sociedades está lonxe das necesidades alienantes, creadas polo luxo, pola acumulación e explotación capitalistas. Cabe subliñar que, desta convicción fonda, é froito Cantares gallegos (1863), libro de afirmación dunha civilización precapitalista, dunha cultura colectiva de carácter patriarcal, que é obxecto de burla e chiste por parte dos que representan a civilización burguesa e o colonialismo.*

O patriotismo, por empregarmos unha palabra acorde cos seus conceptos, inequivocamente galego e popular, fundamentado na nacionalidade galega e nas clases populares do país, é, loxicamente, a estea vertebradora e máis indestrutíbel da súa personalidade e da súa obra. Foron, pois, moitos os motivos para ser considerada unha heterodoxa, unha pecadora. É moitos tamén polos que, xa que tiveron que inevitabelmente contar con ela, posteriormente, os poderes fácticos do estado español e os seus intermediarios na Galiza, afanárense nun labor de desfiguración e manipulación de proporcións xigantescas. Rematabamos o noso artigo revelador de 1980, intentando celebrar o centenario de Follas Novas, xa sen medo,

coa seguridade de estarmos contribuíndo a facer xustiza e a facilitar o descubrimento do seu, noso, mundo: *O noso deber é traguela ao camiñar da historia co seu significado. Como ela mesmo ten afirmado: "Dou escomenzo pensando/ despois gustoulle pensar; / e deste gusto ao desexo/ a toda presa se vai./ E de cote descendendo, / descendendo sin parar, / desde o desexo ao pecado/ a toda presa se vai."*

Cometamos nós o pecado de pensar libremente, como ela fixo en vida, e atentemos contra a hipocrísia burguesa e colonial que a ten secuestrada por pecadora.

Aínda o segue a estar, pero moito menos.■


Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria

(a persoa e a obra de ante a nosa)

Francisco Rodríguez

PUBLICIDADE

PROXECTOS PARA ORIENTAR APRENDIZAXES EN ESCOLAS ABERTAS ORIXINAIS FLEXIBLES




AS VACAS

O CORPO HUMANO

O ESPAZO

EDUCACION INFANTIL

ANAYA



Actualizar o discurso, modernizar a Fundación

Anxo Angueira

Presidente da Fundación Rosalía de Castro
angueira@uvigo.es

O ano 2013 é un ano especialmente importante para a Fundación Rosalía de Castro, que quere contribuír á conmemoración do sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos*. Son para nós estes cento cincuenta anos os que dura un proxecto iniciado coa publicación do libro e asociado á súa autora, o proxecto no que seguimos xeración tras xeración: o de recuperación da dignidade e da liberdade para Galicia, para a súa cultura e para a súa lingua. A propia Rosalía de Castro era consciente ó publicar esta obra en 1863 que estaba contribuíndo ó nacemento dunha época nova para Galicia, por iso

a “Alborada” final do libro, un texto simbólico que contén un esconxuro contra a noite secular en que viviamos e un saúdo alegre e optimista ó novo día, ó novo tempo. A Fundación quixo celebrar precisamente o inicio deste ano Rosalía o día 24 de febreiro, aniversario do seu nacemento, cunha Alborada popular interpretada por grupos de gaiteiros tradicionais ó longo de todo o país e mesmo por todo o mundo.

Con carácter xeral, a Fundación pretende neste 2013 aproveitar as conmemoracións para modernizarse e contribuír á actualización do discurso sobre

Cantares gallegos en particular e sobre Rosalía en xeral. É por iso que realizou unha nova páxina web e comezou a ter presenza nas redes sociais. Mais, sobre todo, dous son os grandes proxectos para este ano: a exposición *No principio foi o verso: Rosalía de Castro* e a remodelación interior e do perfil museográfico da Casa-Museo na Matanza.

A exposición celebrada na Fundación Barrié de Vigo pretende situar esta cidade na xeografía rosaliana: nela foi onde se editou *Cantares* hai cento cincuenta anos. Estrutúrase en varios apartados.

A Rosa e a Oliva: Á sombra da oliveira de Vigo ven a luz os cantos de liberdade de Rosalía e Murguía, que casaran en Madrid en 1858. Ese mesmo ano ela publica un manifesto en defensa da liberdade e da independencia da muller ("Lieders"); ao ano seguinte, Murguía bota á rúa o primeiro libro de texto para escolares galegos. Nesta obra a lingua galega é considerada por primeira vez como un signo de identidade nacional. Nos dous casos, Compañel é xa o editor.

Pensar Galicia en Vigo: A mediados do século XIX, os progresistas de Vigo deciden acoller a unha xeración que está a pensar un país novo. Son os intelectuais que naquel remoto noroeste de España ven un pequeno país de Europa chamado Galicia e traballan pola súa dignidade. Os xornais *La Oliva* e *El Miño* serán os voceiros desta xeración que é a de Rosalía. Vigo é unha cidade en construción, coma o proxecto que aquí nace. Nela viven Rosalía e Murguía uns meses, na rúa Real, na casa da imprenta e redacción de *El Miño*, xornal no que Murguía substitúe temporalmente a Compañel como director. Este é o brinde de Murguía en Vigo: "¡Pola nosa Galicia, polos seus novos destinos; por canto hai nela de bo e fermoso; polas

nosas esperanzas, polos nosos soños de gloria...!"

Do folclore á literatura nacional: O romanticismo descobre o pobo e o seu saber, o folclore. Así o declara Rosalía no prólogo a *Cantares gallegos*, "n' habendo deprendido en máis escola que a dos nosos pobres aldeáns, guiada solo por aqueles cantares...". Non é a única, todos os intelectuais buscan e recollen cantares galegos. Dentro desta recollida e reelaboración ten un papel especialmente simbólico a "Alborada"

O primeiro canto: Toda a súa xeración pedía a aparición dun poeta que escoitase o cantar do pobo. E en 1863 Rosalía canta, supera as expectativas de todos e consegue a primeira obra mestra da literatura galega. Non imita o folclore, úsao, revírao en función do seu ideario, a dignificación do país e das súas xentes. Cos seus *Cantares gallegos* anuncia e constrúe a Galicia contemporánea, o país que somos.

Juan Compañel, o precursor na capital editorial de Galicia: O libro *Cantares gallegos* non existiría sen o enorme talento de Rosalía, sen a teoría e o alento de Murguía, sen a vontade de

editor de Compañel. Formado na imprenta familiar de Compostela, emigrado a Madrid, Juan Compañel (1829-1897) chega a Vigo para incorporarse a *La Oliva* como impresor e ao pouco tempo é xa o seu editor, director e impresor. O seu labor é tamén seguido por Alejandro Chao desde a emigración. E hoxe Vigo segue sendo capital editorial de Galicia.

Unha factoría cultural: A dedicación á literatura, ao xornalismo, á historia... foi sempre a vocación de Rosalía e Murguía, os dous partillan a ambición creadora. Pero ser e vivir como intelectuais non foi doado, e mesmo así tentaron orientar algúns fillos cara á creación cultural. Ovidio comeza a carreira de pintor, Alejandra colabora co pai, Gala, a última descendente, transmite o legado familiar.

A Rosa de cen follas: A difusión da fotografía feita por Sellier marcou en gran medida a percepción de Rosalía. "En el gesto, en la inclinación de la cabeza" Azorín viu "un sentimiento suave, de resignación y conformidad con el espectáculo del mundo..." Nada máis lonxe do "grande atrevemento" que é a obra e a vida dunha muller consciente de selo, dunha intelectual



crítica, dunha galega orgullosa da súa patria. Cunha práctica literaria profundamente renovadora e distante dos círculos literarios españois, en só corenta e oito anos de vida, Rosalía dá a luz a sete fillos, publica cinco novelas e compón cinco poemarios, legando varias obras mestras da literatura universal.

Os pais do país: Se hoxe somos galegos é por obra deles, de Rosalía e Murguía. A Galicia contemporánea non se entendería sen a súa obra. Se temos un parlamento e un goberno, se existen partidos políticos galegos, débese ao esforzo intelectual de Murguía e Rosalía. El sinala o pobo galego como suxeito político, ela configura a lingua galega como signo e símbolo do país que somos. Ao escribir en galego, Rosalía demostra a viabilidade da lingua do país para a creación literaria. Velai o enorme esforzo realizado nunha sociedade na que as clases acomodadas falan e escriben na lingua castelá. Aínda máis, maman o desprezo a Galicia e as aldraxes ao pobo ga-

lego, habituais na cultura española daquel tempo. Pero co seu esforzado empeño, Rosalía dá un froito máis, coloca o centro do mundo na súa terra e crea un novo territorio: a cultura galega contemporánea.

Muller bandeira. Un proceso de mitificación: Algúns galegos non leron a súa obra pero todos coñecemos a súa imaxe e sabemos cantar algúns versos seus. Porque Rosalía converteuse nun emblema da cultura galega, nun proceso que comeza xa co seu pasamento, e que Murguía administra, guía e modela durante os trinta e oito anos que a sobreviviu. Mais a súa figura tivo novas visións: Alborada, paradigma literario da cultura galega, por ela é o Día das Letras Galegas, galaica musa, nai agarimosa dos emigrantes, Terra-Nai, encarnación de Galicia, marca país, bandeira do galego, bandeira das feministas galegas, bandeira de Galicia, muller bandeira, muller canción, "Lieders", cantiga, cantar, rap merengue, jazz, muller música, "Santiña", *Mater gallaeciae*, lai-

ca deusa galaica. "Ben merecés reinar como reinades", magnífica, democrática, soberana.

Algunhas destas liñas básicas desenvoltas na exposición de Vigo serán incorporadas ó proxecto de renovación museográfica para a Casa-Museo da Matanza porque cremos que é necesario modernizar o discurso sobre a autora central da nosa literatura, bandeira e emblema de todo o pobo galego. Modernizar o discurso e modernizar tamén os métodos expositivos a través das novas tecnoloxías audiovisuais, para o que cómpre adecuar as instalacións da casa na que Rosalía viviu os últimos anos da súa vida.

Son proxectos que a Fundación quere levar adiante, coñecedora de que outras persoas, en circunstancias tamén moi adversas e noutras fases históricas, loitaron por preservar e dignificar este espazo que é hoxe un epicentro cultural de primeira magnitude no pensamento e no corazón de toda Galicia. ■



Rosalía de Castro no currículo escolar de educación infantil e primaria



XUSTIFICACIÓN E FINALIDADE DA PROPOSTA

Rosalía de Castro, recuperadora da lingua, creadora da literatura contemporánea e prezado símbolo da Galicia moderna, non pode quedar fóra do currículo. Potenciar o seu coñecemento e o da obra parece imprescindible na formación integral dos escolares de Galicia desde a Educación Infantil. Da súa imaxe aos textos; dos seus libros aos de consulta sobre ela; do descubrimento do uso do seu nome en rúas, prazas ou establecementos á visita aos seus espazos de evocación, a escola pode pro-

gramar actividades concordes co nivel do alumnado.

Os seus textos, de gran valor literario e lingüístico, son tamén fonte de recursos nun pequeno obradoiro literario, nas aulas de música e de educación plástica e visual, na localización e estudo de espazos naturais e artísticos, na elaboración de itinerarios xeográficos vinculados á obra e á autora, na suxestión de moitos textos para a lectura dramática, na memorización de poemas como fortalecemento persoal e colectivo... A palabra de Rosalía fundamenta a educación para a igualdade e a súa pluma comprometida axuda a reflexionar

Helena Villar Janeiro

Mestra e pedagoga xubilada
Experiencia do traballo pedagóxico da
Aula Tres Pitas Brancas da Fundación
Rosalía de Castro
villarjaneiro@yahoo.es



Ofrenda de traballos dun C.P.I. despois da "Festa de Aniversario de Rosalía" (Casa da Matanza). Autora: Helena Villar Janeiro

sobre o desarraigo que padecen "os que noutras terras / tén que buscar pan". O labor pedagóxico con Rosalía ao fondo estimula tamén a implicación familiar e institucional, e o traballo globalizado e interdisciplinar.

Durante a miña permanencia á fronte da Fundación *Rosalía de Castro* creouse a aula *Tres pitas brancas* para poñer a Casa-Museo ao servizo do sistema educativo obrigatorio de Galicia proporcionando ao profesorado material, estratexias, estímulos, orientación e esquemas de traballo para introducir no currículo Rosalía de Castro e a súa obra. Neste traballo expóñense parte das suxestións e as correccións que consideramos deben aconsellarse á vista de tantos traballos presentados aos PREMIOS DE EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS procedentes das aulas de educación infantil e primaria de toda Galicia.

MATERIAIS DE TRABALLO SOBRE ROSALÍA

Os materiais son variados, uns do mercado e outros de doada

realización en talleres dos cursos superiores.

1.- Imaxes

a) Foto dun rostro coñecido de Rosalía colgada na aula, na biblioteca ou noutro espazo de uso común (corredor de tránsito ou un salón multiusos). Rotúlase co nome, lugar e data de nacemento e morte.

b) Puzzles desta imaxe para aprender a reconstruíla. O nivel de dificultade irá aumentando ata usar a estampa familiar tomada na horta da Casa da Matanza.

c) Poden expoñerse portadas e títulos dos seus libros, relacionándoas co seu retrato.

d) Construción de puzzles coas mesmas portadas.

e) Xogos de imaxes (estampas) para xuntar por parellas nas que aparezan imaxes relativas a Rosalía, os libros e lugares cos que se relaciona para estimular o recoñecemento e a asociación.

2.- Mapas e planos

a) Mapa de Galicia para a localización dos lugares vinculados á escritora por nacemento, residencia e viaxes. Nos últimos cursos, localización no mapa España das viaxes extragalegas.

b) Planos para a localización da Casa da Matanza e do Panteón de Galegos Ilustres.

c) Planos da localidade ou do concello, se existe algún un espazo (monumento, rúa, praza, edificio, comercio...) que leve o seu epónimo.

d) Mapa mudo para localizar a Ruta Rosaliana deseñada en 1985.

3.- Bibliografía para lectura e audición

-Helena Villar Janeiro/ Anxeles Ferrer. (2006). *Rosalía*. Padrón: Fundación Rosalía de Castro. (Biobibliografía rosaliana para primeiros lectores).

-Rosalía de Castro/ Fausto Isorna. (2007). *Vente, rapasa*. Padrón: Fundación Rosalía de Castro. (Poema exento de *Cantares gallegos*, editado como libro infantil para primeiros lectores).

-Marilar Aleixandre et alii/ David Pintor et alii. (2009). *Quen casa ten de seu*. Padrón: Fundación Rosalía de Castro. (Cinco contos ambientados na Casa de Rosalía que aproximan o alumnado á escritora, á súa familia e á época na que alí viviron).

-Rosalía de Castro. (2012). *Antoloxía para a infancia*. Padrón: Fundación Rosalía de Castro. (Breve antoloxía dos tres grandes poemarios da escritora presentada como libro infantil).

Pertencen á colección *Tres pitas Brancas* creada para integrarse nas lecturas habituais destas idades. Achegan de xeito lúdico o alumnado de educación infantil e primaria á Rosalía e á súa obra.

-Uxía. (2013). *Rosalía pequena*, libro-disco. Vigo: Galaxia. (Antoloxía de poesía rosaliana).

Existen, ademais, abondosas gravacións de poemas rosalianos convertidos en cancións con variada tipoloxía musical: clásica, tradicional e das últimas tendencias.

O alumnado pode recoller entre os habitantes da súa contorna poemas rosalianos para contrastar cos orixinais, así como información sobre a escritora e incluso buscar libros seus na propia casa e contar como chegaron alí.

METODOLOXÍA

O tratamento da vida e obra de Rosalía pode abordarse desde actividades e procedementos varios. Aquí ofrecemos suxestións xerarquizadas por dificultade para que poidan adaptarse a diferentes etapas e niveis.

Biografía da autora

Cómpre ter a prudencia de poñer o alumnado en contacto coa vida da escritora rompendo a tendencia a relacionala coa traxedia e o pranto porque, segundo o estudo e a investigación da súa obra, son máis froito da mitificación que da realidade.

Obra

O coñecemento da obra empeza por ler e os textos. Rosalía escribe prosa de calidade e pensamento avanzado. Non obstante, poñemos énfase nos seus poemarios, polos que é máis coñecida e por teren extraordinaria importancia na recuperación idiomática, na denuncia das inxustizas sociais e na preocupación polas mulleres.

Algúns poemas necesitan contextualización, como os que falan de Castela, para que o alumnado valore a denuncia da explotación e non os interprete como xenofobia.

a) Lectura de poemas

Profesorado:

-Empezarán coa lectura en voz alta do profesor ou profesora, marcando os acentos versais para que o alumnado perciba a musicalidade, con especial coitado nas formas verbais irregulares (levás / levas...) e nas reducións e contraccións de palabras ("ña Terra" ou "na mulleriña"), conservando a sonoridade orixinal, as sílabas e a acentuación.


-Explicaranse as palabras descoñecidas para o alumnado pola súa forma ou porque caeron en desuso.

Alumnado:

-Tanto a lectura individual como a colectiva fortalecen outras aprendizaxes. A colectiva pode ser coral ou sucesiva, tanto de forma lineal, por estrofas cando só hai unha voz lírica e o poema é longo, como por papeis en lecturas dramatizables con varias voces.

b) Comprensión e interpretación de poemas

Hai niveis de comprensión dun texto poético, desde a percepción máis lúdica e sonora ao intento de desentrañar o seu contido. Algún texto rosaliano non é de doada interpretación. Pero o alumnado pode deixar plasmada a emoción que lle



Unha nena participa co libro infantil *Rosalía* nun maratón de lectura da escritora. Autor: Luís Ordóñez Gonçalves.

xera a lectura de varias formas expresivas.

Podemos falar de actividades non lingüísticas:

-Expresión plástica en calquera modalidade, incluída a banda deseñada.

-Expresión corporal mímica ou danza conxunta.

En ambos apartados faise necesaria a colaboración da clase de educación plástica e visual.

-Expresión musical. De forma persoal ou colectiva, pódense crear fragmentos musicais –ritmo e melodía– que expresen a pegada da lectura dun poema.

-Tamén se poden adaptar os versos a melodías preexistentes.

En ambos apartados faise necesaria a colaboración da clase de música.

E de outras lingüísticas:

-Preguntas e respostas sobre o contido, tanto orais como escritas.

-Suxestión de respostas para elixir a verdadeira ou a que defina mellor o seu contido.

-Creación doutro texto poético, con axuda do profesorado para buscar unha estrutura que poida repetirse, facilitando a composición.

-Creación de poesía libre e persoal, con ou sen rima.

-Narración dunha noticia na que entre, dalgún xeito, o contido do poema.

-Conversión do poema en relato.

-Buscar titulares ou textos de prensa, en páxinas preseleccionadas polo profesorado, que garden relación co contido do poema.

-Redacción dunha carta á autora sobre o poema na que se poden incluír preguntas e opinións.

-Resume dun poema en dúas ou tres palabras que poidan servir de título.

c) Memorización

Para o cultivo da memoria persoal e colectiva, a aprendizaxe de poemas resulta un magnífico exercicio. O pobo memorizou moitos poemas rosalianos ata o punto de ser tidos por populares algún dos seus versos e atribuídos á súa autoría as estrofas populares coas que inicia os *Cantares*. Sen pretender crear rapsodas, na memorización e reprodución dos poemas deberemos ter en conta aspectos importantes:

-Corrección dos erros de aprendizaxe que puidesen producirse na lectura ata fixar fielmente o texto.

-O esmero na pronunciación e no ritmo.

-A velocidade lenta.

-A vivencia do sentido do poema que debe manifestarse a través da voz e na postura corporal.

ESCOLMA POÉTICA

Non é doado facer unha escolma poética de Rosalía e menos cando se selecciona pensando no alumnado máis novo. O seu poema máis lúdico é "Vente rapasa" (*Cantares gallegos*) moi longo para memorizar completo. "Vamos bebendo" ten tamén un nivel de lectura infantil. Pero pode collerse unha parte con significado de calquera poema longo. Nós facemos esta proposta, con partes de poemas fragmentados pola autora e pretendendo representar minimamente a súa obra. O profesorado valorará a súa oportunidade ou fará unha selección *ad hoc* para a súa aula.

Cantares gallegos:

- Has de cantar (I)
- Miña Santiña
- Campanas de Bastabales (I)
- Adiós ríos, adiós fontes
- Airiños, airiños, aires
- Vente rapasa

Follas novas:

Vaguedás

- Daquelas que cantan
- Follas novas, risa dáme
- Unha vez tiven un cravo

Do íntimo

- Grilos e ralos, ras albariñas
- Abride as frescas rosas
- De balde
- Cando penso que te fuche
- A xusticia pola man

Varia

- Vamos bebendo
- Chirrar dos carros da ponte
- Decides que o matrimonio
- Tembra un neno no húmido pórtico

Da terra

- ¡A probiña xa está xorda!

- Xan

(Estes poemas inclúense pensando na lectura dramatizada)

As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos

- ¡PRA A HABANA!
- Tecín soia a miña tea
- Foi a Páscoa enxoita
- Non coidarei xa os rosales ■

A experiencia dun roteiro rosaliano no ensino



Neste artigo trataremos de amosar a experiencia dunha visita didáctica aos mundos da nosa insigne escritora Rosalía de Castro, aos contextos vitais que tanto influíron nas súas obras. En ningún caso se pretende que esta experiencia sexa única, senón un intento de amosar múltiples posibilidades de achegarse ao seu mundo e á súa obra. Do que se trata é de asomarse a algunhas xanelas dende as cales poderemos enfocar unha visita didáctica dependendo da idade do noso alumnado e do curso en cuestión.

NOTA: Dado que o contido completo do presente artigo

non é posible publicalo nunha revista destas características, remitímosvos á páxina web da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega, AELG, onde o poderedes ler enteiro: www.aelga.org/espazodidactico. Sinallamos cun asterisco * todos os apartados onde está ampliada a información.

O QUE IMOS PRESENTAR

Estruturaremos o presente artigo en varios apartados. Por unha banda, comentaremos un chisco posibles lugares a visitar, o que nos ofrecen estes e a relación que teñen con certos poemas da autora. Pola outra, mencionaremos outras posibi-

Antón Amil

IES Ramón Otero Pedrayo (A Coruña)

antonamilga@edu.xunta.es

lidades interdepartamentais e interdisciplinares de interese didáctico*. E para finalizar, exporemos unha experiencia real con alumnado de 3º da ESO nunha xornada escolar de 10 horas aproximadamente dende o momento da saída do centro ata a hora de volta ao mesmo, e reproduciremos textualmente algúns dos comentarios posteriores do estudantado, en canto ao interese e aprendizaxe acadados, que nos poden servir de referencia en canto ás súas aprendizaxes. Con esta visita estamos preparando un dos temas do currículo de 3º de Lingua e Literatura Galega dende unha perspectiva que nós consideramos moito máis interesante e atractiva para o alumnado.

PREPARACIÓN PREVIA

Antes de comezar con calquera tipo de visita cremos que na aula se debe facer un **achegamento previo** á autora en cuestión. Isto pode pasar por falar un pouco (segundo o nivel) da importancia de Rosalía de Castro e da súa obra no panorama literario galego e universal, para esperar a curiosidade do alumnado*. Ademais da explicación, podemos ler e comentar algúns poemas que nos interesen e amosarlle algunhas imaxes tiradas da internet referidas a lugares rosalianos emblemáticos: Santiago, Madrid, Simancas, A Coruña... e outras que visitaremos no momento de levar a cabo a actividade, como poden ser a estatua da Alameda de Santiago, a Catedral, San Domingos de Bonaval, así como Ortoño, Bastavales, Lestrobe, Arretén ou a Casa-Museo de Matanza en Padrón. Á parte destas imaxes tamén se poden pasar algúns vídeos (Youtube) sobre a súa figura e a interpretación musical de distintos poemas por parte de grupos actuais como Amancio Prada, Luz Casal, Najla Shami.... *

Nesta primeira fase presentámoslle ao alumnado o itinerario

que temos pensado percorrer e irémolo relacionando cos aspectos biográficos da autora e coa temática de certos poemas. Irémonos achegando ao significado de ditos textos para facilitar a comprensión dos mesmos, mais deixaremos algunhas xanelas abertas para que os propios alumnos e alumnas vaian pechando *in situ* cando realicen a visita.

O profesorado realizará unha escolma daqueles poemas que teña pensado ler ou traballar co seu alumnado durante o itinerario. Ditos poemas pódenselle dar ao alumnado antes da visita para que os lea previamente e, por parellas ou pequenos grupos, prepare un breve comentario dos mesmos, comentario que exorará posteriormente nos lugares que se visiten, aínda que nalgúns, por ser espazos abertos e con moito ruído, é difícil tirar un bo aproveitamento das súas explicacións; por iso case se recomenda que sexan exposicións ou lecturas breves, agás nos espazos máis recollidos como o Panteón de Galegos Ilustres, a Alameda, Bastavales, A Casa-Museo da Matanza, etc. Porén, pódese prescindir dos comentarios dos poemas por parte do alumnado e limitarse a que lea *in situ* os textos, preparados previamente, para que o recitado teña certa calidade, e que o profesorado explique as relacións que o poema en cuestión ten co lugar no que se está nese intre. Mesmo cabe outra posibilidade que consistiría en pedirlles a cada parella ou grupo que preparen previamente a información sobre o lugar que vaiamos coñecer e os textos que lles reciten aos seus compañeiros para presentarllelos no devandito lugar. Deixamos a libre opción a planificación a seguir.

Todo este procedemento tamén o poden seguir outros departamentos didácticos no caso de decidir realizar esta actividade de xeito interdisciplinar. Terían

que seleccionar os seus propios temas de interese e cremos que departamentos como Xeografía e Historia, Ciencias Naturais ou Literatura Española lle poderían tirar proveito, á parte, por suposto, do de Normalización Lingüística, con quen recomendamos facelo sempre*.

En canto aos lugares rosalianos que lle poden interesar ao departamento de Lingua Galega, en Santiago estarían algúns como o Panteón de Galegos Ilustres e mesmo o Museo do Pobo Galego en Bonaval, así como un percorrido polo convento de Santo Agostiño, a Praza do Obradoiro, a Catedral, a rúa do Vilar, Porta Faxeira, IES Rosalía de Castro, Alameda (monumento a Rosalía) e a praza de Vigo, mais o número, a orde e o itinerario a percorrer dependerán sempre de cada centro segundo os intereses, o tempo e as actividades que leve programadas.

Fóra de Santiago poderíase visitar Ortoño, o val de Amaía de camiño a Bastavales e Padrón, e aquí, a Casa da Matanza, a rúa Xoán Rodríguez, o monumento do Espolón, a praza de Macías o Namorado, o cemiterio de Adina, o pazo de Arretén e o de Lestrobe, malia que estes derradeiros lugares hoxe son propiedade privada destinados a turismo rural e hai que solicitar permiso aos seus propietarios para poder acceder, aínda que non adoitan poñer pexas. Mais abranguelos todos nun día é imposible, de aí que se deba facer unha escolma previa dos mesmos que permita realizar o itinerario nunha xornada, e pórse en contacto coas institucións ou responsables dos lugares dos que necesitamos permiso para a visita, acordando o día e a hora en que é posible desenvolverla.

DESENVOLVEMENTO DA VISITA A ESPAZOS ROSALIANOS

Despois de todo isto, paso a describir a miña experiencia ao longo de varios anos no desenvolvemento desta actividade co alumnado de 3º da ESO.

A semana previa á viaxe elaboramos un cuestionario para que o alumnado o resolva por parellas durante o percorrido e facemos a escolma de poemas que imos ler; seguidamente seleccionamos o texto e a persoa que vai recitar en cada lugar. Repartímolos o día anterior para que o cadaquén o prepare e asegurámonos que ao día seguinte non sexa esquecido na casa. Isto mesmo tamén o facemos cando o alumnado ten que presentar os lugares a visitar. O día da saída, no autobús, entregamos o cuestionario que cada alumno ten que resolver durante a visita e recollémolo no autobús á volta.

Chegado o día, tratamos de combinar o que sería un itinerario lóxico seguindo lugares significativos na biografía da Rosalía coa realización máis factible segundo o tempo dispoñible. Do que se trata é de reflexionar sobre como puideron influír estes lugares e estas paisaxes na súa obra e observar a identificación entre a autora e Galicia. Nós comezamos a nosa visita en Santiago de Compostela, en concreto na **praza de Vigo**, para descubrir o lugar do seu nacemento.

Alí comentamos que Rosalía naceu nunha casa das Barreiras, un barrio de Santiago que lindaba co que se chamaba *Camión Novo* -hoxe rúa Rosalía de Castro en honor á autora- pegado aos campos de Cornes, San Xosé e Ramírez. Aquí, diante do monumento a Rosalía, lemos o poema de *Follas Novas* titulado "En Cornes" ou parte del. (I: "Fermoso campo de Cornes/ cando te crobes de lirios/ ...") (II:



Cruceiro de Ramírez que te ergues solitario/ ...").*

De aquí trasladámonos andando pola rúa Rosalía de Castro ata a **Alameda**, onde se atopa o paseo da Ferradura, chamado tamén de Bóveda ou das Letras Galegas, e no que se ergue o monumento adicado á nosa autora. Nel non só aparece a súa figura senón tamén os títulos dalgúns obras así como varias placas e ofrendas de distintos organismos nacionais e internacionais. Aquí, arredor da estatua ou no balcón da Alameda adoptamos ler parte do poema de *Follas Novas* titulado "San Lourenzo" mirando a ese lugar*.

A continuación imos camiñando cara á Porta Faxeira e no **miradoiro da Alameda sobre a catedral** facemos outra pequena parada para contemplar a xoia arquitectónica que temos diante. Aquí aproveitamos para ler parte do poema "O toque da alba" ("Da catedral campana/ grave, triste e sonora/ ..."). * Este é un bo lugar para falar da importancia de Santiago na súa vida e na súa obra, pois foi fonte de inspiración e lugar no que estudou e viviu algunhas tempadas.

Seguindo o noso percorrido pasamos por diante do IES Ro-

salía de Castro, antigo colexio de San Clemente de Pasantes que albergou a *Real Sociedad Económica de Amigos del País* onde Rosalía estuda * cando chega de Padrón coa súa nai en plena adolescencia. Nesta etapa tamén estudou no Liceo da Xuventude no convento de Santo Agostiño*. Alí coincidiu con outros estudantes que tiveron grande repercusión na nosa cultura como foron o seu futuro amigo Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal e posiblemente Manuel Murguía, aínda que non o tratase persoalmente por entón. Estando en Santiago viviu experiencias felices e amargas. Residiu en varios lugares que podemos percorrer: Porta Faxeira, rúa do Vilar, rúa dos Bautizados, praza de Mazarelos, pazo de Amarante, rúa da Senra, etc. Nós recomendamos dirixirnos cara á catedral pola rúa do Vilar ata Praterías (alí pódese recitar parte do poema de *Follas Novas* "Na Catedral") e saír pola praza do Obradoiro para lembrar o lugar de bautismo -Hospital Real, hoxe Hostal dos Reis Católicos- para xirar despois cara á praza de Cervantes e dirixirmonos ao **Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval**.

Alí lembraremos o traslado dos seus restos mortais dende o ce-

miterio de Adina e recitaremos o poema que abre a segunda parte do libro *Follas Novas*, ¡Do íntimo!, titulado “Adiós” no que fai unha triste despedida de todos aqueles lugares santiagueses que ela tanto amaba porque teme que a vida non lle permita volver a velos: (“Adiós montes e prados, igrexas e ...;/ adiós Sar e Sarela .../ adiós Vidán alegre,...; Conxo, ...”).*

Neste mesmo lugar aproveitaremos para loar as figuras das nosas letras que alí descansan, dende Alfredo Brañas a Francisco Asorey ata Ramón Cabanillas, Domingo Fontán e, por suposto, Castelao.

Tamén pagaría a pena visitar o Museo do Pobo Galego*.

Rematada a visita a Santiago deberíase pasar polo **Castro de Ortoño** para seguir o periplo vital da nosa autora e ver a casa na que viviu de nena coas súas tías paternas e a placa da fundación do Seminario de Estudos Galegos que alí se colocou en 1923 en homenaxe a Rosalía. Aquí falaríase da importancia

deste Seminario, mais a falta de tempo fai que nos dirixamos a **Bastavales** para chegar a xantar alí*. Despois de xantar visitaremos a igrexa e escoitaremos o maravilloso son das campás da torre, o mesmo son que Rosalía escoitaba cada día dende Ortoño, onde viviu a súa nenez. Para iso necesitamos pedirlle ao cura que avise ao campaneiro para que acuda a tocar ese día a esa hora*. Despois de escoitar o toque das campás -e de darlle algo ao campaneiro como agradecemento- distintos alumnos e alumnas lerán o poema intimista “**Campana de Bastavales**”, ben no adro da igrexa albiscando Ortoño alá ao lonxe e contemplando o val de Amaía no que se situaba o “muíño dos castañares” -hoxe un eucaliptal- ao que Rosalía fai referencia no poema “Adiós ríos, adiós fontes”, ou ben, se chove, léndoos dentro da igrexa*.

Se en Santiago non puidésemos realizar a visita ao Panteón de Galegos Ilustres polas pexas que pon o Arcebispado para autorizala e chegásemos máis

cedo a Bastavales, mais non quixésemos xantar alí senón en Padrón, recomendaría facelo ao aire libre no Santiaguíño do Monte, dende onde hai unhas fermosísimas vistas sobre Padrón e a veiga de Lestrobe, e alí tampouco habería riscos para o alumnado.

De aquí baixaremos á vila, cruzaremos a ponte sobre o río Sar e comezaremos a visita na **estatua do Espolón** que se atopa ao pé da igrexa de Santiago onde está o *Pedrón* do Apóstolo (*ara romana*) que deu nome a esta poboación.

En fronte deste monumento daremos lectura ao poema de *Follas Novas* “**Pra a Habana**” no que percibimos o sufrimento producido pola emigración. Leremos tamén “**Estranxeira na súa patria**” (“Na xa vella baranda/.../ foise a sentar calada e tristemente/ fronte do tempo antigo./ ...”).*

Seguidamente atravesamos a vila pola praza de Macías o Namorado, a rúa Xoán Rodríguez -antiga estrada xeral a Santiago- onde tamén viviu Rosalía, segundo consta nunha placa dunha casa desta rúa. Seguimos -a pé ou en bus- por diante do xardín botánico cara á **Casa-Museo de Rosalía** no lugar da Matanza.

Alí realizamos a visita, previamente concertada, que dura uns 45 minutos por grupo -que non pode superar os 25-30 alumnos/as-. Unha das guías do Museo amosaranos o perfil de Rosalía como muller intelectual galega e explicaranos o que hai nas distintas salas da planta baixa, indicándonos que fagamos nós a visita por libre da cociña, cos utensilios e mobiliario típicos da época, e do primeiro andar, onde se sitúan os cuartos, tanto o das fillas como o seu, a sala principal na que recibían as visitas e o despacho-biblioteca de Murguía no que aparecen algunhas cartas e notas manuscritas do matrimonio*. Nas salas



do baixo atopamos a primeira adicada á súa biografía, fundamentalmente, con fotos familiares, partida do bautismo, algunha primeira edición das súas obras, árbore xenealóxica, etc. Na seguinte temos máis primeiras edicións doutras obras súas, e libros de ensaio e de crítica sobre a súa literatura. A seguinte era unha sala de ofrendas de agasallos de institucións tanto galegas como foráneas, mediante a que se pode observar a importancia de Rosalía tanto a nivel nacional como internacional, mais na actualidade estase transformando nun espazo no que se amosa como se foi modificando a vivenda.

Fóra, na Horta da Paz da Casa ou no balcón da mesma casa, aproveitaremos para realizar unha breve disertación do que foron os derradeiros anos da súa vida, e daremos lectura aos poemas de Follas Novas "Cando penso que te fuches" no que apreciamos todas as pantasmás e medos que Rosalía arrastrou durante toda a vida provocándolle unha grande angustia, e "Miña casiña, meu lar"/ ¡cantas onciñas/ de ouro me vals!". Neste último poema vemos as penurias económicas e físicas do labrego galego e a crítica da autora á insolidariedade e á incompreensión social.

Despois desta visita e dependendo do tempo que nos quede para volver, decidiremos se visitamos o pazo de Arretén ou o pazo de Lestrobe, nos que Rosalía viviu algunhas tempadas e nos que mesmo escribiu parte das súas obras*.

De non realizarmos ningunha das visitas anteriores, marcharemos dende a Casa da Matanza ata a igrexa da Santa María de Iria para visitar o cemiterio de Adina, onde estivo enterrada Rosalía dende 1885 ata 1891, ano no que os seus restos foron trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres de Santiago*.



Neste lugar recitaremos a segunda parte do poema "Padrón...! Padrón!/ Santa María... Lestrove.../ Adiós!, Adiós!" (O simeterio de Adina/ n'ai duda que é encantador,/ ...). O texto déixanos translucir o amor e os recordos que lle trae este cemiterio, malia que neste momento, ao final da súa vida, o feito de pensar nel lle produza verdadeira angustia.

Deste xeito finalizamos a actividade no lugar onde Rosalía finalizou a súa vida e regresaremos ao noso centro; mais antes de baixar do autobús pedirémoslle ao alumnado que nos entregue cuberto o cuestionario que lles repartimos pola mañá antes de partir.


CONCLUSIÓNS

Despois do desenvolvemento da actividade comprobamos que o alumnado entende moito mellor a obra de Rosalía e considéraa moito máis próxima. Le a súa poesía dun xeito máis persoal e atractivo porque comprende mellor as influencias que a motivaron e a importancia da súa obra literaria para a nosa cultura. Fica cunha experiencia vivencial que non esquece malia o paso do tempo e é por isto polo que recomendamos estas actividades e solicitamos apoio á administración para poder realizalas, pois as circunstancias

vividas nos centros ultimamente fanas cada vez máis difíciles.

E para rematar non hai nada mellor que os propios versos da autora que pechan o libro *Cantares Gallegos*: "Eu cantar, cantar, cantei,/ a grasia non era moita,/ que nunca (delo me pesa) fun eu meniña grasirosa./ Cantei como mal sabía/ dándolle reviravoltas/ cal fan aqués que non saben/ dereitamente unha cousa./ ...".

A reprodución textual dalgúns comentarios que o alumnado escribiu ao día seguinte sobre o roteiro, un posible cuestionario sobre o propio roteiro rosaliano, así como teléfonos e enderezos de interese poden ser consultados no sitio web da AELG (www.aelga.org/espazodidactico).■



Coñecer a Rosalía de Castro no IES "Pintor Colmeiro"

Gracia Santorum

IES Pintor Colmeiro (Silleda)

graciasanctorum@gmail.com

trafegandoronseis.blogspot.com

Como lograr que un centro participe nunha homenaxe? Non semella doado que todo o alumnado entenda o por que, nin que se achegue a uns textos que, *a priori*, poderían parecerlles demasiado afastados. Así que as propostas comezan a voar e o maxín dispárase. Logo, hai que aterrar e enfrontarse ao día a día dun centro de ensino, coa súa problemática e os diferentes xeitos de entender a educación.

A primeira fase é sinxela: traballar co alumnado a quen se lle dá aulas. Así, xorde a iniciativa en 1º de Bacharelato: aprenderán un poema entre todos e todas

para recitalo de memoria para o resto do centro e participar na iniciativa proposta da AELG. O primeiro farallón, solucionado.

Pero queremos algo especial. Algo que non fagamos a cotío. Algo que nos encha de ledicia. É entón cando as nosas miradas se dirixen cara a un alumno que vén de chegar ao centro, un alumno tímido, foráneo, que se enfronta ao noso mundo por primeira vez. Case non lle coñecemos a voz, fala baixiño e integrouse aló ao fondo, lonxe da mesa do profesor/a, para pasar desapercibido. Sabemos dende hai un par de meses que toca a guitarra e que converte

a súa voz en cancións melodiosas. Así que, por que non?; achegámonos para comentarlle unha iniciativa especial: quererá achegarse á nosa poesía, á nosa poeta universal, e converter un dos seus poemas en canción orixinal?


E así é como César Castillo Sanabria, de 1º de Bacharelato, inmigrante, natural de Asunción (Paraguai), seis anos vivindo en Málaga e só uns meses en Galicia, non dubidou en coller a guitarra e o vídeo e gravar esta canción sobre o poema de *Cantares Gallegos*: "Quixente tanto meniña":

<http://silledaasferreiras.blogspot.com.es/2013/02/quixente-tanto-meniña.html>


Así que xa temos dúas actuacións concibidas para o Día de Rosalía. Pero queremos máis. Queremos que o alumnado lea a Rosalía. Queremos que o alumnado de ciclos *sinta* a Rosalía. Queremos que todo o profesorado *saiba* que esta é unha data importante.

E así achegámonos ao profesor de Debuxo. Temos unha proposta: a teor do poema "Adiós ríos, adiós fontes", emprazámolo a converter o vestíbulo do centro nun río onde os cons son poemas ilustrados e as augas son letras dos seus poemas. Esa é a nosa proposta. Pero a creatividade vén da súa man e en lugar dun "río" teremos unha "fonte", aproveitando os descansos das escaleiras e a luz que entra de fóra, a ferverza de poemas, de ilustracións... realizadas polo alumnado de 1º, de 3º e de 4º de ESO atoparase alí. Xa temos case todo o centro lendo a Rosalía!!!

<http://silledaasferreiras.blogspot.com.es/2013/02/dia-de-ro-salia-2013.html> ■



Unha imaxe dos apuntamentos que houbo que realizar previamente para a confección do mural.



Comezando a preparar o mural co alumnado de 4º de ESO.



Ademais, todo o centro estará cheo de poemas de Rosalía, e os seus libros campan no vestíbulo e todo convida a lela e a gozala.

Adios rios, adios fontes

Adios rios, adios fontes...A estrofa de 1861 que desapareceu logo

Xesús Alonso Montero¹
Presidente da RAG

Títúlase “Adios, que eu vou-me” e publicouse por primeira vez nunha revista madrileña, *El Museo Universal*, o 24 de novembro de 1861. Ó ano seguinte reproducíuse en dúas ocasións: en *Galicia. Revista Universal de este Reino* (agosto, 1862) e na colectánea *Álbum de la Caridad*. É o poema que pasa á primeira edición de *Cantares Gallegos* (Vigo, 1863) co número 13, onde non só carece de título, senón que se encabeza cun coñecido cantar popular que a escritora (e o editor) transcribe en cursiva, para diferenciar eses catro versos do verdadeiro poema orixinal, no que Rosalía de

Castro glosa o cantar do pobo. É este:

Adios rios, adios fontes;

Adios, regatos pequenos;

Adios vista dos meus ollos:

Non sei cando nos veremos.

No poema, un emigrante despídese do que máis quere da súa “terra” natal: da “hortiña”, das “figueiriñas que prantei”, da “igrexinha do lugar”, “das amoriñas das silveiras / que eu lle daba ó meu amor”, das “herbiñas do campo santo, donde meu pai se enterrou”, da “Virxe da Asunción”...e da súa amada (“adios tamén, queridinha”). Des-

¹ Para os compoñentes do Grupo Galego de Salamanca que organizaron contra fins de 1971 unha magnífica e eficaz xornada rosaliana na que recadamos tres mil pesetas para a restauración da Casa de Rosalía de Castro. Antón Costa estaba alí, entre outros.

pídese de todo o que ten que ver con traballos entrañables, coas devocións, coas dádivas do amor no medio rural, coa lembranza dos seres queridos que nos deixaron... e todo está formulado de tal xeito que é moi difícil atopar na obra rosaliana de tema migratorio un poema máis fermoso, máis conmovedor e máis calidamente enraizado no "humus" vital de quen, por circunstancias económicas se ve forzado ó éxodo, á emigración.

Rosalía explicita a circunstancia económica:

v. 29 *mais son probe , malpocado!*

a miña terra, n' é miña,

que hastra lle dan prestado

a beira por que camiña

v. 33 *ó que naceu desdichado.*

Este mozo campesiño está farto de "traballar para o inglés"; de traballar nunha terra que non é súa, que é dun amo que lla arrendou. Daquela aínda se estaba moi lonxe da redención dos foros, legal desde 1926. Feita esta incursión de cinco versos no tecido socioeconómico, o emigrante volve ó seu laio, ás súas queixas:

v. 34 *Téñovos, pois, que deixar,*

hortiña que tanto amei

fogueiriña do meu lar,

arboriños que prantei,

v. 38 *fontiña do cabañar.*

Así, é como se leu o poema nas dúas edicións de 1962 e en todas as edicións de *Cantares Gallegos*, que son moitas desde 1863; agora ben, na primeira edición, a de 1861, o poema contén unha estrofa que Rosalía omite, tanto na primeira edición de *Cantares* (1863), como na segunda (1872), circunstancia que teñen sinalado varios estudosos, desde que Alberto Machado da Rosa se decatou desta omisión en 1957. Na edición de 1861, a estrofa en cuestión era:



Alonso Montero amosa a personalidade de Rosalía de Castro a un grupo de nenos na exposición da Fundación Barrié para conmemorar os 150 anos da publicación de *Cantares Gallegos*. Fotografía: Óscar Vázquez (La Voz de Galicia)

v. 34 *Por xiadas, por calores,*

desde que amañece o día,

dou á terra os meus sudores,

mais canto esa terra cria

v.38 *todo... todo é dos señores.*

Cómpre supoñer que foi Rosalía quen decidiu excluír esta estrofa, sobre todo cando incorporou o poema ó libro *Cantares Gallegos* (nas edicións de 1862 tamén anda a man de Antonio de la Iglesia). Non temos noticia de que a supresión se deba a algún organismo censorio da época, organismo que sería incoherente coa estrofa anterior, non menos problemática para os custodios da orde establecida ("a miña terra n' é miña"). Eu penso que Rosalía, na estrofa suprimida, volve, con outras palabras, ó contido da anterior ("... todo é dos señores"), e penso, tamén, que os novos cinco versos non igualan, esteticamente, os cinco precedentes.

Cal é pois a conclusión, a miña conclusión, sobre a eliminación destes cinco versos? Se os investigadores do futuro non aducen un documento censorio da época —que eu, dificilmente, imaxino— imponse pensar que foi Rosalía, *motu proprio*, a responsable desta supresión. Fíxoo por



cautela política, se é que lle parecía moi forte a denuncia formulada no verso "...todo é dos señores"? Eu sigo pensando que, na estrofa non eliminada, a denuncia non é menor en versos como "a miña terra n' é miña"; por conseguinte, os motivos da eliminación teñen que ser, forzosamente, estéticos. As causas socioeconómicas da emigración enúncianse —e denúncianse— eficazmente —con eficacia literaria— nos cinco versos nunca eliminados. Gracián e Azorín predicaron, na teoría e na praxe, a brevidade ■.



Rosalía de Castro: do currículo á aula

Mercedes Queixas Zas

CPI Alcalde Xosé Pichel (Coristanco)

queixaszas@edu.xunta.es

De activarmos o buscador polos Decretos que establecen o currículo escolar das diferentes etapas educativas, obrigatorias e posobrigatorias, comprobaremos que o epicentro do encontro-descuberta do alumnado co estudo da obra rosaliana se demorará até 3º de ESO. Será neste nivel cando Rosalía de Castro se erga na súa máxima expresión como escritora fundacional da literatura galega contemporánea, en pleno Rexurdimento literario e cultural, acompañada doutros dous escritores senlleiros: Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez.

Con todo, sería un erro permitir que a escola non abrise as portas á luz do pensamento e da expresión poética e prosística rosaliana desde moito antes e non facilitase un achegamento a unha figura tan referencial lingüística, literaria e culturalmente para nós. A obra rosaliana é un magnífico pretexto para dar resposta aos principais fins curriculares da educación primaria: *adquirir habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura (...) ao sentido artístico, á creatividade, mais tamén da secundaria cando nos demanda lograr que o alumnado*

adquira os elementos básicos da cultura.

Uns fins que se concretarán na marcación de obxectivos distribuídos en áreas con carácter global e integrador, na primeira etapa, e máis específico na segunda.

Algúns dos obxectivos aos que o traballo na aula coa obra rosaliana poderá contribuir, ora na etapa de formación obrigatoria, ora posobrigatoria, serían:

- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e desenvolver hábitos de lectura.
- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural (...) Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio dese dereito.

Asemade, tampouco non perdemos de vista o tratamento das competencias básicas ás que a prosa e máis os versos rosalianos ben poderán contribuir. Desde a nuclear e transversal competencia en comunicación lingüística (ora en castelán, ora en galego) que contribuirá para desenvolver no alumnado, por unha banda, a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de



representación, interpretación e comprensión da realidade e, pola outra, as habilidades para se comunicar, dialogar, escoitar, expoñer e declamar, interaccións verbais.

Ler, escribir e reescribir a poética rosaliana, acceder ao seu cómputo silábico e rítmico, interactuar co seu medio natural físico, sen esquecer a súa recepción desde canles musicais, plásticas, audiovisuais e dixitais, contribuirá a fomentar a capacidade de desenvolver habilidades alicerzadoras no *continuum* do proceso de aprendizaxe significativa e sementada no humus cultural inmediato.

O pasado 24 de febreiro, Día de Rosalía, así recoñecido no calendario do libro e da lectura pola Consellería de Cultura e Educación, tivemos oportunidade de coñecer moitas das propostas didácticas interdisciplinares que innumerábeis centros educativos foron quen de visibilizar en diferentes portais ou plataformas dixitais. Boa parte delas centradas na conmemoración especial deste 2013 en que se cumpre o sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos*, libro fundacional e inaugurador do noso renacemento que aínda hoxe segue a ter vivencia e actualidade plena, o que provoca que a histórica comunión entre o pobo e a poéti-

ca rosaliana non deixe de verse renovada nas xeracións mozas. Unha completa panorámica de recursos didácticos que os centros educativos veñen pondo en práctica de xeito ben activo ofrécenola o blog das Bibliotecas Escolares de Galicia (<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/508>).

O traballo comprometido dun bo mangado de colexios e institutos permite seguirmos unha enriquecida e plural lectura audiovisual do poemario antes citado, a partir do enfoque cooperativo, nado como resposta a unha iniciativa da AELG (Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega) a cuxo chamado responderon tantos centros que permitiron ofrecer albergados na súa web un total de dúas lecturas de *Cantares gallegos* íntegras, ás que houbo que sumar algún outro poema solto (<http://www.aelg.org/GetActivityById.do?id=282>). Esta mesma web acolleu unha outra gravación coral de versos ben coñecidos da poeta en boca de mulleres, escritoras galegas canda nenas, mozas, vellas representativas da sociedade de hoxe que reproducen unha fresca lectura en clave de presente baixo o título "Todas con Rosalía": https://www.youtube.com/watch?v=g_tEH4K8rqM

O blog da profesora Rosa Salgueiro (<http://www.rosasalgueiro.com/videolit.htm>) achega unha importante recolleita de recursos pedagóxicos para a secundaria e o bacharelato, mentres que desde o blog d'Os poemas do río ofrécesenos unha unidade didáctica que convida Rosalía a entrar directamente nas aulas de educación primaria: <http://ospoemasdorío.com/levamos-a-rosalía-de-castro-a-aula/> ou desde o blog da biblioteca do CEIP "Alexandre Bóveda" se partilla unha actividade en formato LIM que permite interactuar o alumnado e xogar con Rosalía: <http://caracolotola.blogspot.com.es/2012/01/rosalía-de-castro-actividade-lim.html>

Pola súa banda, o blog "Lingua de Alcaían", coordinado polo Departamento de Lingua Galega do CPI "Alcalde Xosé Pichel" de Coristanco, ofrece unha actividade secuenciada ao longo de sucesivas entradas que permi-

ten introducir de xeito iniciático, e polo tanto sen achegamento teórico previo, o alumnado de 3º de ESO na obra rosaliana, co obxectivo último de ser quen de concluír aqueles trazos que han ser os alicerces do estudo sobre a autora: <http://linguadealcaian.blogspot.com.es/search/label/Rosal%C3%ADa%20de%20Castro>

Desde o CPI de Vedra, o alumnado de 4º ESO ofrecen unha nova versión do poema "A xusticia pola man" en atractivo formato lipdub: <http://gzvideos.info/?p=5525>

Finalmente, o portal da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística tamén recolle unha escolma de recursos educativos sobre a vida e a obra de Rosalía de Castro elaborado polos CEIP "Fernández Latorre" (A Coruña), "Wenceslao Fernández Flórez" (Cambre), "Praia de Quenxe" (Corcubión) e "Galán" (Oseiro-

Arteixo), que consta de tres partes: díptico sobre Rosalía de Castro, Exporosalía e Rosalía de Castro en 38 preguntas:



<http://coordinadoraendl.org/entrada.php?paxina=arqweb/recursos/rec173.php> ■

PUBLICIDADE

Hai máis de trinta anos, Adela Turín comezou a publicar en Italia a colección «Dalla parte delle bambine». Moi pronto Esther Tusquets editouna en España como «A favor de las niñas», e converteuna nunha colección de referencia para a coeducación e a igualdade.

Transcorreu moito tempo desde aquela primeira edición, pero hoxe estes libros seguen sendo necesarios.

Adela Turín e Nella Bosnia



Curtas para Rosalía



..E foi tanta a inmensidade do mar, e tanto e seu fulgor, que o neno quedou mudo coa fermosura.

E cando por fin conseguiu falar, tremendo, tatexando, pediu a seu pai:

-Axúdame a mirar!

EDUARDO GALEANO

Para a AS-PG é imprescindible que como pobo contemos con narradores da nosa historia colectiva coas nosas propias palabras. Que non desapareza o tempo mentres outros nos contan a vida. É vital que aprendamos a narrar e facer levedar,

medrar a lingua e construír o que virá. Espidos das nosas palabras só seremos visitantes de panteóns portando ofrendas de flores.

Como homenaxe de vida dun pobo con palabras, as palabras en que quere seguir a narrar, en 2010 cando se cumpren 125 anos do falecemento de Rosalía de Castro, a Asociación Sociopedagóxica Galega convocou o Certame CURTAS PARA ROSALÍA, curtas que na súa edición primeira tiveron como motivo a persoa de Rosalía, as súas obras ou calquera elemento de interese da escritora como tal ou do seu contorno. Con esta iniciativa

M^a dos Anxos González Refoxo

Vicepresidenta da AS-PG

IES Elviña (A Coruña)

anxoma@telefonica.net

preténdese que as potencialidades que se agochan na obra de Rosalía sigan a ser descubertas, que sigan a aparecer novas lecturas. Mais entende tamén a organización do Certame que sendo Rosalía de Castro a figura máis representativa da nosa literatura, homenaxear a Rosalía é homenaxear e divulgar a Literatura Galega.

Cumprida esta primeira edición de honra na segunda e terceira edición do Certame a temática foi ampliada a curtametraxes cuxa temática se centrara, interpretase ou explorase calquera texto de calquera época da Literatura Galega.

É unha constante na traxectoria da AS-PG a súa aposta polo audiovisual como forma de narrar, de accionar. Sendo a literatura e o cinema linguaxes, manifestacións artísticas, experiencias estéticas non opostas, mais si paralelas e perfectamente complementares, opta tamén por considerarmos o cinema non só como unha narración en si mesmo, senón que, coa súa compoñente visual con música e texto sexan un valioso estímulo para a lectura. Proponse, pois, nas bases das curtas un tipo de audiovisual que regresa ao texto, o audiovisual a partir da escrita literaria, abrindo novas portas para mirar. Hai no cinema unha proximidade na emoción, no pracer, o ambiente de socialización en que se desenvolve e a comunicación inmediata da experiencia, mais unha experiencia en que o goce estético segue a ser individual, que o fan un excelente soporte para o achegamento á palabra. Baixar o caldeiro ao pozo e coller auga fresca e beber.

É tamén o cinema, coa dimensión e influencia que esta está a adquirir na sociedade actual en que a cultura está a ir dunha cultura de lingua escrita a unha cul-

tura da imaxe, unha importante ferramenta para a concienciación de identidade como pobo, concienciación que tradicionalmente tiña como elemento de transmisión case unicamente a palabra.

A imaxe, os medios tecnolóxicos, iniciaron un cambio cultural que está a levar ao desenvolvemento de formas e procesos de pensamento novos. Con ela, coa imaxe, co cinema, fáisenos posible interaccionar coa memoria, coa nosa historia, co noso patrimonio cultural e consolidar a identidade colectiva actualizada a través da creación artística.

Provoquemos ese desexo de lectura a través do cinema, dialoguemos coa historia e consolidemos a nosa identidade como pobo, mais tamén abramos a porta a ler o texto desde outro código, código con formas de presentar ilimitadas pois as lecturas serán tantas como persoas estean detrás da cámara, nun exercicio de creación sobre a creación, a que nace da propia experiencia da lectura.

A AS-PG enfrenta o reto de traballar con esta nova maneira de expresión que vai da imaxe á sensación, á emoción, e delas á reflexión, á comprensión, ao coñecemento; é un reto converter o cinema en factor educativo e aplicalo como estratexia cultural pois, fóra da aula, é o elemento co que o alumnado sistematicamente vai estar en contacto. E dentro do cinema polo tempo, pola duración, a curtametraxe é a que máis se adapta á aula.

Rosalía no prólogo de *Follas Novas*, consciente da importancia da súa obra en galego escribía: "*N'era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado*". CURTAS PARA ROSALÍA é unha chamada, unha

chamada a reinterpretar e reescribir a obra de Rosalía e de toda a nosa Literatura con ollos do século XXI. Ver o presente sen amnesias, con memoria e ir conformando ese futuro colectivo.

Sobre todas estas consideracións a proposta de CURTAS PARA ROSALÍA foi lanzada pola Asociación Sociopedagóxica Galega. E a resposta foi boa e xenerosa no senso máis polisémico das palabras. O audiovisual galego participou, participou e presenciamos o soño do movemento.

Co afán de promover a xente que está a empezar no audiovisual contempla o certame un premio para obras de directores/as ou realizadores/as menores de 30 anos, mais a maior parte das curtas non inscritas neste apartado son tamén de xente moi nova, e aínda así xa están a consolidar un nome dentro do audiovisual galego. Da man de todos e todas asistimos a innovacións tecnolóxicas e propostas temáticas moi acordes cunha sociedade concienciada en novos valores, xente que está a abrir camiños, camiños tamén para esa (re)construción da identidade a principios do século XXI.

Dentro do audiovisual vimos asistindo sistematicamente á relación tradicional en que o importante e creativo é masculino, o feminino é o que fica detrás, no anonimato. Chega con observarmos as estatísticas da presenza de homes e mulleres na dirección e realización de curtas producidas en Galiza nos últimos 10 anos para constatar que a maioría de homes como directores ou realizadores é pasmosa. En CURTAS PARA ROSALÍA, considerando os tres certames realizados, atopamos unha percentaxe do 74% de mulleres directoras e/ou realizadoras das curtametraxes. Directoras e rea-

lizadoras que nos están a chegar o que pensan e senten, que están a narrar, contar cunha mirada distinta e a construír cunha outra perspectiva.

E asistimos nestas curtametraxes á excelencia da figura de Rosalía. Se ben na primeira edición de CURTAS PARA ROSALÍA a temática única era a súa figura, na segunda e terceira edición a temática ampliouse podendo interpretar ou explorar calquera texto, de calquera época, da Literatura Galega. Con todo a grande maioría de curtas presentadas teñen como centro a Rosalía, os seus textos, a súa persoa, as súas vivencias. A grandeza da súa obra, a presenza de Rosalía na memoria colectiva mais tamén a súa modernidade son algúns dos factores que o poden explicar.

A Asociación Sociopedagóxica Galega tivo de sempre como ficou dito un compromiso co audiovisual galego, sirva como exemplo o recente Canto de permanencia documental creativo sobre a obra de Uxío Novoneyra e finalista aos premios Mestre Mateo á mellor obra experimental 2010. Comprometida así mesmo coa súa promoción a entrega de premios de CURTAS PARA ROSALÍA fíxose en actos culturais e en espazos propios á proxección cinematográfica sendo posible visionar todas a curtas finalistas de cada unha das edicións do certame en ambiente e pantalla de cinema. O lugar propio para ver e escoitar pois como a propia Rosalía escribe:

*Que si oíra e nos falara,
moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle contara.■*



Este vaise de Paula Pereira.



Carta a Rosalía de Patricia Prieto, Natalia Pérez, Adrián Saavedra e Xudit Casas.



Dende un mundo que nunca vin de Jairo Iglesias.



Rosalía de Castro: Unha poeta imprescindíbel en Educación Primaria

Mercedes Queixas Zas

CPI Alcalde Xosé Pichel (Coristanco)

queixaszas@edu.xunta.es

A poesía de Rosalía de Castro pode ser cualificada con múltiples adxectivos, mais probablemente haxa un que os reúna a todos e que eleve a poeta á maior gloria, como é o seu carácter popular.

Popular porque nace e nútrese do pobo, do seu saber, dos seus costumes, dos seus medos, das súas carencias, das súas relacións sociais, dos seus cantos e músicas...

Popular porque retorna sempre agradecida ao pobo que a soubo entender, mesmo sen a saber ler, para a assimilar como voz propia e persoal nos seus dices e cantarelas.

Popular porque non discrimina idades lectoras ás que atraer no poder dos seus ritmos musicais e na escolma dunha verdadeira lingua poética propia.

Poesía rosaliana para cantar, debuxar, soletrear, colorear, viaxar, pensar... Poesía para se preguntar e responder... Poesía para dicir, escoitar, ler e comprender o mundo... Poesía para reescribir.

O nome de Rosalía de Castro identifica unha gran diversidade de centros sociais, bibliotecas, agrupacións, asociacións culturais..., mais tamén coroa a identidade de oito centros educativos galegos de edu-

cación infantil e primaria e un instituto de secundaria, por iso é imprescindible que o sistema educativo asimile e tire proveito dunha obra poética e prosística, de referencia e ao alcance de todas as etapas, que nos debe encher de orgullo. Para o conseguirmos, debemos botar man sen medo dunha completa obra que fala de nós, desde a raíz, para nos achegar a unha realidade espazo-temporal que nos precedeu, mais que lonxe de ser miraxe arcaica e demudada, teima por se tornar en impositiva presenza actual.

Unha proposta didáctica rosaliana actual é a que vén de nos ofrecer Xoan Xesús Pacoret Balsa, profesor no CEIP "Rosalía de Castro" da Coruña e á que

podemos acceder directamente, para descargar ou imprimir, dentro do Espazo Didáctico da AELG (www.aelg.org), na sección Unidades Didácticas, baixo os títulos *Vamos bebendo* (un poema de Rosalía de Castro para 1º Ciclo), *Alborada* (un poema de Rosalía de Castro para 2º Ciclo), *Rosalía de Castro* (3º Ciclo).


Individualizada para cada un dos ciclos de educación primaria, conforme contidos curriculares e destrezas propias de cada un, propón unha achega lúdica e, ao tempo reflexiva, organizada de xeito transversal e interdisciplinar, na que versos e poemas son debullados progresivamente como un pretexto ameno para a aprendizaxe

vogando entre palabras, cores, imaxes, brinquedos e sons.


Cantares gallegos e *Follas novas* entran con esta unidade didáctica pola porta grande da escola, facendo parte da comunidade educativa, como un convite iniciático para nos reencontrarmos, profesorado e alumnado, coa obra dunha grande poeta que escribiu nas últimas décadas do século XIX para todos os tempos. ■

PUBLICIDADE

O dereito á educación a exame



Xa nas librarías!



Para sabermos algo máis...

Mercedes Queixas Zas

CPI Alcalde Xosé Pichel (Coristanco)

queixaszas@edu.xunta.es

Imos comezar por achegármolos a aquelas lecturas rosalianas máis aproximadas aos primeiros lectores e lectoras, pois presentan sempre unha escolma poética adecuada para unha sedutora incursión de iniciación nun xénero que resulta altamente beneficioso no traballo didáctico escolar. E que adoita acompañarse de atraentes imaxes gráficas e ilustracións.

- Rosalía de Castro (texto) / Belén Padrón (ilustr.) (2009): *Rosalía de Castro. Escolma poética*. Vigo: Kalandraka.

Escolma de trece poemas de *Cantares gallegos* e *Follas Novas* plasmados en ilustracións

de Belén Padrón que dan forma e cor aos versos para representar a súa visión do imaxinario rosaliano.

- Rosalía de Castro (texto) / Isabel Pintado (ilustr.) (2010): *Parece unha rosa*. A Coruña: Espiral Maior. A colección Lúa Lueira inaugura con este volume antolóxico de Rosalía de Castro un formato bibliográfico que pretende combinar o elemento literario e lúdico da poesía cunha vontade encamiñada á adquisición da linguaxe.

- Rosalía de Castro (texto) / Fausto Isorna (ilustr.) (2003): *La flor. A mi madre*. Santiago: El Patito Editorial

- Rosalía de Castro (texto) / Álvaro de la Vega (2004): *Follas novas*. Santiago: El Patito Editorial

Mais tamén o mercado editorial nos ofrece outras antoloxías enriquecidas con breves estudos introdutorios que contribúen para a atinada focaxe do universo vital e literario rosaliano.

- Rosalía de Castro (2011): *Rosalía de Castro. Antoloxía*. Vigo: Xerais.

Antoloxía poética rosaliana realizada polo estudoso Anxo Angueira, cun limiar do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín. O manual contén un CD audio coa voz de Anxo Angueira dando vida aos poemas de Rosalía.

Sen esquecer a importante produción narrativa en castelán, que nos axuda a entender na súa plenitude o pensamento comprometido co seu tempo de Rosalía, como é a edición de *El caballero de las botas azules*, *Lieders* e *Las literatas*. Publicado en Sotelo Blanco, en edición anotada de Celia M^a Armas García e estudo introdutorio de M^a do Pilar García Negro.

Ou as últimas achegas de investigación, análise e edición:

- Angueira, A (ed.) (2013): *Cantares gallegos*. Vigo: Xerais
- García Negro, P (2013): *Cantares gallegos, hoxe*. Santiago de Compostela: Alvarellos
- Rodríguez, F. (2011): *Rosalía de Castro. Estranxeira na súa patria*. A Coruña: AS-PG

A discografía máis próxima ao alumnado seguramente será o recente disco da rapeira viguesa Aid titulado *Rapoemas* e editado en Galaxia. Con todo, a adaptación musical dos versos da autora ten sido moi frecuentada ao longo das últimas décadas, tal e como recolle a publicación da Xunta de Galicia *Rosalía en vinte edicións discográficas*.

O volume *Nas tardes escuras* é un libro con CD, ilustrado por Fausto Isorna e editado por El Patito Editorial, onde o músico Narf converte en cancións doce coñecidos poemas de Rosalía de Castro, construíndo un diálogo persoal entre dúas artes e dous artistas da palabra.

As dúas últimas achegas musicais chegan da man do sexto Tempo catro, disco editado pola AS-PG baixo o título *Os ollos que falan* e mais o librodisco *A miña primeira Rosalía*, editado por Xerais e que recolle unha biografía e doce cantigas baseadas nos seus poemas nas voces de Xiana Lastra, María Manuela, Mini e Mero.




O apartado da webgrafía amósanos, asemade, múltiples accións de lectura e escoita complementaria da obra rosaliana. Vexamos algúns exemplos:

- <http://rosaliadecastro.org/> Web oficial da Fundación e Casa Museo Rosalía de Castro onde se recolle información bibliográfica sobre a autora, así como o día a día público da institución centrado na investigación e divulgación do seu legado literario.

- http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=RosCastr&alias=Rosa%EDa+de+Castro Sección da Biblioteca Virtual Galega centrada na información rosaliana con posibilidade de acceder á reprodución textual dos textos e, nalgúns casos, a imaxes e audios.

- <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=16> Sección do Álbum de Mulleres dedicado a Rosalía de Castro, onde se achegan fontes de consulta e recursos multimedia.

- http://www.cervantes-virtual.com/bib_autor/rosaliadecastro/pcuartonivel.jsp?conten=fonoteca Espazo monográfico centrado en Rosalía de Castro con opción de acceso á lectura da súa obra





Anxo Angueira.

poética e mais a un arquivo fonográfico dunha escolma poética en galego e castelán.

Neste 2013 o Consello da Cultura Galega organizou o *Congreso Internacional Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, que permitiu achegarnos o resultado das investigacións máis recentes de prestixiosos rosalianistas. Unha vez concluído, podemos acceder na web aos vídeos de moitas destas intervencións, así como aos recursos xerados: <http://www.consellodacultura.org/rosalia2013/>

Un outro recurso videográfico son as lecturas que escritores e escritoras galegos contemporáneos fan hoxe de Rosalía de Castro.

- <http://www.youtube.com/watch?v=63bJ7E0sBPU>

A poeta Marta Dacosta le o poema "A xusticia pola man" de *Follas Novas*.

- http://www.youtube.com/watch?v=GP1LF6_wXT8

O ensaísta Francisco Rodríguez recita o poema "Decides que o matrimonio" de *Follas Novas*.

- <http://www.youtube.com/watch?v=F7aXnQV1Fbo>

A escritora Chelo Suárez le o poema "Silencio" de *Follas Novas*.

- <https://www.youtube.com/watch?v=jHkriBlbzus>

O escritor Anxo Angueira le a "Alborada" final de *Cantares gallegos*.

- <https://www.youtube.com/watch?v=ssXDblEHILE>

O poema "Alborada" musicado no proxecto Rosalía XXI.

Neste 2013 en que se celebra o 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* os estudosos da súa obra achégannolo como un poemario moderno e, polo tanto, de imprescindible tratamento escolar:

- <http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/corte-a-corte/zigzag-diario-anxo-angueira-a-sua-obra-sobre-rosalia>

- <http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/corte-a-corte/anxo-angueira-presidente-da-fundacion-rosalia-de-castro-fala-da-poetisa-e-de-cantares-gallegos>

- <http://www.crtvg.es/crtvg/crtvgviva/edicion-monografica-de-eirado-dedicada-a-rosalia-de-castro-esta-noite-na-tvg2>

Constatación dunha obra en plena vixencia é tamén da súa internacionalización a partir da tradución a outras linguas como é o caso do inglés, da autoría de Jonathan Dunne: <http://smallstations.com/gsongs.htm>

Ou o progresivo exercicio de tradución colaborativa multilingüe que se está a desenvolver ao longo deste 2013 a partir da proposta da Fundación Rosalía de Castro, accesíbel desde o seu portal: <http://rosaliadecastro.org/planeta-rosalia/>■

#AUNIVERSIDADEPARATI

Creamos un fondo social para que nada che
impida titularse na Universidade da Coruña



A miña primeira

Rosalía

ENTREVISTA

CONVERSA CON-VERSOS

Entrevista realizada por:

Rosalía Fernández Rial

Filóloga e poeta

Doutoranda en Didáctica das
Linguas

rosalia.fernandez@usc.es

43° 40' Latitude Norte. Cotos ao vento. Puño mascarón.

É a proa do país un pandeiro en seis por oito; ceibe, a tombo, arrolando mar. Bastidor que abalan, con "remo i arado", cinco "tripulantes insomnes", xinetes de aturuxos poéticos sobre a lingua da Utopía. Rumorosos que habitan a estrofa onde percute o pálpito común, muiñeira baixo peito, latexo "irmau".

7° 51' Lonxitude Oeste. Coordenadas musicais.

Xiana e Xosé Lastra, María Manuela mais Mini e Mero navegan himnos literarios sobre o barco peninsular do Ortegal. Ao ritmo do océano, corazón de palenque, pulso binario.

Dous, un. Subo a bordo do buque cardíaco. Xusto cando o quinteto arría os cabos da nave celta, mentres Ortigueira parte. Co litoral galego ás costas; entre conversas de fondura oceánica.

Conversas de fondura oceánica. E murmurio lírico, para falar coa soñadora mariñeira. **Mini**, **Mero**, **María Manuela**, **Xiana** e **Xosé Lastra**. Cotenos ao vento. Puño mascarón. Rumbo Atlántico Norte.

Avante a toda en banda!

Mero marca a cadencia do motor. Metrónimo; seis por oito: “o fundamento dunha cultura está na palabra. Esa palabra, se se canta, é porque vive, porque a cultura está viva, porque non feneceu. O síntoma máis claro de que unha cultura está viva é o cantar (...) Os cantores son aqueles que, desde a súa voz, son quen de interpretar un sentimento de conciencia nacional, que é o que lle dá firmeza e soporta unha cultura como a nosa. Polo tanto, os que estamos cantando calquera poeta, estaremos reivindicando esa conciencia de país e farémolo por comunicar ese sentimento afectivo cara á patria, cara á terra que nos soporta”. Escoitámolo.

Mais pronto resoan trebóns a contratempo e vendavais desafinados, impedíndonos avanzar. “Un paso adiante i outro atrás, Galiza”. Ante o que **Mini** advirte: “temos que permanecer nun ataque defensivo. Debemos cantar os poetas para mastigalos conxuntamente e seguir sendo deste país. Nós mantémonos na loita por fidelidade a unha idea”. A pesar do temporal, no medio do que **Mero** destaca, “en canto ás formas de chegar ao público, algunhas circunstancias que envolven a recepción deterioran e limitan o código expresivo. Hai moitos interesados en destruír a satisfacción común de pertencer a unha nación”. E **Mini** corrobora:

“nós somos uns cantores co público moi limitado porque non nos permiten chegar a el. Os medios de comunicación só desfán, desgobernan. Por iso os poetas se descoñecen. Un poeta falo teu cando o gozas non cando o estudas (...) Pero “se falas do país desde o país, non tes altofalantes nin canles normais de comunicación”.

Mayday! Mayday!

Alerta na *Revista Galega de Educación*.

Afecta ao ensino a marusía?

En efecto! Segundo **Mini** –mestre de profesión, o igual que **Mero** e **Xosé Lastra**– “o gran problema é que se pretende normalizar a lingua sen normalizar os individuos. Hai que normalizar primeiro as persoas, que poidan actuar con normalidade na súa sociedade. Pero aquí normativízase ao individuo, os rapaces aprenden a ler en español”. Ao que **Mero** suma: “os políticos actuais e as súas teorías trilingüistas van en contra dos cantores que interpretan o que senten e o din” e **Xosé Lastra** engade “A educación sofre as dinámicas que impón, por un lado, a parte política, é dicir a normativa, a tendencia de que haxa unha diminución da presenza da cultura galega, favorecendo outros idiomas de fóra. E, por outro, as que fan que aparecen na escola unha serie de conflitos, máis ou menos locais ou puntuais, pero que apoiados por determinadas asociacións, tipo *Galicia Bilingüe*, poden crear determinadas tendencias. Entón, a lexislación é o primeiro perigo, pero o segundo perigo é a protección e apoio a esas outras posturas que, dalgunha maneira, van gañando terreo e van estendendo falsos discursos, de imposicións e cousas así que xa sabemos que son insostibles”.

Insostibles, si! De aí que sexa preciso fincar certas áncoras antes de continuar. Como **Mero**



Mini, nun ensaio de *A miña primeira Rosalía*.



Xosé Lastra, director de *A miña primeira Rosalía*.



María Manuela e Mero.



María Manuela e Xiana, codirectora de *A miña primeira Rosalía*.

afirma: "que nos deixen educar na lingua propia". E outro risón máis, "os contidos da educación teñen que servir para estimarnos a nós mesmos, para amar o propio porque, senón, non somos quen de normalizar nin sequera os sentimentos. É necesario que estudemos o porqué dos castros, o porqué da romanización, o porqué da transcendencia histórica. A historia contala ao dereito (...) Teremos que volver estudar xeografía do país, a lingua do país, a paisaxe e a terra do país. Todo iso son os bloques da cultura social propia. Cando iso se faga, é posible que nos normalicemos como persoas". Normalización que implica, para **María Manuela** "cabrearse en galego e facer o amor en galego".

Amor en, para, cara e polo galego é o que mostra a tripulación de cantores poéticos. "Poñendo unha feble luz nun lugar de tanta sombra". Por moito que **Mini** o rexeite, con humildade: "ti estás formulando o papel destes individuos como xente loitadora, sacrificada, non. O único sacrificio que temos é que facemos o que nos gusta e iso ensínanos a coñecer moito máis a nosa cultura"

Fronte a tales declaracións, **Xiana Lastra** contesta: "iso non é de todo certo, eu son máis nova e véxoo desde outra perspectiva. Hai moita xente que canta en galego, o que pasa é que vós non cantades calquera canción. Eu tiven de referencia a **Mini** e a **Mero** e a **María Manuela**, que son xente que non é simplemente que cante en galego, o importante tamén é o que cantan, o que transmiten nas letras, as ideas que defenden, iso é o que os diferencia".

Dito iso, emerge o debate, a mar aberto: en que medida o labor de **Mini**, **Mero**, **María Manuela** e os **Lastra** inflúe na educación dos cativos galegos? Pois **Xosé Lastra** sostén que "o resultado a medio ou longo prazo é difícil de valorar. Ves alumnos de hai 30 anos e atopas casos moi variados. Non se pode dicir, con precisión, en que medida o que nós fixemos influíu no seu futuro. Hai algunhas sementes que se plantan e de contado se ve que teñen un resultado, pero hai outras sementes que botan moito tempo aí e, incluso, acaban descubríndose cando xa vai media vida pasada. Eu, particularmente, nese sentido son bastante optimista, pois tal e como dicía **Cuevillas** 'calquera traballo

en nome de Galicia é sempre sementeira'".

Inzo no que reside o segredo do pandeiro náutico! Pandeiro que peneira pentagramas sobre os que construír país. Pandeiro Pandora, onde xermola o compás da esperanza. Navío con redes que non pescan, senón sementan, a ritmo comunitario.

6x8! E centos de nenos aparecen nos barcos de xoguete que **Cantareliña**, **Ledicia**, **A Quenlla**, **Manuel María** e **María Manuela** lles construíron nos seus cantos: "¡No meu barco de xoguete / mariñeiro e capitán! / ¡Non teño medo ó trebón / nen me asusta o furacán!". Xuntos repiten os versos máxicos, ata esvaecer a tempestade...

Entón **Mero**, na súa faceta de mestre mago, revela o truco da brincadeira: "a actitude dun mestre debe partir dos afectos, ten que ser sedutora. Os mestres sabemos que polo poder da sedución podes conquistar o mundo enteiro, polo poder da ameaza non. É que é cuestión de sistema e de método; nós pasámolo ben e divertímonos cantando, agora, se nos obrigan a tocar de tal hora a tal hora e aquilo que nos ditan, pois nin o pasamos ben nin nos senta ben. É lóxico, pois ese é o feito educativo, nós aos rapaces témoslles que abrir un mundo que non lles presentaron nos libros, que non é teórico, que é vital, que está no aire mesmo que respiran. Téñeno que pasar ben coa nosa lingua, teñen que gozar cantando as nosas cancións e nós, persoas adultas, temos que gatear polo chan con eles e temos que xogar con eles, non hai outra maneira". Concordando con iso, **Mini** explica: "non é máis alleo 'o raposo e a vaca' que 'Caperucita Roja'. Todos os contos que forman parte da cultura occidental son rurais, o que pasa é que menosprezamos os nosos. Eu non teño dereito a adoutrinar a ningún rapaz, o que si teño é o deber de contarlle o

que é a vida e mostrarlle o que é a cultura e, mostrada, el ten que escoller, ten que ir por onde lle dite o seu camiño". "Camiño" que, para Xosé Lastra, é "máis importante que a meta, que o resultado. Entón, nas escolas hasse de ir aprendendo o camiño, que conduce en direccións determinadas, aínda que o resultado, ao final non sexa chegar a unha meta, así, inmediata, o camiño é moi importante desde o punto de vista educativo".

De feito, algúns dos camiños que o quinteto mariño trazou, posúen, xa, nome propio. Tal é o caso dos libros-disco publicados por Xerais; *O meu primeiro Celso Emilio* (2012) e *A miña primeira Rosalía* (2013). Ambos, segundo Xiana e Xosé Lastra, "válidos para todas as idades" e cunha orixe que se remonta a unha necesidade detectada nos centros de ensino, pois, como Xosé Lastra aclara, "a escola ha facer que se coñezan non só escritores e escritoras, senón tamén versións musicadas deses escritores. Pero, na aula, dáste conta de que eran etapas absolutamente descoñecidas para unha xeración de alumnos e alumnas. A cuestión é que, ao ano seguinte, tes que empezar outra vez porque para os novos alumnos que tes na clase é como se non fixeras nada. Entón, na procura de recursos e materiais que poidan estar

presentes sempre nos centros, foi un pouco cando saíu a idea orixinal do primeiro libro, o de Celso Emilio, no centenario do seu nacemento." Así, "inicialmente, a idea era unha recompilación de pezas musicadas de Celso Emilio en diferentes discos. Pero o asunto empezou a complicarse, pensamos en que fosen interpretados por persoas que estivesen con nós, con algúns arranxos, e, o seguinte paso foi engadir algún orixinal. Finalmente, apareceu a idea do libro-disco". Unha decisión final que conserva *A miña primeira Rosalía*, aínda que nesta predominan aínda máis versións orixinais.

Dese xeito, os cinco protagonistas da presente travesía, proxéctannos, a ceo aberto, na pantalla do solpor, as imaxes de dous poetas fundamentais; Celso Emilio Ferreiro e Rosalía de Castro. Un Celso Emilio, que segundo relata Mero, "tivemos a sorte de coñecer e temos unha obriga persoal de transmitir quen era, de dicir que tecemos horas con el, que tocamos a pandeira con el, que reivindicamos a carballeira de San Xusto con el, etc. Todo iso é necesario transmitilo, temos que ser unha cadea transmisora que diga que era un home de falar sosoegado; tranquilo, pausado, que, ademais de facer versos onde diluía as súas iras, sufriu e que, non

obstante, mostraba unha humildade terrible, unha humanidade increíble de narrar. Era unha persoa moi consecvente coas súas ideas, un gran loitador e que tiña unha sensibilidade especial para poñer o punto onde tiña que estar".

Rostro humano do poeta equiparable ao que pretenden mostrar de Rosalía de Castro; pois o mesmo Mero admite que "me interesa a imaxe non 'impoluta' de Rosalía de Castro porque é onde se converte en persoa, onde ten os mesmos erros que tivemos nós, onde ten as mesmas dores, que sofre exactamente o mesmo que os demais, ou máis, e que soubo contalo á súa maneira". Igual que Mini, quen se sente atraído pola "Rosalía promiscua, que sae do normal, que sente, por iso é capaz de escribir", concluíndo – xunto ao seu compañeiro– que "hai que sacala do contexto chorón e bucólico e defender unha imaxe da Rosalía real. Hai que contar o que se oculta de Rosalía, os amores prohibidos, o sufrimento polos fillos, etc. Hai que actuar como un pobo maduro e na literatura teñen que aparecer subversións da realidade, que poidan darnos lugar a moitas utopías e a imaxinar distintas Rosalías."

En definitiva, e en palabras de Mero; "este proxecto é como



Imaxe do primeiro concerto de *A miña primeira Rosalía* en Ferrol.



un cadro, sábeo ben **María Manuela** –ademais de cantante, pintora e ilustradora dos dous libros-, a cor é importante pero tamén o son certas pinceladas que se dan e que reflicten o que sentimos todos nós, ao que lle temos apego”. Matices entre os que destacan a unión e afecto fraternal dos seus compoñentes, como apunta **Mini** “isto é un acto de estarmos xuntos e de sumar vontades, entón é necesario facelo. O certo é que **María Manuela**, **Xurxo** –fillo desta e músico-, os **Lastra**, o **Mini** e eu somos unha familia.” Afirmación que **Xiana** completa: “unha das cousas definitorias deste disco é a xente que o compón, é un ambiente familiar por compartir moitas ideas en común”. E **Mini**

pecha: “máis que ideas en común, é un sentir común; sentir, compartir, xuntar”. Xusto antes de descubrir o derradeiro matiz da pintura que penduran do horizonte, cun pandeiro ceibe, a tombo, como bastidor; “nós non facemos concesións, non temos unha intención comercial. A nosa experiencia fainos ver que, cando a música está feita con cariño, con pouso, non sofre o paso do tempo, é admitida. Nós intentamos facer un bo produto para que os rapaces o gocen, facemos o que sabemos facer”

Soñar camiños alén dos tombo. Inventar “longos mares de tempo” son algunhas das cousas que saben facer. Conscientes, como afirmou **Lastra**, de que o

sendeiro, no ensino, é máis importante que a meta. Humildes ante o infindo ronsel que nos deixa o seu tránsito.

Infindo ronsel! Estela de versos sonoros e ritmos ancestrais, leccións literarias en terra mollada, conversas que son poemas con océano escritos. Para navegar “máis alá das sabanas e das illas”.

Sen esquecer o lugar no que nos atopamos.


43° 40' Latitude Norte. **Mini**, **Mero**, **María Manuela**, **Xiana** e **Xosé Lastra** ensaian, no corazón de **Ortigueira**, as cancións de *A miña primeira Rosalía*.

Entra ao visceral recinto, unha cativa; ollos curiosos e andar vacilante. Os cantores arrían micrófonos e comezan a xogar. Imitan, diante da rapaza, o falar melódico do cuco; móstranlle as mandíbulas dun escornabois real e ensínanlle como se toca o pandeiro. A seis por oito, en proa, cotenos ao vento!

7° 51' Lonxitude Oeste.

No abismo da **Capelada**, unha crianza aprende a mastigar poesía:

¡Andiven tódolos mares! / Xa cansei de navegar / co meu barco de xoguete / sin salir do meu fogar!■



**MÁSTERES UNIVERSITARIOS OFICIAIS AOS QUE SE TEN ACCESO DENDE AS TITULACIÓN
DA ÁREA DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN**

www.usc.es/master

Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
Comunicación e Industrias Creativas
Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e do
Desenvolvemento Desenvolvemento Económico e Innovación
Desenvolvemento Rexional e Integración Económica (90 ECTS)
Dirección de Actividades Educativas na Natureza
Dirección de Empresas
Dirección de Proxectos
Educación, Xénero e Igualdade (120 ECTS)
Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías
Estudos da Literatura e da Cultura
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
Estudos Internacionais
Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos
Filosofía: Cuestións Actuais
Historia Contemporánea
Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
Lóxica e Filosofía da Ciencia
Marketing, Consultoría e Comunicación Política
Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental (90 ECTS)
Procesos de Formación
Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas
Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social
Saúde Pública
Servizos Culturais
Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas
Xestión e Dirección Laboral
Xestión Pública
Xestión Sustentable da Terra e do Territorio
Xuventude e Sociedade

Os másteres estrutúranse en 60 ECTS (1 curso académico), agás os indicados.

Oferta, prazos, prezos, matrícula, máis información...

Oficina de Información Universitaria – OiU
881 812 000 – 881 811 000 • oiusec@usc.es • www.usc.es/oiu

Infancias e Educación Social: prácticas socioeducativas en contextos residenciales de protección en Galicia



Laura Cruz López
Universidade da Coruña
laura.cruz@udc.es

Alexislación vixente establece como principio reitor o necesario carácter educativo das medidas que integran o sistema de protección (art. 2, LO 1/1996). O insuficiente desenvolvemento normativo-legal deste principio dificulta a concreción do seu sentido e significado, das implicacións que ten falar de educación na definición das medidas, dos programas, das finalidades, dos contidos, das metodoloxías, do perfil profesional, do papel dos suxeitos, dos espazos e dos tempos. A investigación de Tese de Doutoramento (Cruz, 2010) parte da necesidade de dotar de contido este principio, centrándonos na medida de acollemento residencial, xa que a pesar de estar relegada ao último lugar¹, segue a ser amplamente empregada e en moitos casos a única opción posible².

O debate que segue aberto é se os centros son unha medida válida para a protección da infancia, cando a verdadeira pregunta que nos deberiamos formular é sobre as condicións que deben reunir para constituírse nunha medida educativa, pois son moitos os nenos e nenas acollidos que teñen dereito a unha atención de calidade³. Neste sentido, o principal interese da investigación consiste en coñecer a realidade educativa do acollemento residencial para transformala. E como a realidade non se descobre senón que se constrúe, e como o cambio non pode ser promovido se non é desde a participación das persoas implicadas –neste caso educadoras e educadores dos centros de protección– optamos por desenvolver grupos de discusión como técnica priorita-

¹ O artigo 71.1 da Lei 3/2011 establece o carácter subsidiario do acollemento residencial, podéndose recorrer ao mesmo unha vez esgotadas todas as posibilidades de mantemento na familia, e o acollemento familiar, a constitución da tutela ordinaria ou a adopción non sexan posibles ou se consideren inadecuados.

² Segundo datos do INE, no ano 2010 rexistráronse 434 altas en acollemento residencial na Comunidade Autónoma de Galicia, fronte fronte ás 208 altas en acollemento familiar.

³ No ano 2011 atendéronse 1.221 nenos e nenas en centros de protección en Galicia (Xunta de Galicia, 2012).

ria, xa que nos permiten obter información cualitativa desde a perspectiva dos protagonistas, así como avanzar na construción dun discurso compartido a partir do diálogo e a reflexión colectiva sobre a acción.

A continuación presentamos os principais retos apuntados na investigación para a mellora do acollemento residencial como medida educativa, así como do sistema de protección no seu conxunto, xa que, como afirman Bravo e Fernández (2009), incidir por separado en cada unha das medidas dificilmente pode aportar melloras significativas.

1. Sistema de protección á infancia:

En primeiro lugar, requírese da existencia de recursos suficientes e adecuados nos distintos niveles de intervención –servizos sociais comunitarios e especializados–. Así mesmo, todas as medidas, as diferentes entidades, profesionais e recursos inscritos no sistema deben estar articulados e interconectados, xa que “a protección á infancia é, sobre todo, a consecuencia dos esforzos e recursos coordinados que unha comunidade pon ao servizo do desenvolvemento integral de todos os seus nenos e nenas” (Trenado, Pons-Salvador e Cerezo, 2009, 24). Estes constitúen os dous aspectos máis deficitarios do actual sistema de protección sinalados nos grupos de discusión: a falta e recursos, a deficiente articulación dos mesmos e a descoordinación, así como a existencia de discrepancias tanto verticais –entre niveis– como horizontais –dentro dun mesmo equipo–.

Ademais de asegurar a existencia dun sistema de protección comprensivo no que se integren todos aqueles servizos que permitan responder as diferentes necesidades da infancia e as súas familias, é obriga dos poderes públicos garantir que a elección da medida a adoptar



esteza fundamentada nunha avaliación rigorosa de cada caso, en que se debe dar cabida á participación das familias e da infancia; e que os diferentes servizos, contemplados como educativos e profesionalizados, cumpren unhas condicións de calidade.

2. Acollemento residencial:

A postura defendida na Tese de Doutoramento é a consideración do acollemento residencial como un recurso máis no marco da acción social planificada, na que cada medida ten uns obxectivos específicos e unha conexión co conxunto do sistema. O contrario implicaría a consideración dos centros como recursos para a atención dunha poboación residual que non ten cabida noutros mecanismos protectores (Panchón, 1998).

Compartimos con Mohedano e Ortega (1999) que os centros poden constituir un inmejorable instrumento de socialización e integración social, sempre que estean conformados desde unha perspectiva pedagóxica. Das disposicións legais vixentes, da revisión da literatura especializada (Lázaro, 1995; Panchón, 1998; Redondo, Muñoz e To-

rres, 1998; Fernández e Fuertes, 2000; Ferrandis 2009) e das valoracións de educadoras e educadores participantes na investigación (Cruz, 2010), derívanse as seguintes condicións a reunir polos centros:

- Debe ser unha medida *discriminada*, é dicir, deben erradicarse os internamentos inxustificadas, así como os traslados artificiais dun centro a outro. Adoptarase cando se considere a medida máis adecuada e beneficiosa para responder ás necesidades da infancia e a súa familia, sempre e cando non se poida garantir a súa seguridade e/ou satisfacción das súas necesidades se permanece no contexto familiar. Esixe, pois, unha avaliación comprensiva das necesidades e particularidades de cada situación que xustifique a separación, e un plan de intervención individual e familiar, partindo sempre do interese superior da infancia.
- Ha de ser *provisional*, desenvolverase durante o período de tempo necesario e só durante ese período, para o que é imprescindible contar cun plan de caso xeral e compartido polas/os profesionais que interveñen desde os diferentes niveis.



- O contexto institucional no que se desenvolve a intervención educativa debe cumprir uns *mínimos arquitectónicos* (habitabilidade, seguridade, instalacións e equipamento adecuados), estar aberto á comunidade e ser accesible, con conexión e proxección no medio inmediato.
- Hase ofrecer un *marco de convivencia* planificado e organizado que asegure: uns tempos e espazos adecuados ás características da infancia acollida; unhas normas de convivencia claras, elaboradas colectivamente; unhas persoas adultas de referencia estables; relacións positivas e afectivas entre as persoas. En definitiva, un marco acolledor, seguro e protector que permita estruturarse como persoa.
- Debe contar cunha *estrutura organizativa e educativa* intencional e democrática, fundamentada nunha planificación reflexiva da intervención e da vida cotiá, na que se promova e garanta a participación das e dos diferentes profesionais do centro, da propia infancia e doutras persoas implicadas.

- Así mesmo, deberá contemplar a *intervención coas familias e co medio*, imprescindible para favorecer a integración sociofamiliar, e evitar que o acollemento residencial acabe converténdose nunha paréntese. A acción educativa debe posibilitar mellores relacións familiares e promover apoios sociais a longo prazo, implicando á infancia en dinámicas comunitarias.

3. Acción socioeducativa:

En primeiro lugar, a acción educativa esixe o recoñecemento da existencia dun suxeito. Fronte a unha imaxe reducionista da infancia como os aínda-non, ámbito pertencente á vida privada, imaxe de inocencia, grupo social específico a protexer e disciplinar ou proxección de futuro, deberá apostarse pola súa consideración como:

- Suxeitos de dereitos, entre os que destacamos o dereito á educación, cuxa garantía é fundamental para poder exercer os restantes dereitos.
- Suxeitos activos e actores sociais, que implica garantir o seu dereito á participación nas dinámicas familiares, educativas, culturais e sociais en tanto que

ciudadáns; o dereito a ser autónomos, a expresar a súa opinión e vontade naquilo que lles afecta.

- Colectivo plural e heteroxéneo, non uniforme e ideal, que supón admitir distintas formas de ser neno e nena. Isto implica a necesidade de recoñecer a infancia desde a propia perspectiva da infancia, desde o significado que lle atribúen os propios nenos e nenas. Só así é posible comezar a pensar neles como seres actuantes, e entender ata que punto as medidas de protección serven aos seus intereses ou os oprimen sen xustificación.

Esta noción de infancia esixe unha acción educativa e socializadora orientada cara ao seu desenvolvemento integral e á súa integración social emancipadora. Unha acción baseada nuns principios que poñan o énfase na atención personalizada das necesidades da infancia; a súa participación na vida do centro e nas decisións que lle afecten; a normalización e integración na cultura e sociedade. Así mesmo, como toda práctica educativa, debe reunir once características esenciais (Colom e

Núñez, 2001): ser un proceso, concibirse en clave de itinerarios posibles e non de accións illadas; comunicativo, de relación e interrelación; intencional, sistemático, consciente, reflexivo e planificado; intelixente; de promoción da aprendizaxe; orientado axioloxicamente, por uns valores e una ética compartida no equipo; crítico, favorecedor do cuestionamento; optimizador, de mellora constante; integral, atendendo a todas as dimensións da persoa; innovador, promotor do cambio e a transformación; e funcional, cunha vertente pragmática, para a vida.

As educadoras e educadores, en tanto que axentes do proceso educativo, deben ser profesionais cualificados cunha formación adecuada, preferentemente en Educación Social. É necesario garantir a súa estabilidade e coherencia dentro do marco de relacións da infancia: asegurando unhas condicións laborais óptimas e unha ratio equilibrada; unha formación continua e supervisión educativa que permita reflexionar sobre a práctica para a súa mellora constante; potenciando o equipo educativo como espazo privilexiado de organización, xestión e planificación do centro e da atención individualizada.

Desde esta perspectiva socioeducativa, concibimos os centros de protección como espazos de convivencia educativa cualificada, de estilo participativo e democrático, onde o persoal educativo e a poboación acollida son protagonistas da acción (Gordaliza e Planas, 1996). Un espazo, por canto a acción ten lugar nun contexto espacial e temporal determinado: o marco da vida cotiá, contexto e contido da educación. Un espazo de convivencia, de proximidade, de relación educativa reflexiva e planificada, orientada a proporcionar as aprendizaxes e recursos adecuados para promover a

autonomía, o desenvolvemento integral e unha inserción plena e activa na cultura e na sociedade. Un espazo cualificado no que potenciar unha acción educativa especializada que esixe a intervención de profesionais da educación e a participación da infancia no seu propio proceso de crecemento, en tanto que suxeitos activos e actores sociais.■

BIBLIOGRAFÍA

- BRAVO, A. E FERNÁNDEZ, J. (2009). "Crisis y revisión del acogimiento residencial. Su papel en la protección infantil". *Papeles del Psicólogo*, 30(1), 42-52.
- COLOM, J. A. E NÚÑEZ, J. (2001). *Teoría de la Educación*. Madrid: Síntesis.
- CRUZ, L. (2010). *Infancias y educación social: prácticas socioeducativas en contextos residenciales de protección en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ, J. E FUERTES, J. (2000). *El acogimiento residencial en la protección a la infancia*. Madrid: Psicología Pirámide.
- FERRANDIS, A. (2009). "El sistema de protección a la infancia en riesgo social". En VÉLAZ, C. (coord.), *Educación y protección de menores en riesgo: un enfoque comunitario* (pp.83-151). Barcelona: Graó.
- GORDALIZA, B. E PLANAS, P. (1996). "La participación en un centro residencial de acción educativa". *Revista de Treball Social*, 144, 77-82.
- LÁZARO, A. (1995). "La función social del centros d'atenció a la infancia (aspiracions conceptuais i dificultats d'aplicació)". *Fòrum, Revista d'informació i investigacions socials*, 3, 54-59.

- Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuiamento Civil (BOE N° 15 de 17 de xaneiro de 1996).
- Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG N° 134 de 13 de xullo de 2011).
- MOHEDANO, J. E ORTEGA, J. (1999). "Modelos institucionales". En J. ORTEGA (Coord.), *Pedagogía Social Especializada* (pp.52-61). Barcelona: Ariel.
- PANCHÓN, C. (1998). *Manual de pedagogía de la inadaptación social*. Barcelona: Dulac.
- REDONDO, E., MUÑOZ, R. E TORRES, B. (1998). *Manual de buena práctica para la atención residencial a la infancia y adolescencia*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- TRENADO, R.; PONS-SALVADOR, G. E CEREZO, M. A. (2009). "Proteger a la infancia: apoyando y asistiendo a las familias". *Papeles del Psicólogo*, 30(1), 24-32.
- Xunta de Galicia (2012). *Consejería de Trabajo e Benestar. Memoria 2011*.

Experiencia innovadora nas prácticas docentes das ciencias sociais para a enxeñaría rural



Grupo de Innovación Educativa
"Ruralia" (GID-35)

Martázul Busto, Ana Cabana, Ana Isabel García, Henrique Hervés, Roberto Lorenzana, María do Mar Pérez, Bernardo Valdés e Ibán Vázquez

Universidade de Santiago
ruralia.lugo@gmail.com

Nos últimos anos a Universidade de Santiago veu promovendo a participación activa do seu persoal docente e investigador (en adiante PDI) nos programas de innovación docente mediante diferentes vías. A máis coñecida e transitada é a da formación continua deste colectivo en diferentes prácticas que melloren as súas habilidades como profesores nas aulas (dinámicas de traballo en grupo, pautas para a realización de avaliación continua, realización de cartafoles, elaboración de guías docentes, emprego para a docencia das TIC, etc.). Outra vía diferente, que é a que nos gustaría comentar nestas liñas, foi a creación de grupos estables de PDI que desenvolveran accións de innovación docente coa finalidade de acadar unha acción formativa de máis calidade¹.

Neste marco foi onde xurdiu a idea de crear o noso grupo de innovación docente. Unha iniciativa que se oficializou en marzo de 2012. O nome que nos demos, *Ruralia*, coidamos que é ben expresivo do obxectivo que nos move e que non é outro que achegar ao alumnado actividades docentes que lles sirva para un coñecemento máis profundo e significativo do mundo rural galego. Con esa finalidade, e sempre tendo presente a vontade do Plan Boloña que serve de guía a graos e posgraos, xuntámonos docentes de diferentes disciplinas científicas (Economía Agraria, Historia Contemporánea e Lingua) que entendemos que, dende a interdisciplinidade, podemos ofrecer actividades que enriquezan a formación dos nosos alumnos/as

¹ A Universidade de Santiago de Compostela creou un rexistro de todos estes grupos de innovación educativa sinalando claramente os obxectivos que con iso se persigue: 1) Promover a participación activa do PDI e a formación de grupos estables (grupos de innovación docente) que desenvolvan accións de formación e innovación docente. 2) Dotar de recoñecemento e difusión ás accións de formación e innovación docente realizadas polos grupos de innovación docente constituídos. 3) Dar pulo a un tratamento global da innovación conxugando a formación do profesorado, a innovación docente e a investigación do propio proceso de innovación. 4) Fomentar a cultura de colaboración para o logro dunha acción formativa máis eficaz, efectiva e coherente e estimular a formación permanente como elemento clave do desenvolvemento profesional do profesorado. <http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/>

alén das clases expositivas e das prácticas que desenvolvemos na aula.

Como se sabe, no Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela hai unha forte presenza de estudos ligados ó mundo rural. Mais como docentes deste Campus especializado no espazo rural viñamos comprobando que non sempre se conseguía que o alumnado tivera presente a problemática e as características socioeconómicas do ámbito no que se alicerzan os seus estudos e no que se vai desenvolver o seu labor profesional.

Os docentes que participamos deste proxecto levabamos un tempo decatándonos de que a regresión demográfica que afecta ás zonas rurais reflectíase nunha maior presenza de alumnado de extracción urbana. Tiñamos pois un importante número de estudantes que carecían dun coñecemento previo que lles permitira achegarse e profundar nas fasquías do agro. Con esta iniciativa pretendíamos suplir dalgún xeito esta ausencia de experiencia na realidade das zonas rurais en Galiza. Mais *Ruralia* tiña aínda outro obxectivo: desterrar moitos tópicos certamente arraigados sobre o agro galego, que son asumidos as máis das veces acriticamente polo alumnado. Cos encontros pretendemos modificar a imaxe negativa e pexorativa que se ten do rural e da agricultura, aspecto nada menosprezable se se ten en conta que estamos a falar de futuros profesionais que desenvolverán as súas tarefas neste medio². Por outra banda, pero co mesmo obxectivo xenérico, conséguese que estes profesionais do mañá sexan moito máis conscientes das demandas que o mundo rural ten hoxe en día

e, nese senso, poidan adecuarse mellor a elas³.

O noso grupo de innovación educativa ten como unha das súas finalidades presentar de primeira man aos alumnos/as as características, problemáticas e anxeios dos múltiples actores que dan vida ao espazo rural galego. E, para iso, alén doutras actuacións (sesións de cinema, etc.), periodicamente organizamos obradoiros (tres ou catro mesas por curso académico) nas que participan os alumnos/as matriculados nas nosas materias, pero tamén todo aquel que se amose interesado, tanto docente como estudante. Esta actividade, á que denominamos xenericamente "Mundo Rural a Debate", está pensada para que os estudantes teñan un foro onde escoitar de primeira man aos/as protagonistas da vida e da actividade económica do rural galego. Deste xeito déixanse oír nas aulas as voces de gandeiros/as, agricultores, empresarios/as agrícolas, mulleres rurais, veterinarios/as, traballadores das Administracións que aplican as políticas agrarias, etc. e os estudantes partillan con eles impresións e dúbidas. Así, de forma ben diferente a como poden facelo de maneira habitual, que é da man do profesorado, conseguimos que se acheguen aos temas máis actuais e de debate (p.e. desagrarización, despoación rural, cooperativismo, monte comunal, novas leis de montes e incendios, produción ecolóxica, comercialización a pequena escala, papel das mulleres no espazo rural, etc.) dun xeito desenfadado, directo e aberto⁴.

Non se trata en ningún modo de charlas ó uso ou conferencias; a nosa idea de feito é ofrecer outro tipo de experiencia, mesmo poderíamos sinalar que a con-



traría. O noso interese está en formalizar un espazo no que o alumnado deixe estritamente este rol para converterse nun analista, nun comentarista e nun entrevistador. E certamente puidemos comprobar cómo estudantes aos/ás que non lles é doado artellar un discurso ou elaborar unha argumentación oral nas aulas máis regradas ou non se senten cómodos proponendo preguntas a un orador tras unha conferencia, non dúbidan en participar activamente nesta actividade debido a proximidade que se consegue. Sen dúbida na creación desta atmosfera posibilitadora de *feed back* entre o argüinte e os ouvintes é determinante o papel dos nosos relatores, que ofrecen o seu saber e a súa experiencia a modo

² A iso foron destinados, entre outros obradoiros: "Un rural diferente: emprendedores no rural", "Novas funcións dos espazos rurais" ou "Conflitividade nos espazos protexidos", celebrados no curso 2011.

³ Con esta finalidade organizamos a sesión de debate "A posta en valor das superficies de monte: aproveitamentos non madeirables", entre outras.

⁴ Neste senso, sempre que nos é posible, contamos con ex-alumnos/as da Escola Politécnica Superior, xente moza capaz de conectar de xeito moi doado cos actuais alumnos/as.



de "caso" (p. ex. dificultades que para un mozo/a ten converter a explotación de leite que herda dos seus pais de convencional en ecolóxico; dificultades que atravesará unha comunidade de montes veciñais debido ó avellentamento dos seus membros; iniciativa de comercializar directamente os produtos de horta nunha pequena tenda na cidade, etc.) o que permite aos alumnos/as un achegamento práctico, detallado e suxerente dos procesos (permisos que se requiren, lugares onde se asesora, etc.).

O alumnado matriculado nas nosas materias (Políticas de Desenvolvemento Rural, Economía do Sector Agroalimentario, Márketing Agrario, Socioloxía Rural, Historia Forestal, Historia Agraria Contemporánea, etc.) sabe dende o principio do período lectivo os horarios e temáticas de cada mesa e ten esta actividade dentro das organizadas

para cada materia de maneira específica e tamén coñece a metodoloxía que se emprega na avaliación e cualificación da mesma. Dado que as materias para as que se propón esta actividade son variadas, unha vez finalizada a mesa de debate os docentes responsables das materias teñen unha sesión de discusión cos estudantes para fixar os conceptos chave, é dicir, aqueles que teñen unha relación máis directa cos contidos de cada materia.

Para avaliar o impacto obtido pola actividade os/as docentes preparamos cuestionarios a cumprimentar polo alumnado no que estes teñen ocasión de valorar de xeito anónimo o interese da actividade. As valoracións realizadas ao longo destes anos de experiencia foron para todas as materias claramente positivas⁵; é mais, ao ser unha

actividade cunha periodicidade coñecida observamos como pouco a pouco a asistencia á mesma estase estendendo a unha parte importante do alumnado da EPS, independentemente de que cursen as materias para as que constitúe unha actividade avaliable. Resulta grato comprobar como compañeiros e compañeiras docentes se interesan tamén pola iniciativa e acoden co seu propio alumnado aos obradoiros propostos ■.

*Fotografías sacadas por Rogelio P. Moreira
https://www.facebook.com/EPSLugo/photos_albums

⁵ Preguntado o alumnado sobre se recomendaría manter este tipo de actividades como obrigatorias dentro da pro-

gramación das materias a resposta é afirmativa na maioría dos casos.

arte llando

actividades extraescolares

- fotografía
- manualidades
- cociña
- percusión
- ximnasia rítmica
- baile moderno
- música:canto
- arquitectura para nenas e nenos


artellando 2013-2014

Biblioteca municipal Central, na rúa, casa da Xuventude, ...

Se eres alumna ou alumno dun centro de ensino de Ferrol e cursas estudos primarios podes inscribirte. Máis información no teu centro de ensino ou na web de Educación do Concello de Ferrol

<http://www.ferrol.es/educacion>
inscripción gratuita / prazas limitadas

Educación e teatro: algo máis que un xogo



Manuel F. Vieites

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Neste ano que andamos, no que celebramos a obra dramática de Roberto Vidal Bolaño, autor escollido para poñer en valor as nosas letras, non está de máis considerar as relacións que se poidan establecer entre o teatro e a educación, sobre todo se consideramos que, malia que a educación teatral nin está normativizada nin normalizada neste país, son moitas as experiencias que se desenvolven en ámbitos moi diversos e que dan conta precisa das potencialidades dun campo por promover.

Educación e teatro constitúen un binomio que vén operando desde o inicio dos tempos, e o noso Rafael Dieste escribiu páxinas ben fermosas en torno a esa simbiose no seu libro *El alma y el espejo*, das que paga a pena lembrar aquela proposta súa de derivar o propio concepto de Historia das primeiras representacións, é dicir, da recuperación do pasado a través da presentación daquilo que aconteceu, e que unha vez recuperado por medio da mímese, pasa a ser memoria e, por tanto, historia. O teatro foi utilizado desde as primeiras culturas como a mellor ferramenta para recrear cosmogonías e cosmoloxías, como relatou Herodoto na súa *Historia* pero como tamén nos van mostrar investigadores máis recentes, de Mircea Eliade a Margot Berhold, autora dunha magnífica *Historia Social del Teatro*.

Na mesma dirección, na Idade Media, pero tamén durante os tempos convulsos da Reforma e da Contrarreforma, o teatro foi utilizado como instrumento para espallar ideas, normas e pautas de conduta, e as prazas e rúas de Europa enteira enchéronse de clérigos, gremios e comediantes que convertían a escena en marco para a propagación ou a refutación dogmática. Noutros momentos históricos, o teatro foi un dos recursos máis prezados da educación

popular, en tanto a escena se constituía como tribuna desde a que trasladar principios e valores, presentar conflitos ou mostrar solucións. Velaí os teatros de axitación e propaganda que agromaron en toda Europa e nas Américas nos anos vinte do pasado século. Lembrando a Jürgen Habermas, poderíamos dicir que o coñecemento do real que o teatro nos traslada pode potenciar a nosa lectura crítica da realidade e promover así procesos de transformación ou emancipación. Nesa dirección traballaron Erwin Piscator, Bertolt Brecht, Peter Weiss ou Caryl Churchill.

O teatro en Galicia, desde os tempos en que Francisco María de la Iglesia, profesor que foi na Escola Normal da Coruña, inicia a xeira do teatro rexionalista coa escenificación en 1882 da peza *A fonte do xuramento*, foi un vector fundamental para situar a lingua galega nos templos culturais que ata aquel momento eran privativos da creación cultural castelá, e para reivindicar o seu uso e a súa transcendencia cultural. Foi na escena onde se desenvolveu un proxecto para situar a lingua nosa na esfera pública, e un bo número de dramaturgos escribiron verdadeiras "unidades didácticas", á maneira de pezas dramáticas, que tiñan como finalidade a defensa e posta en valor da idea de Galicia. Unha das pezas máis representadas no primeiro cuartel do século XX foi *Mal de moitos*, da que eran autores Eugenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida, e na que se ridiculizaba aquela tendencia, aínda hoxe activa, de trocar castelán por galego en función da mellora da fortuna persoal. Roberto Vidal Bolaño foi, nesa dirección, un activista que en todo momento soubo mesturar adecuadamente compromiso social e vontade artística para retratar con sarcasmo e acedume a sociedade do seu tempo.



Pero o teatro tamén se vincula con moitas outras actividades, campos ou experiencias de carácter educativo. En moitos dos ámbitos que lle son propios á educación social cabe utilizar procesos de expresión, creación e comunicación de raizame dramática e teatral, e con frecuencia acontece que os educadores e educadoras sociais nalgún momento da súa traxectoria profesional acaban por atoparse co teatro debido aos procesos de traballo colectivo e comunitario que a praxe teatral pon en marcha. De igual maneira, os mesmos procesos e técnicas, e o feito mesmo de facer teatro, mostra posibilidades certas para a intervención psicossocioeduca-

tiva se nos situamos no campo das terapias expresivas, da loita contra a exclusión e a inadaptación, da integración social e cultural, da (re)socialización ou da pedagogía do paro. Pois facer teatro, amais dun proceso colectivo de traballo, implica pórse en pé, situarse diante da mirada doutras persoas, e tomar a palabra para dicir aquilo que se queira dicir. Facer teatro implica, en suma, recuperar a palabra, pero tamén a posibilidade de utilizar a palabra para ler a realidade e posicionarse diante dela. Por iso Augusto Boal, seguindo a Paulo Freire, concibiu o teatro como unha ferramenta para unha alfabetización na acción e na palabra, sempre coa

finalidade de dicir o mundo e imaxinar e construír outro mellor, de todas e de todos.

A principios do século XX desenvólvense un conxunto de experiencias que van incidir de forma moi positiva na exploración e promoción desa dimensión educativa do teatro no ámbito escolar, e que van ter como consecuencia que aparezan as primeiras tentativas de introdución do teatro no currículo da educación obrigatoria, quer en función de disciplinas que se van coñecer como "drama" ou "expression dramatique", quer como práctica escénica. En países como Francia, Inglaterra ou os Estados Unidos de América teñen lugar experiencias pioneiras que permiten contrastar na práctica esa dimensión educativa da que tanto e tan ben escribiron Harriet Finlay-Johnson, Caldwell Cook, Winifred Ward, Léon Chancerel ou Peter Slade. No Estado, un dos primeiros interesados nesa dimensión educativa da praxe teatral foi Alejandro Casona, mestre de profesión, que sería o director do "Teatro del Pueblo", promovido polas Misións Pedagóxicas. Podería sorprender que en países de expresión inglesa, que en aparencia apostan por unha educación moi asentada na eficacia e na eficiencia, a educación teatral estea tan estendida e teña tan boa acollida no corpo social. Pero esa visión deriva do máis puro pragmatismo: se o teatro ten un enorme potencial educativo, por que non aproveitalo? Desa implantación dá conta a relación de institucións que conforman a International Drama/Theatre and Education Association, ou IDEA, cunha moi interesante páxina web.

A partir desas primeiras experiencias collen forza tres liñas de traballo complementarias para explorar as dimensións educativas do teatro. Por unha banda temos as diferentes iniciativas que sitúan no currículo algunha

materia de carácter teatral, sexa cunha dimensión máis expresiva, a Expresión dramática, sexa cunha dimensión máis artística, a Expresión teatral; por outra, aquelas experiencias nas que as técnicas e recursos dramáticos (xogo dramático, dramatización, improvisación, creación colectiva, lecturas expresivas...) se utilizan como ferramentas na ensinanza doutras materias ou doutras áreas. Finalmente, hai que destacar aquelas liñas de traballo orientadas á creación de obradoiros de teatro na escola, no espazo das actividades extraescolares. Desde xeito, mestúranse iniciativas de educación formal con outras non formais, pero todas cunha manifesta vontade educativa, de forma implícita ou explícita.

Cales son as razóns que aconsellaron e aconsellan aínda afondar nesa relación entre educación e teatro e que tanto en Galicia coma en España ten sido practicamente abandonada polas administracións educativas e culturais? As razóns son moitas, pero as máis importantes derivan da natureza mesma do teatro como feito de expresión, creación e comunicación. En efecto, o teatro implica comunicar desde un rol, con outros personaxes, partindo dunha situación na que se producen conflitos que esixen unha solución, persoal e colectiva. Todo iso acontece nun contexto lúdico na que cabe a posibilidade de explorar todo tipo de hipóteses, pero sen que esa exploración, por arriscada e aventurada que sexa, teña consecuencias na vida real das persoas que participan no xogo. O teatro configúrase así como un marco espacial e temporal de indagación e investigación que constitúe unha escola de vida, pois nel as persoas poden vivir todo tipo de situacións, personaxes e conflitos, e diante deles tomar todo tipo de resolucións. Pero, ademais, os resultados desa exploración poden ser mostrados

ante os demais, sexa no grupo, sexa fóra do grupo, analizados e comentados, polo que cabe o debate e a deliberación diante dunha determinada toma de decisións, ou dunha forma de ver e entender o mundo.

Por iso o teatro, sendo en si un xogo, como afirmaba Peter Brook, acaba por ser moito máis que un xogo, en tanto o xogo conforma procesos de ensinanza e aprendizaxe en moi diferentes direccións, a maioría deles vinculados con iso que agora se denomina "competencias básicas", pero sobre todo cunha formación integral que se ocupe da formación dos afectos, das emocións, dos sentimentos, da vivencia corporal, da identidade, da comprensión da alteridade, dun ser pleno.

Unha das maiores críticas que se poderían ter feito, e xamais se formularon nos espazos do saber pedagóxico, a todas as reformas educativas que foron, reside na enorme distancia existente entre o espírito, que se concreta en preámbulos e obxectivos xerais ou de etapa, e a letra, que se concreta nun currículo que, agás algunha excepción, xamais muda, pois as materias, mesmo atendendo a novas denominacións, seguen sendo as mesmas que nos anos cincuenta do século pasado. Unha das críticas maiores reside no feito de que o currículo que se establece na norma non abonda para conseguir os obxectivos xerais que se propoñen. E nesa dirección a escola nosa segue tendo máis de tradicional que de renovadora, por moito que mudasen tantas e tantas cousas.

Se analizamos os obxectivos e as competencias básicas de etapas educativas como a Educación primaria ou a Educación secundaria, podemos ver dificultades enormes para vincularlos de forma precisa coas materias que integran o currículo, sobre todo se consideramos os obxectivos e os contidos des-

tas últimas, máis centrados en competencias específicas que naquilo que se formula como educación integral.

Un dos feitos que mellor mostran esa distancia entre espírito e letra, e as contradicións que provoca, atopámolo, por exemplo, nas queixas permanentes ante a escasa competencia comunicativa do alumnado en linguas estranxeiras. Pois ben, quizais habería que comezar a considerar como a proba de selectividade en linguas estranxeiras conforma uns procesos de ensinanza e aprendizaxe que precisamente non se compadecen en nada coa competencia en comunicación oral, senón todo o contrario. O mesmo acontece cando en diversos foros, debates, e mesmo artigos de opinión, se lamenta a escasa competencia oral dos mesmos estudantes. Cando, como e de que maneira os mozos e mozas poden desenvolver esa competencia, que implica un uso oral permanente da lingua? Que dicir da competencia social, que implica un xogo permanente de roles para aprender a "actuar" en función do rol que cada situación nos demande? Onde se aprende a necesaria "dramaturxia da situación" da que tan ben escribiu Erving Goffman en *La presentación de la persona en la vida cotidiana*?

Un dos maiores problemas das reformas que xa foron radica precisamente en tentar establecer un programa realmente progresista, pois a LOXSE no seu espírito era una norma moi progresista, nun contexto sumamente tradicional, que comeza xustamente por garantir a supervivencia ou mantemento dun currículo tradicional.

Non hai moito, 9 de agosto de 2012, o profesor Luís Cortés, catedrático de Lingua Española na Universidade de Almería, publicaba en *El País* un artigo no que lamentaba que na escola española non se potenciase a

ensinanza do "discurso oral" e para iso reclamaba, en boa lóxica, máis horas para a materia de Lingua. Típico e tópico, e non por iso desacertado. Pero, ao final todos reclaman máis horas de Historia, de Filosofía, de Lingua... sen chegar a pensar que o currículo de cada etapa educativa debería configurarse a partir dos obxectivos que se formulan e queren acadar, e analizando polo miúdo cómo cada obxectivo se vai concretar en qué maneiras de saber, de facer ou de ser, iso que agora se chaman competencias.

Vexamos por exemplo, as constantes referencias á "resolución de problemas". Que problemas queremos que saiban resolver os nenos e nenas, os mozos e mozas? Pois ben, son problemas de matemáticas, de historia, de lingua, de física, de coñecemento do medio..., pois resolución de problemas equivale simplemente a realización de exercicios, sen máis. Pero esquecécese outros problemas que son fun-

damentais e que afectan á construción da persoa, da súa identidade, da súa autonomía, das súas relacións, e que tamén se relacionan co aprender a ser, co aprender a convivir, con eses piares básicos dos que falaba Delors e que en España non sempre son construídos, nin sequera considerados.

Calquera persoa que teña realizado algunha experiencia teatral na escola poderá dar conta das moitas posibilidades que aparecen cando se activa o xogo do teatro, sexa unha actividade de carácter expresivo, sexa un obradoiro para facer un espectáculo. Pero esas posibilidades derivan xustamente da propia natureza do xogo que se pon en marcha, o xogo de xogar a ser todo aquilo que haxa que ser, ou que decidamos ser. Porque o teatro é unha actividade colectiva que esixe un traballo en grupo que sempre xera unha determinada dinámica que nos aprende a traballar cos demais,





Teatro de rúa da man de Os Quinquilláns.

pois require unha relación permanente coa alteridade, a dos compañeiros e compañeiras de clase ou grupo, e a dos personaxes que creamos ou recreamos, e unha exploración permanente de situacións e conflitos e das solucións aos mesmos. O teatro para que poida ser, ten que ser acción, palabra, movemento, implicación, compromiso, grupo, conflito e solución. E todos estes principios que constitúen a esencia da educación teatral son de aplicación en todo tipo de espazos, formais e non formais, desde unha Escola Infantil até unha Escola Municipal de Teatro. O xogo do teatro non coñece límites nin idades, e por iso ten tantas aplicacións, desde un proceso de desenvolvemento comunitario até unha aula da terceira idade.

Por todo iso, desde hai moitos anos algunhas persoas veñen reclamando das administracións educativas unha maior presenza das ensinanzas teatrais nas etapas da educación obrigatoria, e por iso mesmo as administracións educativas veñen negando tal posibilidade, como tamén se nega desde outras

instancias académicas. Cando se puxo en marcha a LOXSE, no currículo de Primaria non só existían tres áreas de expresión (plástica, musical e dramática) que contaban só con dúas horas no horario escolar (unha para expresión plástica e outra para expresión musical), senón que o número de procedementos de carácter dramático e teatral que se aconsellaban nas orientacións metodolóxicas doutras materias era moi elevado. Pero nas Escolas de Formación do Profesorado, hoxe Facultades de Educación, xamais se considerou incluír docencia específica e especializada en Didáctica da Expresión Dramática. Sendo a Animación teatral un ámbito especialmente transcendental no campo da Educación social, xamais se contemplou a integración dunha formación específica nese campo no currículo deses estudos, malia as moitas oportunidades laborais que abre aos titulados e tituladas. No Estado, en Galicia, aínda persisten vellos prexuízos contra o teatro e contra a súa xente, tamén en relación coa súa dimensión educativa malia que centos de investigacións empíricas en todo

o mundo teñan mostrado e demostrado que o teatro é a máis poderosa ferramenta educativa, en tanto o xogo teatral implica a participación da persoa enteira, e resulta por tanto unha experiencia educativa integral.

Sempre se dixo que España, en materia educativa, padecía un considerable atraso en relación con Europa. No caso da educación teatral ou das ensinanzas teatrais ese atraso é especialmente grave, e non só no que ten que ver cos niveis da educación obrigatoria, senón noutras etapas. Non temos aínda, a diferenza do que ocorre en todo o mundo, no campo da Formación Profesional unha familia propia das Artes do Espectáculo, que conteña unha oferta adecuada ás necesidades e demandas do propio campo, e de numerosos perfís profesionais, desde a iluminación á tremoia, e en Galicia carecemos dun centro específico no que formar eses profesionais, tan necesarios.

No ámbito dos estudos superiores, as ensinanzas de Arte dramática, xunto coa Escola que as ofrece, esmorecen, malia o esforzo do seu profesorado e a implicación do seu alumnado, nun territorio propio da ensinanza secundaria, cando en principio deberían estar plenamente integradas no Espazo Europeo da Educación Superior. Tanto no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como nas universidades galegas, negan e rexeitan a integración destas ensinanzas na universidade, o que non só permitiría que o alumnado que as cursa puidese ter unha titulación recoñecida en toda Europa, senón tamén o fomento de estudos de posgrao específicos e unha investigación aplicada propia, segundo demanda a lexislación vixente aplicable. Esquecen as autoridades educativas e académicas que en todo o mundo as ensinanzas de

Arte dramática son universitarias ou están adscritas a universidades. A maior parte das consideradas mellores universidades do mundo ofrecen estudos en Arte dramática, tanto para os profesionais da escena, como para os profesionais da educación teatral. Así acontece, por exemplo en The University of Warwick, en The New York University, ou na Université du Québec, onde existen importantes programas de investigación vinculados coa Pedagogía teatral, que tamén está a coller forza en institucións similares de Colombia, Brasil, Chile ou Arxentina.

Por todo o anterior, cando falamos de educación e teatro, falamos de algo máis que un xogo, pois falamos, en suma, de cuestións que teñen moito que ver coa idea de país que queremos facer, coa idea de persoa que poidamos ser, coa idea de educación que queremos ter. Falamos de converxencia con Europa, tamén naquelas boas cousas e boas prácticas que poidan vir de Europa. En educación teatral queda un mundo por andar. ■

BIBLIOGRAFÍA

- BARKER, CLIVE (2011): *Xogos teatrais*, Vigo, Galaxia.

- BOLTON, GAVIN (2009): *A expresión dramática na educación. Argumentos para situar a expresión dramática no centro do currículo*, Vigo, Galaxia.

- SLADE, PETER (1978): *Expresión dramática infantil*, Madrid, Santillana.

- VIEITES, MANUEL F. (2012): "Después de la LOE. Presente y futuro de la educación teatral en España en los inicios del siglo XXI. En *Don Galán, revista de investigación teatral*, 2.

<http://teatro.es.contenidos/donGalan/donGalanNum2/sumario.php>

PUBLICIDADE

EXPOSICIÓN



LUCES DE ALÉN MAR

AS ESCOLAS DE AMERICANOS EN GALICIA

No centenario fundacional das Sociedades Galegas de Instrución radicadas en América e das súas realizacións académicas nas localidades de procedencia

Organizadores

Arquivo da Emigración Galega. Consello da Cultura Galega
Secretaría Xeral de Emigración. Xunta de Galicia

Comisariado

Vicente Peña Saavedra

Documentación

Carolina García Borrazás
M.ª Teresa García Domínguez



**A Semente que agromou. Umha
aproximaçom à Semente Compostela
e às Escolas de Ensino Galego.**

“Grupo de traballo pedagógico-lingüístico da Semente Compostela”

info@sementecompostela.com

EXPERIENCIAS

AS NOSSAS RAZONS E A NOSSA HISTÓRIA.

Há três anos que as conversas informais sobre a necessidade dumha escola nacional em galego cristalizaram na criação dum grupo de trabalho, na assembleia geral da Associação Cultural compostelana A Gentalha do Pichel. Este grupo tinha a tarefa de estudar a possibilidade de abrir em Compostela umha escola baseada na prática da imersom linguística; logo de alguns meses de pesquisas e cálculos, encontrar um local precipitou a decisom de irmos a sério e abrir o grupo de trabalho ao conjunto de associadas e associados da Gentalha. Depois de meses de trabalho, a 2 de Novembro de 2011 abrimos a Semente, um centro para crianças de entre 2 e 6 anos no bairro da Vista Alegre, na nossa cidade. Pugemos-lhe o sobrenome de Escola de Ensino Galego, em lembrança das escolas que as Irmandades da Fala promoveram na Corunha a começos do século XX, impulsionadas por Leandro Carré e Ángelo Casal. Queríamos renegar de sermos algo novo, e emarcá-los numha corrente histórica, ao lado dos milhares de pessoas que crêrom e cremos na necessidade dum ensino galego, e no direito de educar as nossas crianças na nossa língua.

Sirva este primeiro parágrafo como resumo apressado dum processo que continua aberto e que com certeza precisa de ser explicado mais pormenorizadamente. Começemos polos números. Na página web do Instituto Galego de Estatística, na pestana de cultura e lazer, estão colocadas inúmeras estatísticas sobre uso das duas línguas que se falam maioritariamente no nosso país. Em todas elas se aprecia umha descida de falantes de galego entre faixas etárias. Numha estatística de 2008 para toda a Comunidade Autónoma da Galiza, a percentagem

de pessoas de 5 a 14 anos que sempre falam galego é de 15 %, enquanto para a faixa dos maiores de 65 é de 53 %. Essa diminuição é ainda mais acusada no caso de tomarmos os dados por sexo. No caso das mulheres o descenso de falantes é de 40 pontos percentuais, e dos homens de 36. Evidentemente, as estatísticas do castelhamo recolhem a tendência contrária.

Os dados som ainda mais preocupantes se atendermos a umha mostragem em função do lugar onde se mora. Para populações de mais de 50.000 habitantes a percentagem de pessoas que que falam só galego baixa a 11 %, e as que falam mais galego que castelhamo (seja o que for o que isto significa), só 21 %. Embora nom haja dados na página do IGE, nom é aventurado supor que estas percentagens baixam para as idades mais novas.

Atendendo à competência linguística a percentagem de pessoas em populações de mais de 50.000 habitantes que fala galego com competência maior ou igual que o castelhamo é de 46 %. Mas se atendemos à competência na escritura, esta percentagem baixa à metade. Isso significa que a metade de pessoas que utilizam o galego nas cidades nom o sabe escrever ou polo menos nom com a correção que escreve castelhamo, apesar da proximidade com a espanhola da norma galega promovida polas instituições.

Mas por cima de estatísticas melhor ou pior elaboradas, isto vê-se, escuita-se, sente-se. Disso falávamos as pessoas que militávamos na Gentalha há três anos. Nom é difícil passar o dia sem escuitar nem umha palavra de galego para umha pessoa galegofalante de 30 anos numha cidade galega, fora das palavras próprias. Talvez esse facto nos desse sensação de vertigem, de ansiedade por desaparecermos, por ficarmos apeadas da

história. Em palavras mais simples, por nom pintarmos nada.

Sabíamos das razões desta mudança, e de como outras nações em situações semelhantes invertiram a tendência ou conseguíram travá-la. Escuitávamos falar das Ikastolas no País Basco, das escolas Diwan na Bretanha. Polo caminho descobrimos também as Bressolas na Catalunha Norte, as Calandretas ocitanas, as escolas alsacianas... A escola nom é mais do que umha parte da solução, mas nom há solução sem escola. Umha escola que, para além da língua veicular, reforce a autoestima linguística das crianças, e ofereça umha visom do mundo autocentrada. O ensino em galego deve ser também um ensino galego, pensado por e para a Galiza.

Sonhávamos com umha rede de Escolas de Ensino Galego a agromar polo país, um currículo nacional galego, umha linha completa educativa em cada cidade. Queríamos-lo todo. Demonstrar pola via dos factos que o ensino em galego é umha necessidade e umha demanda social.

Mas queríamos sobretudo realidades: um lugar onde levar os nossos amigos e amigas quando nos perguntarem que ensino queremos para as nossas crianças, para a o nosso país. Nisso pensávamos há três anos. Hoje temos umha Semente a agromar ao pé do Sarela, um centro com 12 crianças, talvez mais algumha quando estiveres a ler isto. Desculpa as pressas e os erros cometidos, mas cremos que é urgente.

E O QUE É ISSO DA IMERSOM?

As bases do processo de imersom linguística na Semente estão firmemente assentes na educação afetiva, na aprendizagem lúdica e no método comunicativo. Respeitando a primeira língua do alunado mais castelhamo-falante, o processo



de imersom coloca a nossa língua como língua de uso normal entre profesorado e alunado e pretende aumentar o uso da língua nas interaçõs entre o próprio alunado menos galego-falante chegando a fazer da nossa língua a de uso habitual. Consideramos que a aquisiçom de língua deve ser um proceso de enriquecimento e nom de substituiçom.

A Escola de Ensino Galego Semente junta-se aos procesos históricos de imersom que desde finais do século XX, do Quebec até Euskal Herria, das escolas Diwan na Bretanha até as Bressolas na Catalunya norte, tenhem como objetivo fazer da língua minorizada, e aqui também já minoritária entre a infância, a língua de escolarizaçom. Semente ativa umha imersom total precoce, entre os 2 e os 6 anos.

Isto exige das pessoas que participam neste proceso, docentes, maes e pais, ativistas e co-

laboradoras, umha implicaçom direta com a criatividade social e a participaçom num proceso de transformaçom social comunitário. A Semente funciona pulando pola inovaçom pedagógica, pola atualizaçom constante, pola criaçom própria de materiais didáticos, pola preocupaçom incessante em torno da reflexom sociolingüística e das intervençõs educativas num proceso educativo que afeta nom só as crianças mas também docentes, maes, pais e pessoas colaboradoras. O modelo de imersom tem um enfoque sociocultural, com umha importância central dos procesos psicológicos em relaçom com os procesos sociais, especialmente visível no tratamento de preconceitos, por exemplo.

No proceso de ensino aprendizagem interessa-nos muito a transferência de responsabilidade do profesorado ao alunado, já que que a profesora é a pessoa facilitadora dumha atividade lingüística que se cria

conjuntamente. Mas nom podemos esquecer que na Semente também nos preocupa a criatividade lingüística entre iguais, entre as próprias crianças, e nesse contexto de interaçõs consideramos que é mui interessante intervir, como estão a fazer em experiências de outros países, nomeadamente nas Escolas Bressolas da Catalunya norte, como pudemos conhecer de primeira mao nas Jornadas de Língua organizadas pola Gentalha do Pichel em 2013.

A Semente está a procurar o seu próprio proceso de investigaçom, experimentaçom e intervençom na imersom lingüística, adequado às próprias crianças. Baseamo-nos em estratégias de motivaçõs positivas, situaçõs de comunicaçõs reais, de construçom de identidade lingüística, de uso lúdico da linguagem, de valoraçom do plurilingüismo e da multiculturalidade, de conhecimento de outras realidades sociolingüísticas próximas à nossa -como o Curdistám com um intercâmbio com umha escola de Amed, ou Euskal Herria através dos palhassos Pirritx e Porrotx- e, portanto, do conflito lingüístico.

Na Semente também estamos a desenvolver um pequeno proceso de investigaçom sobre a intervençom cujos resultados, como estamos a observar já informalmente, podem ser mui interessantes em relaçom aos velhos medos sobre a substituiçom lingüística e às novas dinâmicas de transformaçom em favor da nossa língua.

UMHA PEDAGOGIA PARA A IMERSOM

A inquietude primeira à hora de embarcarmo-nos nesta aventura foi a lingüística, mas o objetivo de imersom pode atingir-se através de caminhos diferentes. Nós escolhemos o nosso. Logo de muitos debates e longas juntas decidimos que nom iríamos da mao dumha pedagogia em

particular senom que fazia mais sentido, ainda que o caminho fosse mais longo e trabalhoso, ir criando nós a nossa própria metodologia através da praxe e apoiando-nos nos aspectos das diferentes teorias pedagógicas que melhor se adaptassem aos nossos ideais educativos.

“...ela é a tua meta, o teu destino. Mas nom apresses nunca a tua viagem. É melhor que dure muitos anos e recales na ilha sendo velha, rica de quanto conseguiste no caminho...”

Quais som estes ideais? Estamos a trabalhar dia a dia para conseguir que a Semente seja: Um espaço de umha pedagogia transformadora, entendendo o nosso centro como parte integrante da sociedade, ao serviço dos interesses populares, isto é, garantindo a todas um processo de ensino aprendizagem democrático, fazendo possível que as crianças sejam cidadás livres e críticas.

Um centro de ensino galego, onde todas as atividades sejam desenvolvidas em galego, favorecendo a aquisição, conservação, cuidado e consolidação do nosso idioma. Entendendo o idioma galego e seu carácter internacional como parte indissolúvel da nossa cultura, da nossa história e do nosso futuro.

Um espaço de criatividade e inovação, em que se proporcionam as ferramentas necessárias para o desenvolvimento das capacidades artísticas e a imaginação das crianças. Com o pensamento criativo ou lateral as crianças observam as situações e os problemas de todos os ângulos possíveis, pois existe mais de umha resposta para resolver umha questom.

Um centro laico; a educação laica representa a liberdade de consciência e do direito humano, da tolerância e da democracia. Umha escola livre de toda imposição, propaganda e doutrinação religiosa.

Um espaço de coeducação, onde fornecer umha educação integral, baseada na igualdade de género em todos os aspectos da vida. Um espaço nom patriarcal e sem machismo, onde se favorece que as nossas crianças caminhem para o empoderamento, quer dizer, assumam o controlo da suas próprias vidas.

Um centro que se rege de modo assemblear, com um modelo de decisom em que participam dumha forma horizontal pais, maes, educadores, educadoras e crianças. As educadoras e as famílias mantem umha relação direita e de confiança no que diz respeito à educação conjunta das crianças.

Um espaço para umha educação inserida na natureza, em que a criança percebe os valores ambientais da nossa terra mediante interação com o ambiente, através das saídas, roteiros, uso da horta, etc..., mas também em todo o que atinge ao espaço da escola, como o uso de materiais reciclados ou o consumo responsável.

Um centro em que se defende a liberdade responsável, o respeito e a autoregulação; a educadora e o educador confiam na criança; respeitam-na como pessoa respeitando também as suas emoções, procurando proporcionar as ferramentas para que solucionem os seus conflitos por si mesmas. Um centro onde se favorece a tomada de consciência da sua liberdade, mas também da existência de uns limites básicos de respeito a outras pessoas e ao seu entorno.

Um espaço educativo interativo, em que as educadoras som mediadoras e acompanham a criança no seu processo de aprendizagem; a relação pedagógica consiste no provimento das condições em que educador e criança podam colaborar para realizar essas trocas que fa-

voreçam o desenvolvimento integral e a aprendizagem mútua.

Um centro em que a relação entre professorado e estudantes conviva num mesmo plano de entendimento e respeito mútuo. É mediante o amor, a compreensom e a empatia que pais, maes e professorado melhor podemos levar estes princípios.

Um espaço de interculturalidade, em que as crianças compreenderám a importância e o respeito a outras culturas que vivem no nosso país para integrar, crescer e trabalhar conjuntamente.

Um centro aberto à comunidade, que mexe com a realidade do bairro e da vizinhança de Compostela; queremos umha educação ligada à realidade do povo.

Mas qual é o melhor jeito de atingir estes objectivos? Logo de estudar diferentes metodologias chegamos à conclusom de que o trabalho por projetos com um marcado enfoque transformador era umha boa forma de achegarmo-nos ao nosso ideal pois:

As temáticas a trabalhar som algo que interessa ao grupo porque nasce dumha reflexom inicial sua e está contextualizado.

O processo de ensino-aprendizagem é global, nom está compartmentado em áreas fechadas.

A informação obtida resolve um conflito ou problema social.

O trabalho é responsabilidade do grupo onde todas e todos somos seres ativos e criadores de conhecimento.

É um trabalho ativo e criativo com diferentes soluções onde o final da historia nom é contado ninguém, senom que somos nós a escrevê-lo.■



A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NAS REDES SOCIAIS

Espazo patrocinado por:



Secretaría Xeral de Política Lingüística

Segundo o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG) un dos obxectivos da Secretaría Xeral de Política Lingüística é o de normalizar e dinamizar a lingua no eido das novas tecnoloxías. O Plan, que foi aprobado no Parlamento galego o mesmo ano no que naceu a web 2.0, ten un aquel de visionario cando indica que “a eficacia neste sector [das novas tecnoloxías] vai ser a clave do futuro da lingua galega, porque do éxito deste sector vai depender a imaxe qu eos galegos e non galegos teñan desta lingua.”

Practicamente dez anos despois, a rede está integrada nas nosas vidas, no noso quefacer cotiá sen diferenciación. A mocidade, cualificada de residente dixital fronte aos denominados visitantes, vive na web 2.0 e desenvolve nela unha o varias identidades dixitais plenas. Deste xeito, a rede constrúese coma un proxecto colaborativo, de aquí a metáfora do espazo 2.0 entendido coma unha inmensa colmea, no que os propios usuarios estruturan e manteñen a arañeira. Este proceso de cultura participativa xera novos tipos de discursos baseados na pluriculturalidade e, polo tanto, no plurilingüismo. Con todo, temos que ter presente que a rede non é un gran cerebro social, senón que é máis ben unha trama de cerebros con conciencia individual, que si pode chegar a despertar a conciencia colectiva.

A web 2.0 supón a morte do espectador e fai que acade o primeiro plano o concepto de participación e isto conseguiu-se mediante determinadas ferramentas: blogs, wikis, espazos para compartir recursos, repositorios, etc. nas que o usuario é á vez creador de contidos. Entre estas foron tomando gran protagonismo as chamadas redes so-

ciais, ata o punto de que plataformas ou espazos que naceran con outra fasquía e funcións, a día de hoxe, mudaron ao formato de rede social.

Cando falamos de rede social estámonos a referir a unha ferramenta, un espazo virtual onde se reúne un grupo de usuarios unido por uns intereses ou vínculos que os definen como tal asociación. De acordo con esta definición podemos diferenciar entre redes sociais xeneralistas: Facebook, Twitter, Tuenti, Google+..., profesionais: Xing, Re-deiras, LinkedIn..., de afeccións: aNobii, Redelibros, Ikimap, Geonick, Uolala... A importancia do fenómeno das redes sociais do que vimos falando faise patente no número de usuarios activos nas redes mainstream como Facebook ou Twitter. A primeira conta a día de hoxe con máis de 1,100 millóns de usuarios mentres que a segundo produce diariamente uns 200 millóns de chíos e conta cuns 500 millóns de usuarios.

Polo que respecta ás linguas, no eido dixital, o mesmo que no analóxico, as linguas con maior número de recursos dispoñibles son aquelas con máis puxanza económica. A comunidade de usuarios é quen traballa de maneira desinteresada na expansión e tradución das ferramentas sociais. Grazas a unha angueira colectiva sen precedentes, a plataforma Facebook está traducida a máis de 70 idiomas, entre elas o galego. Así, é importante salientar que ademais das redes sociais creadas dende Galicia e en galego –Cabozo, Latri.ca, Re-deiras ou Sociocultura.org–, en lingua galega podemos interactuar dende o Facebook, Tuenti, Twitter, Google+ ou aNobii.

Malia que nestas redes sociais a tradución da ferramenta á lingua propia canalízase sempre



Acto de presentación da campaña "Redes sociais en galego". De esquerda a dereita os secretarios xerais de Cultura e Política Lingüística, Anxo Lorenzo e Valentín García respectivamente; a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira; o escritor Xosé Neira Vilas; o actor Rubén Ríos; o impulsor da iniciativa "Twitter en galego, XA!", Ian Vázquez; a escritora e presentadora María Canosa; a actriz María Mera e as gañadoras do I certame You Tube Space Lab, María Vilas e Laura Calvo.



a través da petición dos propios usuarios a Xunta de Galicia, en xullo de 2012, comeza a campaña "Redes sociais en galego" para dinamizar a lingua nas redes e darlle pulo así como facerse eco das peticións dos usuarios –como foi o caso da campaña Twitter en galego, XA!–. Trátase dunha campaña aínda activa que, en función dos intereses dos propios membros da rede, se podería dirixir a solicitar a versión galega de ferramentas como Instagram ou Pinterest, plataformas con gran forza arestora.

Como recalca o PXNLG "se o galego vai nese tren, probablemente suban a el sectores

como o comercial, o informativo, o xuvenil e o mundo urbano, que hoxe aínda manteñen certas desconfianzas ante a lingua propia de Galicia" polo que a dinamización da lingua no eido das redes sociais é un camiño fundamental na normalización do galego, e importante salientar que a lingua galega é unha realidade nas redes sociais porque hai un uso e unha demanda por parte dos propios usuarios.■

O Plan Audiovisual do CEIP Padre Manjón



Julita Fernández Díez

CEIP Padre Manjón (Burgos)

www.alumnosprimaria.blogspot.com.es

jferna35@gmail.com

No CEIP Padre Manjón de Burgos, os mestres e mestras do 3º ciclo de Primaria, xunto ao Equipo directivo, deseñaron un Plan Audiovisual que implica todo o profesorado e alumnado deste ciclo. Responsabilízase da súa coordinación a mestra Julita Fernández Díez.

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Acotío existen nos centros plans de lectura ou plans de mellora das competencias básicas, mais non adoita existir un plan de formación audiovisual, cando o mundo no que nos movemos actualmente convértenos a todos e todas en potenciais guionistas, directores, montadores e actores con só ter acceso a un móbil.

Deséñase como actividade globalizadora, centrada na educación mediática para traballar por competencias básicas. É unha experiencia que utiliza as novas tecnoloxías (blogues educativos) e crea materiais educativos.

OBXECTIVOS

Obxectivos para o alumnado:
Implementar nas aulas un Plan Audiovisual que sirva para traballar distintas áreas e as diferentes competencias básicas, de modo que os alumnos e alumnas:

- Utilicen as tecnoloxías da información e a comunicación como medio de expresión e procura de información, espertando un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Desenvolvan hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade, así como actitudes de confianza en si mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Coñezan e aprecien os valores que transmiten as películas, aprendendo a obrar de acordo

con eles para exercer activamente a cidadanía.

- Acudan ao cine como espectadores conscientes e cívicos, respectando as normas fundamentais das salas, desenvolvendo a capacidade de observación, a comprensión dos argumentos, profundando na mensaxe das películas, prestando atención aos planos, as personaxes, etc.

Obxectivos para o profesorado:

- Crear unha cultura educativa relacionada coa educación mediática e a importancia da linguaxe audiovisual nas nosas aulas, que impulse o traballo por competencias do noso alumnado, involucrando nesta experiencia tanto a comunidade educativa (familias, consello escolar, estudantes) como persoas relacionadas co mundo do cine.

Preténdese traballar de forma colaborativa nun contexto virtual, de forma que os mestres e mestras implicados contemos cunha rede educativa onde atopemos o apoio, información e formación necesarios para implementar nas nosas aulas un Plan Audiovisual.

TEMAS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Apostamos polo cine español e de preestrea. Obras de carteleira no cine e para as aulas. Pero ademais, como contidos do Plan Audiovisual inclúense nos nosos currículos:

- A linguaxe audiovisual como vehículo para a expresión de sentimentos, coñecementos e ideas.
- Coñecemento do funcionamento das ferramentas máis sinxelas que fan posible a comunicación audiovisual e multimedia, de forma que nos expresemos de xeito eficaz con estes tipos de mensaxes.
- Desenvolvemento da capacidade crítica para o consumo de produtos baseados na linguaxe audiovisual.

- Capacidade de elaborar mensaxes audiovisuais e multimedia, sendo conscientes da súa transcendencia e implicacións nas novas contornas colaborativas comunicativas.

- Capacidade de discernir entre as informacións que se poden compartir e as que convén preservar.

- Coñecemento e sensibilidade ante os conceptos de propiedade privada e de privacidade.

- Educación do espectador crítico e responsable.

- Capacidade de recoñecerse como interlocutores activos, especialmente a partir do uso das tecnoloxías que permiten a participación e a interactividade.

- Capacidade de analizar e de valorar as mensaxes audiovisuais e multimedia desde o punto de vista da innovación formal e temática e desde a educación do sentido estético.

- Capacidade de utilizar as novas ferramentas comunicativas para elevar o nivel de creatividade e da sensibilidade persoal e colectiva.


QUE PODEMOS FACER CUN PLAN AUDIOVISUAL NAS NOSAS AULAS?

- Educar as emocións con creatividade.

- Que a nosa escola estea aberta a outras escolas compartindo e traballando colaborativamente nos blogues das diferentes películas.

- Ensinar é fácil, o difícil é educar e co Plan audiovisual podemos:

- desenvolver o espírito crítico
- educar en valores
- colaborar coas familias
- establecer debates
- recibir propostas dos nosos alumnos e alumnas
- coñecer novas formas de expresar e compartir os nosos traballos con ferramentas TIC





- despertar a curiosidade nos nosos alumnos/as
- estimular as súas ganas de aprender
- facer traballo colaborativo en clase e con outros colexios
- valorar a importancia de facerse preguntas e de aprender dos erros

Que actividades temos levado a cabo na aula co Plan Audiovisual?

1. Actividades previas: procura de información do tema ou do lugar que imos ver na película.
2. Análise do que lles gustou ou non. Os alumnos/as sorpréndennos porque se fixan en detalles que pasan desapercibidos para nós como persoas adultas (<http://katmandulapelicula.blogspot.com.es/2012/02/3-x-1-en-burgos-katmandu-un-espejo-en.html>)
3. Cartas e poemas (<http://tambienlalluvia2010.blogspot.com.es/2011/01/canto-al-agua.html>) dedicados aos máis desfavorecidos, que lles axudan a valorar o que eles si teñen.
4. Glogsters (<http://grupoclase2.edu.glogster.com/nepal/>), murais expositivos sobre datos

históricos ou xeográficos relacionados coa película.

5. Traballo colaborativo con Google docs, facendo presentacións cuxas diapositivas son a suma de varios alumnos/as.
6. Cine fórums (<http://katmandulapelicula.blogspot.com.es/2012/02/cine-forum-sobre-katmandu-un-espejo-en.html>) sobre a película.
7. Cómicos (<http://suenoinaveducacion.blogspot.com.es/2011/10/nuestros-comics-sobre-el-sueno-de-ivan.html>) que expresan os valores nos que teñen reparado.
8. Actividades de gravación en vídeo (<http://paraquesirveunoso.blogspot.com.es/2011/04/visita-de-tom-fernandez-burgos-3-parte.html>) empregando trucos audiovisuais coa técnica *chromakey* que posteriormente amosan aos directores de cine que veñen ás nosas aulas (<http://suenoinaveducacion.blogspot.com.es/2011/10/roberto-santiago-nos-ensena-5-parte.html>).
9. Agradecementos (<http://veoquijotesincopado.blogspot.com.es/2013/05/gracias-santiago-nicolas-y-patricia.html>) á valoración dos nosos traballos.

10. Convidar outras clases (<https://vimeo.com/30199380#at=0>) e outros centros (<https://vimeo.com/30519952>) ás preestreas.

11. Dobraxes (<http://veoquijotesincopado.blogspot.com.es/2013/05/el-quijote-presidente-del-gobierno-en.html>) inventadas.

12. Facer animacións con secuencias cuxo guión deben preparar entre varios.

13. Facer debates gravados en vídeo cuxos presentadores sexan persoas tímidas, o que dalgún xeito lles fai sentirse importantes na actividade e que, aos poucos, van superando os medos de enfrontarse a unha cámara.

14. Describir os protagonistas educando a intelixencia emocional.

15. Facer expresións orais de algo que aprendemos e que queremos compartir cos demais.

16. Investigar sobre temas físicos ou químicos e gravar o seu proceso cun vídeo tutorial ou para facer de profesores na aula, desenvolvendo deste xeito o gusto pola ciencia.

17. Facer vídeos, fotocall, podcast, con entrevistas ás súas familias, aos seus propios compañeiros/as, etc.

18. Inventar historias narradas e compartilas con ferramentas dixitais tipo *Calameo*.

19. Facer os nosos propios mapas xeolocalizados de itinerarios, monumentos, ríos... con *Google maps*.

20. Liñas do tempo con eventos desenvolvidos con texto, imaxe, vídeo ou audio.

21. Utilizar programas informáticos para facer retoque fotográfico (<http://paraquesirveunoso.blogspot.com.es/2011/04/regalo-para-tom-fernandez-y-su-equipo.html>) que logo regala-

lamos aos directores que nos visitan.

22. Publicar no blogue de aula e nos correspondentes ás películas todos estes traballos realizados na aula, ler os comentarios que outras persoas nos fan, e valorar os doutros alumnos/as que xa consideramos os nosos amigos virtuais, como os *Blogmaníacos*.

Que ao terminar a clase, como profesora, me sinta feliz, con harmonía e alegría, o que dalgún xeito contribúe a que os cativos e cativas sexan persoas máis felices porque nos permite educar desde o corazón.

REALIZACIÓN DO PROXECTO

- Asistencia a proxeccións cinematográficas (preestreas).
- Traballos individuais ou colectivos dos alumnos/as antes e logo das proxeccións.
- Publicación dos seus traballos en Internet.

TEMPORALIZACIÓN

Ao longo de todo o curso escolar.

MATERIAIS:

- DVD
- Películas en carteleira.
- Cine en streaming.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- Saídas ás salas de cine para ver as preestreas.

INDICADORES DE AVALIACIÓN:

- Cantidade e calidade de materiais elaborados
- Grao de satisfacción do alumno polo traballo realizado
- Grao de satisfacción do profesorado
- Nivel de participación dos alumnos/as
- Nivel de coordinación dos profesores/as



- Nivel de participación das familias
- Outras persoas ou outros recursos utilizados; diversas achegas.

Este Proxecto foi deseñado seguindo o modelo o Plan Audiovisual da Tribo 2.0 (<http://katmandulapelicula.blogspot.com.es/p/tribu-20.html>), un colectivo de profesores e profesoras unidos na rede "Cero en conducta" (<http://ceroenconducta.ning.com>) onde se anima a participar de forma aberta, activa, dinámica e colaborativa a quen o desexe. Este grupo está coordinado por Mercedes Ruiz, e levamos traballando estes últimos anos en moitos blogs colaborativos que abrimos logo de cada preestrea. Algúns exemplos:

Día Europeo de las Lenguas 2010: <http://diaeuropeolenguas2010.blogspot.com.es/search/label/Burgos>

Nueva expedición de Colón: <http://diahispanidad2010.blogspot.com.es/search/label/Burgos>

También la lluvia: <http://tambienlalluvia2010.blogspot.com.es/search/label/Burgos>

Día del libro en el siglo XXI: <http://diadellibro2011.blogspot.com/search/label/Burgos>

Para qué sirve un oso: <http://paraquesirveunoso.blogspot.com/search/label/Burgos>

El sueño de Iván: <http://suenoinaveducacion.blogspot.com.es/search/label/Burgos>

La guerra de los botones: <http://laguerradelosbotones2011.blogspot.com/search/label/Burgos>

Katmandú, un espejo en el cielo: <http://katmandulapelicula.blogspot.com/search/label/Burgos>

Apreciando arrugas: <http://arrugasapreciadas.blogspot.com.es/search/label/Burgos>

Formando al futuro espectador: <http://educandoalfuturoespectador.blogspot.com.es/search/label/Burgos>

Educando en mundos sutiles: <http://educandoenmundos.blogspot.com.es/search/label/Burgos>

Veoquijote: <http://veoquijote-sincopado.blogspot.com.es/search/label/Burgos> ■

Diccionarios en liña



Teresa Meixide Portos

Profesora de Lingua e Literatura do IES de Curtis

tmeixide@edu.xunta.es

Desde que Aguirre del Río (Dodro, 1840 - Madrid, 1866) rematara no ano 1858 o *Diccionario del dialecto gallego*¹ -considerado como o primeiro dicionario da nosa lingua²- ata os nosos días, moitos foron os cambios operados no ámbito da nosa lexicografía. O maior de todos eles foi, sen dúbida, a incorporación como instrumentos de traballo da informática e das novas tecnoloxías a esta disciplina lingüística. Froito desta colaboración xorden novas áreas de coñecemento, como a Lingüística Computacional, definida como a aplicación dos métodos da intelixencia artificial ao tratamento de cuestións lingüísticas. A creación do Seminario de Lingüística Informática (SLI) da Universidade de Vigo³, por citarmos algún exemplo, é unha boa mostra da aplicación conxunta destas disciplinas.

A utilización da informática nos traballos lexicográficos resultou tan revolucionaria como a invención da imprenta, pois o seu uso modificou aspectos fulcrais no terreo da teoría e da práctica lexicográfica. A maior innovación metodolóxica produciuse coa introdución dun novo soporte de traballo asociado ao mundo da informática: a base de datos (BD). Este concepto, definido como o almacenamento organizado e sistematizado da información, revolucionou a forma de traballar da lexicografía actual, posto que desterrou a ficha bibliográfica como instrumento que se viña utilizando para tal fin desde o século XVIII. Unha BD posibilita acceder a inxentes cantidades de información dunha forma rápida e ben estruturada, permitindo unha doada revisión dos datos recompilados.

¹ Este manuscrito, inédito en vida do autor, saíu do prelo por primeira vez en 2007 baixo a supervisión da profesora Carme Hermida Gullas, sendo publicado polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas e polo Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos.

² Este traballo foi rematado cinco anos antes da publicación do que se considerou durante moito tempo o primeiro dicionario da nosa lingua. Trátase do *Diccionario gallego-castellano* da autoría de Francisco Javier Rodríguez (1779-1854), editado en 1863 por Antonio de la Iglesia González como suplemento da revista *Galicia*.

³ <http://Webs.uvigo.es/sli/>

Pola súa parte, o uso das novas tecnoloxías dan como resultado novos produtos de grande utilidade: os dicionarios en liña, que desde hai aproximadamente unha década comezan a usarse de forma xeneralizada á par dos tradicionais dicionarios impresos. Describir estes novos dicionarios é o obxectivo da seguinte parte do noso traballo.

DICIONARIOS EN LIÑA

Atendendo a criterios lingüísticos, distinguiremos entre dicionarios monolingües, bilingües e plurilingües.

Dicionarios monolingües

Dicionario da Real Academia Galega (RAG)

A primeira versión electrónica do dicionario de referencia da RAG data de 1997. No 2012 publícase unha nova edición, coordinada polos académicos Manuel González e Antón Santamarina, que recompila arredor de 50.000 entradas. Conta cun sistema de predición que facilita a procura dos termos e integra o Dicionario de pronuncia da lingua galega, recurso que nos permite escoitar 60.000 pronuncias do léxico común galego na súa variedade estándar. Ademais, fai posible compartir os seus contidos a través de Twitter, destaca nun lateral unha palabra á toa e facilita un código para integralo na nosa páxina web. No mes de xuño de 2013 procedeuse a unha nova actualización do dicionario, posibilitando acceder a tres tipos de busca: simple, avanzada e de sinónimos. Alén disto, esta nova versión reformulou a estrutura das súas entradas e permite consultalo tamén a través da web *Portal das Palabras*, espazo dixital ao que faremos referencia ao final deste artigo.

Web: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>

Dicionário electrónico Estraviz

Do ano 2005 data a primeira versión deste dicionario dirixido polo profesor Isaac Alonso Estraviz, que conta na súa segunda edición (2009) cun banco de datos de 121.505 entradas. Este dato convérteo no máis completo dos dicionarios existentes. Pódese efectuar unha busca avanzada na que se dá a opción de introducir o lema segundo a Ortografía Galego-Portuguesa ou a Ortografía ILG-RAG. Como complemento dispón de tres xogos didácticos enfocados á aprendizaxe e corrección do noso léxico: "analogías", "falsos amigos" e o "Trivial e-Estraviz". Igual que o da RAG, este dicionario pódese integrar na nosa páxina web. Desde o ano 2011 é posíbel consultalo no móbil a través da web <http://m.estraviz.org>.

Web: <http://www.estraviz.org/>

Dicionario de galego Ir Indo

Estreouse oficialmente na Rede no 2008 en código aberto, deixando de ser gratuito desde o ano 2010. Este dicionario recolle máis de 65.000 entradas e pódese realizar a busca partindo de lemas en portugués, castelán, inglés e alemán. Após o étimo, a entrada tradúcese ao portugués, castelán e inglés. Moitos vocábulos presentan tamén a tradución ao francés, italiano, chinés e alemán. Conta ademais con tres seccións despregábeis: conxugador de verbos, repertorio de formas incorrectas e apéndice gramatical. Pódese acceder a este recurso dende o móbil a través de wap.digalego.com

Web: <http://www.digalego.com/diccionario/html/index.php>

Dicionarios bilingües galego - francés

Salientamos estes dous dicionarios que permiten buscas bidireccionais:

FREELANG Dictionnaire en ligne Galicien-Français et Français-Galicien

Conta con 1.931 entradas na dirección galego-francés e 1.820 entradas na dirección francés-galego, segundo datos do Centro Sociolingüístico de Galicia.

Web: <http://www.freelang.com/enligne/galicien.php>

Dicionario CLUVI francés-galego

Contén na súa última versión (2009) 1.772 entradas e 3.569 traducións.

Web: <http://sli.uvigo.es/CLFG/clfg.html>

Inglés-galego

Dicionario CLUVI inglés-galego

A última edición revisada é do ano 2012, contendo 20.000 entradas e 30.000 traducións.

Web: <http://sli.uvigo.es/diccionario/clig.html>


Español-galego

Dicionario CLUVI español-galego

A última versión (2011) consta de 2.468 entradas e 3.404 traducións.

Web: <http://sli.uvigo.es/CLEG/cleg.html>





Os dicionarios CLUVI descritos elabóranse no Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo, debéndose ao profesor Xavier Gómez Guinovart a coordinación do traballo. Todos eles presentan a mesma microestrutura: lema, categoría gramatical, tradución, exemplo de tradución na que se rexistra o lema, e a referencia abreviada da fonte. Estes dicionarios permiten buscas bidireccionais.

Galego-latín

Diccionario galego-latino clásico e moderno

Publicouse no ano 2010 polo Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades. Na rede é posíbel a súa consulta en formato pdf. Contén 22.468 entradas.

Web: http://www.cirp.es/pub/docs/varios/diccionario_galego_latino.pdf

Diccionario multilingüe

LOGOS Multilingual Traslation Portal

Diccionario en liña creado pola empresa europea Logos Group. Púxose en funcionamento no ano 1995 e na actualidade posúe 7.580.560 de entradas en máis de 200 idiomas, entre os que se atopa o noso. Tamén conta cun dicionario Logos infantil.

Web: <http://www.logosdictionary.org/index.php>

E non podemos pechar o noso artigo sen referenciamos o novo espazo web que vén de presentarse –xuño de 2013– relacionado co estudo, difusión e didáctica da nosa lexicoloxía e lexicografía. Estámonos a referir á páxina *Portal das palabras*, espazo que xorde froito da colaboración do Seminario de Lexicografía da RAG e da Fundación Barrié de la Maza. Esta web preséntase estruturada nas seccións: *Información* (preséntase o portal), *Léxico* (achega información sobre temas lexicográficos actuais, hipóteses etimolóxicas e exemplos de uso), *Vídeos* (pequenas pezas audiovisuais nas que un membro da RAG ou outro especialista disertan sobre o significado de determinados vocábulos), *Xogos* (ferramentas interactivas que teñen por obxectivo ampliar e reforzar o noso coñecemento lexical) e *Didáctica* (recursos para traballar na aula relacionados coa temática desta web). Comentaremos por último que, tal e como xa adiantamos, podemos achegarnos desde este portal ao Dicionario da RAG, sendo posíbel descargar desde aquí versións deste recurso para teléfonos móbiles con sistemas iOS ou Android.

Web: <http://www.portaldaspalabras.org/info>


CONCLUSIONES

Os dicionarios descritos neste artigo, agás o Ir Indo, son gratuítos. Todos eles amosan versións en permanente proceso de actualización e presentan, asemade, unha grande capacidade de almacenamento da información

lexicográfica sen ocupar espazo. Estas características, entre outras, convértenos en instrumentos de traballo máis vantaxosos que os dicionarios impresos. Alén disto, a presenza deste tipo de recursos electrónicos na nosa lingua contribúe ao seu proceso normalizador. ■

BIBLIOGRAFÍA

- ÁGUILA ESCOBAR, G. *Las nuevas tecnologías al servicio de la lexicografía: los diccionarios electrónicos*. Web: <http://www3.unileon.es/dp/dfh/SEL/actas/Aguila.pdf>
- ÁLVAREZ LUGRIS, A. *O diccionario inglés-galego*. Web: http://Webs.uvigo.es/sli/arquivos/longa_lingua08.pdf
- CODESIDO GARCÍA, A.I. *Lingüística Computacional*. Web: http://www.usc.es/fac_filoloxia/arquivos/LINGCA/LINGSTICA_COMPUTACIONAL.pdf
- FRESCO BARBEITO, V.: *Diccionario galego-latino clásico e moderno*, X. López Díaz. Web: <http://www.realacademiagallega.org/documents/10157/142cb0d8-a96f-4301-b65f-e8cf14760a66>
- FROMM, G. *Dicionários em sala de aula: como aproveitá- los bem*. Web : <http://www.ileel.ufu.br/gui-fromm/upload/dicionariosemsala-deaula.pdf>
- GÓMEZ GUINOVART, X. *Lingüística computacional*. Web: <http://Webs.uvigo.es/sli/arquivos/xerais.pdf>



engádeste?
engádeste?
engádeste?

Unha lección de ecoloxismo

IR Á TRAPALLADA



Manuel Rodríguez Vázquez, *Charrancas*

Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional

agxpt@telefonica.net

Non é deporte, nin xogo, nin brinquedo. Tiña o seu risco, sobre de todo no aspecto sanitario. Era *ir á trapallada*. Se cadra a algunha persoa nova isto acáballe soando a conto ou a invención, ou mesmo remata por crer que está sacado literalmente dun conto de Dickens, sen ánimo de ofender a ningún ilustrado que poida atopar algunha semellanza no relato que hoxe lles achego.

Os que son máis novos han pensar que sempre houbo colectores de lixo nas rúas de vilas e cidades, no medio das aldeas ou nos cruces das pistas de concentración. Hoxe os colectores forman parte do que se deu en chamar mobiliario urbano, e sen dúbida son os que máis atentados incívicos sofren. Pero, índonos un pouco atrás no tempo, cando non había un servizo de recollida de lixo e en Melide, por exemplo, eramos máis veciños que hoxe, haberá alguén que pregunte que como faciamos co lixo que producía a vila.

Pois, moi sinxelo. Cada elemento tiña o seu tratamento. A saber, as sobras da comida, por exemplo, ían destinadas aos distintos animais. Todo o mundo tiña animais na casa... gatos, cans e porcos. Si porcos, porque aínda que este pequeno relato o esteamos centrando no interior dunha vila-media como Melide, case todo o mundo que vivía en casas no casco vello tiña un rancho ou rancha na casa. Xa sei que pode ser chocante e ata increíble, pero así era, e non se tiña como mascota, non, era para matar e logo comelo, como se segue a facer, aínda que por desgraza cada vez menos, no rural galego. Os restos de comidas do tipo das verduras, froitas... ían para os porcos. As carnes e ósos de todo tipo, para os cans. Os gatos pouco comían e, daquela, buscábanse a vida eles sos, nada de pensións de cores... ratos, paxaros e algunha topia que pillaban a base de



moita paciencia. O resto do que puidese sobrar ía ao lume purificador, e despois as cinzas, para abono da horta.

Os envases de vidro duraban e valían ata que escachaban. Para mercar íase con unha esporta normalmente feita de recortes triangulares de distintos tipos de coiro, aínda que sempre de cor negra. O que non se reciclaba eran o cobre, o ferro e o metal das lámpadas, que daquela fundíanse moito polas subidas de tensión...

... E aquí era onde entrabamos en acción. Cando viamos a alguén que traía unha carretilla cara á Alhóndiga, ou cara ás Cavadas, ou para Sabián, alí íamos nós, igual que eses rapaces que saen nalgúns documentais neses enormes vertedoiros remexendo no lixo. Pois, nós igual, pero en pequeno e sen que nos movese a necesidade económica en sentido estrito, a pesar de non seren os tempos especialmente bos.

Como en todo no que haxa cartos polo medio, sempre había discusións pola titularidade do achádego... que se *vina eu primeiro.... si, pero collina eu.* Normalmente eramos cooperativistas, sobre todo cando tiñamos que competir co gran buscador na trapallada, como era o señor Peña. Era un home enxoi-to, serio, pouco falador; foi un xastre vido a menos sen que se saiba moi ben a razón, pero era moi boa persoa. A paciencia, a súa virtude; a vista, o seu don, e a intuición, a súa máis firme aliada. Onde nós non viamos nada –e eramos coma lince– el, co seu gamboto rematado nunha punta cravaba, sacaba unha rosca de latón ou unha carapucha dunha botella de *Carlos III*, pola que pagaban en cas *Parrado* 3 pesetas. *Hai que mirar ben rapaces, esa era a súa sentenza.* Manaia sexa el!

O prezo que nos pagaban daquela polo cobre –sen pasar polo mercado de metais que se celebra todos os días en Lon-

dres, claro– era de 25 pesetas o quilo. O latón, a 30 pesetas. Vendiámolos en *Suso de Donicio* e mais en *Mosquera*, que sempre facían negocio con nós.

Non quero que me esqueza amentar que se tiraban todo tipo de menciñas –xiringas incluídas– e nunca nos pasou nada. Todo o máis, algunha ferida que se amañaba dándolle de lamber a un can. Non sei de onde vén esta crenza de que os cans curan as feridas, pois hai pouco que o meu prezado amigo Xan González, veterinario de profesión, me dixo que todo iso era un mito. Agora pode selo, pero daquela tiñas un ferida con pus, dábaslla a lamber a un can... e curaba.■

PANORAMA

Xosé Ramos Rodríguez

Antón Costa Rico

Nova Escola Galega

jose.ramos.rodriguez@edu.xunta.es

anton.costa@usc.es

DO ESCENARIO POLÍTICO

- É do caso falar do continuo **peche de escolas no medio rural**. A cada curso novo unhas poucas máis, sen reparar no que non se fai para evitar esta constante perda de riqueza.


- Na espera da aplicación da LOMCE a Consellería de Educación botou man de subterfuxios para non aplicar o sinalado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia arredor da **ilegalidade das concertacións** con centros escolares que separan por sexos o alumnado. Parece que o caso é protexer os centros do Opus Dei e dar amparo á liberdade de elección de centro por parte de familias, sen contrapesos sinalados pola LOE.

- Agrávanse as dificultades dos sectores sociais populares ante o dereito á unha educación de calidade. Ás xa tradicionalmente existentes en relación co uso e manexo dos códigos lingüísticos e coas destrezas cognitivas dominantes no mundo escolar, nunha sociedade con presenza de desigualdade social, engádense agora as máis directamente económicas que impoñen: o cobro de cotas de uso de **comedores escolares** por parte de alumnado que utiliza o transporte escolar nos contornos non urbanos, as dificultades ou imposibilidade de merca a comezos de curso dos **libros de texto**, que vén suscitando experiencias de intercambio e de *bancos de libros de textos*, como as que está a impulsar, a federación de ANPAS de centros públicos de Vigo que coordina os labores de intercambio e de doazón que se rexistran entre as 45 asociacións de nais e pais, ou as maiores dificultades para o acceso ás **bolsas de estudo universitario**.

- Continúan as **restricións** de todo tipo (menos docentes, menor reposición, menos recursos para a inclusión...) mentres milleiros de mozos e mozas con considerables formacións académicas, que son por veces excepcionais, seguen emigrando, pois emigración é, aínda que non estea computada, a sangría constante que coñecemos todos á nosa beira. Só unha cousa semella ir a mellor segundo a Consellaría de Educación: o incremento de **auxiliares de conversación de inglés**, parecería que en correlación co anterior dato. Un total de 435 no presente curso académico.

- Que datos temos de avaliación do Programa Abalar e dos resultados dos Colexios Plurilingües nas materias impartidas en inglés? Vai sendo hora de sabermos algunha cousa.

- E con todo iso e máis, vén de camiño a **LOMCE**. Non é de admirar a celebración da **folga e das manifestacións públicas** no ensino convocadas o pasado día 24 de Outubro, que contaron cunha amplísima asunción por parte das máis diversas organizacións sociais e sectoriais. Entre os documentos de convocatoria e de explicación gozou



de notábel consideración o feito público por Nova Escola Galega. O GALEGO, CARA AO INFERNNO?

- Poderá dicir o Director Xeral de Política Lingüística que o que escribiu Henrique Monteagudo, Secretario da RAG, o pasado 21 de Setembro serve ao 'alarmismo social' e que as cousas non están tan mal, como salientou Monteagudo co seu corto de prensa *É de xustiza*, para celebrar as sentenzas do TSXG, que anularon dous preceptos do Decreto, un deles referido á consulta aos pais e nais do alumnado como referente para o uso escolar do galego. Pois o 23 de outubro, o Presidente da Federación Galega de Asociacións de Directivos de Colexios de Ensino Público, Xosé Antonio Pardo, volveu alertar sobre o *tancredismo* da nota interna aos Directores dos centros enviada pola Consellaría de Educación: conságrase a desprotección do

galego, en contraste co ditado no anterior Decreto: "Nas cidades, onde predomina o castelán, a presión social e mediática pode levar ao esquecemento do galego".

- Máis claro (*onde vai parar...*) estivo o Conselleiro de Educación: "Los que se oponen al decreto del gallego no son demócratas", *dixit*, polo que parece.

INICIATIVAS E EXPERIENCIAS

- O Concello de Pontevedra, en colaboración necesaria con Kalandraka, vén editando *O Cartafol do Lérez*, un xornal ao servizo da escrita creativa do alumnado dos colexios da cidade e da comarca. En formato case *tabloide* e cunha limpa maqueta, vai xa polo nº 5, dedicado neste caso a "Poemas a xeito de Rosalía".

- O ILG da Universidade de Santiago vén de poñer na rede e de modo aberto a segunda edi-

ción do audio-libro *A pronuncia do galego*, fundamental traballo didáctico e fonético, que agora inclúe xunto á súa ampliación, as referencias de pronuncia correcta de 1000 nomes e de máis de 1500 apelidos, os máis usados en Galicia.

- Nace unha nova proposta ao servizo da ilustración de libros da man do humorista gráfico e ilustrador Xosé Tomás e do profesor e escritor Miguel Vázquez Freire, ambos os dous





Xosé Tomás (sentado) e Miguel Vázquez Freire (de pé) nun acto literario para o público infantil.
Fonte: La Voz de Galicia

vinculados a esta *Revista Galega de Educación*. Xosé Tomás participou hai poucas datas nun taller creativo de ilustración, no que se analizou a relación entre textos literarios e imaxes, así como a importancia narrativa da ilustración, mediante unha viaxe polas diferentes interpretacións das palabras ata convertérense en ilustracións.

- No IES San Clemente de Santiago de Compostela o alumnado, baixo a guía do docente Marcos Vence, usa a rede *eT-winning* para a aprendizaxe de portugués na sección bilingüe

deste idioma que se mantén no CM de Informática.

- A Universidade de Santiago, a través dun equipo docente liderado pola profesora Marilar Aleixandre, participou no programa internacional da Comisión Europea *KiddInnScience: Turning kids on to science*, na procura de enfoques innovadores para a aprendizaxe da ciencia e da tecnoloxía en diferentes niveis educativos, para promovelos de seguida no sistema educativo. O proxecto desenvolvido en cursos pasados envolveu case 190 docentes de

case 100 escolas pertencentes a 10 países.

- O IES Pedro Floriani de Redondela traballa as matemáticas a través das mil formas, que admiten a papiroflexia ou o xadrez, motivando deste xeito a súa aprendizaxe. Por iso é posible atopar figuras de papiroflexia en calquera recanto do centro, ata a maior realizada con 1300 módulos de papel. Unha iniciativa promovida polo docente Miguel Ángel Vidal.

- O Grupo de Tecnoloxía Educativa da Facultade de Ciencias da Educación coordinado pola profesora Beatriz Cebreiro, en colaboración coa Saint Andrews School e a Universidade de Plymouth e co CPI O Cruce de Cerceda, levou a cabo o proxecto europeo **Key**, para desenvolver un programa orientado á aprendizaxe de competencias emprendedoras por parte do alumnado. Neste proxecto, o CPI de Cerceda xerou a empresa Recovidro para a reciclaxe de vidro, que recolleu 3500 envases, permitindo calcular tanto o total de refugallo como a enerxía aforrada.

- O Museo Etnolóxico de Galicia vén de ser aberto en Ponteceso pola Fundación Ricardo



Ricardo Pérez, fundador do Museo Etnolóxico de Galicia, en Ponteceso.

Pérez y Verdes: a historia e a evolución do xogo e do deporte desde a antigüidade ata o presente, coa axuda de preto de 5000 pezas de museo, non todas expostas na Casa da Cultura.

ROSALÍA NAS AULAS

- Diversas iniciativas teñen curso en múltiples centros escolares de Galicia. A Consellería de Cultura e Educación, con mentes de promover o uso do galego no ensino, convocou o concurso **Imaxina Cantares** de audiovisuais baseados na obra de Rosalía, tendo sido premiados o CRA Nosa Señora do Faro de Ponteceso, a escola de educación infantil de Lañas da Baña, o IES As Barxas de Moaña, o IES As Bizocas do Grove, o IES Aquis Celenis de Caldas e o IES A Guía de Vigo. Outros centros recibiron diversas mencións.

- A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) e o Consello da Cultura Galega (CCG) promoveron igualmente valiosas iniciativas. O CCG, por exemplo, reuniu en Compostela máis de **400 voces** do alumnado dos Conservatorios e Escolas de Música de Galicia, que interpretaron distintas composicións musicais.

- Non é de máis recordar que con ocasión da Exposición lucense (Círculo das Artes, Lugo, 1963) "**Cen anos de literatura galega**", promovida polo profesor Alonso Montero e Epifanio Ramos de Castro, foi convocado un Certame de traballos de alumnos/as de ensino medio ao que se presentaron 40 traballos escolares arredor de Rosalía de Castro.

PREMIOS E RECOÑECIMENTOS

- O Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais vén de conceder un dos primeiros premios ao IES de Bertamiráns (A Maía) polo traballo de construción cinematográfica

"La construcción histórica del amor", baixo a guía da profesora Eva Garea. O Premio de Alfabetización Audiovisual en educación primaria alcanzouno o CPI de Louro (Muros) polo seu traballo "El cine, otra forma de contar historias".

- O CPI dos Dices (Roís) foi finalista do **concurso de robótica** da Axencia Espacial Europea, ao deseñar o alumnado, baixo a dirección do profesor de tecnoloxía Xabier Méndez, un robot para transportar materiais a unha estación espacial.

- O profesor da Facultade de Ciencias da Educación da USC Xesús Rodríguez e director da *Revista galega de educación* foi nomeado recentemente vicepresidente da Asociación Internacional de **Investigación sobre o Libro de Texto e Material Didáctico (IARTEM)**, con ocasión do décimo segundo congreso internacional realizado na República Checa.

DEIXÁRONNOS

- O profesor, especialista na educación de cegos, **Olimpio Liste Regueiro**, fundador e primeiro director do Museo Liste cunha dobre sede en Oseira (desde 1972) e en Vigo (1999). Unha persoa cun grande coñecemento da cultura tradicional galega, que chegou a reunir, coa súa dona Josefina Fernández Mosquera, unha colección de máis de 6000 pezas procedentes de toda Galicia. Os dous Museos reciben visitas escolares e desenvolven programas didácticos específicos. A sede situada en Vigo expón máis de 2500 pezas sobre oficios tradicionais.



- A profesora **María Luísa Fernández**, militante en Vigo do Partido Comunista, do colectivo antisida IMÁN, do Colectivo Violeta, da Marcha Mundial das Mulleres e da Asociación de Axuda aos Presos Concepción Arenal. Unha educadora que sempre contou no seu traballo coa presenza dos condicionamentos sociais contra os que cumpría arreoñerse.



- A empresaria e promotora cultural, a través da Fundación Paideia, **Rosalía Mera**. Emprestou o seu apoio a diversas iniciativas de educación social tendentes á inclusión das persoas, así como á promoción dun pensamento educativo crítico, neste caso en colaboración en particular coa Editorial Morata de Madrid.



- O **Real Seminario de Mondoñedo**, fundado en 1583 ao servizo da formación de sacerdotes diocesanos, que xa desde hai varias décadas non dispoñía nesa cidade de estudos de Filosofía e de Teoloxía, pechou as súas portas despois de ter impartido a ESO a só 15 alumnos no curso precedente. Cerra, así, unha historia docente de máis de catro centurias, mentres atesoura documentación de toda




a súa historia e unha biblioteca histórica de moi notábel valor.

XORNADAS CELEBRADAS

- Nova Escola Galega celebrou na Granxa-Escola de Barreiros (Sarria) os VII Encontros de Debate sobre a escola nos contornos rurais. Dúas intensas xornadas de informe, de reflexión, de presentación de experiencias, particularmente relacionadas cos espazos de montaña do Sul-Este de Lugo, e tamén de convivencia e de músicas, cuns 50 participantes, acollidos todos por Asunción Fernández Puentes e a súa familia, que alí manteñen un magnífico centro de educación ambiental ao servizo dos centros educativos de Galicia, facéndoo en conexión co Colexio Fingoi de Lugo e conservando a memoria das iniciativas emprendidas durante os pasados anos cincuenta e sesenta por dous destacados mestres, **Avelino Pousa Antelo** e **Valentín Arias López**, quen foron homenaxeados coa ocasión destes Encontros.

- A fin de Maio celebrouse unha nova xeira, a decimonovena, de **encontros de Ponte... nas ondas**, coa participación de centros escolares de Galicia, Portugal e o Brasil e cun total de 103 traballos escolares. A continuidade e a creatividade despregada pola Asociación, que preside o profesor Santiago Veloso, foi recoñecida recentemente polo Ministerio de Educación como "boa práctica educativa". No 2014... a polos vinte! Felicitacións. ■



RECENSIÓN

CANDEDO GUNTURIZ, M. (Coord.) (2013): *A educación: dereito ou mercadoría?*. A Coruña: Laiovento, 180 pp.

Unha magnífica obra!! Un magnífico conxunto de textos, sobre un fondo común que lles da unidade, que deberán ser de referencia a partir deste presente en que acaban de ser escritos e editados. En lingua galega xa non se poderá escribir por detrás do ton comunicativo, informativo e do nivel argumental aquí acadado. A situación de deterioro económico, social e cultural na que vivimos, e o que todo isto ten de estrutural baixo os deseños da globalización *neoliberal/neoconservadora* vén sendo analizado desde variados enfoques e puntos de vista críticos en relación cos máis importantes capítulos da organización social e das relacións e escenarios internacionais. Cousa que tamén acontece con respecto aos escenarios da educación, mediante textos e documentos escritos nas linguas de máis uso internacional, do que temos unha suficiente constancia en castelán. Este é un dos contextos deste libro.

Mais, esta referencia non a tiñamos en lingua galega. En galego dispoñemos de correctos, pero limitados e puntais textos, uns académicos e de organizacións sociais, outros máis de axitación e propaganda. Porén, presente obra incorpora a lingua galega ás linguas nas que

se expresan actualmente as reflexións e teses críticas e/ou propositivas que suscita entre os pensadores máis lúcidos, individuais ou pensadores colectivos, a actual deriva das políticas educativas do capitalismo. Unha incorporación que, ademais, se realiza coa profundidade e coa capacidade analítica-crítica que é esperable e mesmo esixida nestes textos aos que facemos mención.

Non é un libro 'facil', nin para ler distraídamente. A materia abordada (que ten que ver coa política educativa, coa organización escolar e cos estudos de educación comparada), as olladas escrutadoras, e os exercicios reflexivos que nel se fan obrigan a unha lectura pausada e con libreta de notas. Nalgunha medida poderíamos dicir que é incompleto, máis probablemente todos os libros (menos os dogmáticos) teñen diversas marcas de limitación, aínda que resulta ben adecuado con arranxo ás cuestións abordadas. Unha parte das autoras e autores estréanse como autores de textos/capítulo de obras de ensaio, pois a obra, intelixentemente concibida, anoa autorías que proceden do ámbito universitario con outras de profesionais doutros espazos da formación e da educación. E, en conxunto, a escrita realízase desde a capacidade reflexiva, a destreza analítica, o coñecemento das cuestións e a conxunción de

saberes teórico-prácticos. Isto ven ser novo no panorama galego; non é que se carecese de antecedentes, mais aquí hai un chanzo novo, e por todo isto o libro poderá integrarse (deberá facelo) nos textos da literatura internacional que entre nós poidamos manexar. Permítaseme dicilo como autor e como profesor noutrora das materias aludidas.

Vaiamos á tese central do libro, que expón Mariló Cadedo nas xustas palabras introdutorias da obra: Asistimos a un proceso de desmantelamento estrutural (aínda que por momentos semelle conxuntural) do servizo público de educación, construído mediante as políticas desenvolvidas nas décadas finais do século XX e as dinámicas sociais reivindicativas e propositivas que as acompañaron dialecticamente; cómpre saírlle ao paso a tal proceso, non só defensivamente, senon con proposicións alternativas, facéndoo de modo aberto e desde a participación social democrática. Exemplo central dese desmantelamento é a LOMCE, que esta presente na maioría dos ensaios aquí reunidos.

A abordaxe desta tese vai realizarse, a través das seguintes achegas:

1. Políticas neoliberais e mudanzas no sistema educativo (Mariló Cadedo).
2. A dimensión e o alcance dos “recortes” educativos (Sonia Fernández Casal)
3. A escola infantil (0-3) en Galiza: unha análise (Lois Ferradás)
4. Análise das avaliacións e do seu alcance na LOMCE (Xosé Ramos)
5. A educación inclusiva e a atención á diversidade (Carme Díaz-Simón)
6. A autonomía dos centros educativos coa LOMCE e papel do profesorado (Xosé Ramos)
7. A formación profesional. Entre o descoñecemento e os mitos Concha Fernández)
8. A FP dual. O mito da *empleabilidad* (Concha Fernández Fernández)
9. A revolución *neocón* no ensino universitario (Carlos Amoedo Souto)
10. A normalización usurpada: do amodiño á involución (Valentina Formoso Gosende)

11. Tempos de crise, estado do benestar e educación social. Fóra de cobertura? (Eva López)

12. Apuntamentos para outra axenda educativa: a educación ao servizo da cidadanía (Carmen Morán e Mariló Cadedo).

As cuestións aludidas no anterior listado de achegas refírense tamén a como se procesan internacionalmente as políticas educativas *neocón* e *neoliberais*, os seus eixes principais e discursos de fondo, a como afectan ás distintas compoñentes humanas, profesionais, organizativas e funcionais dos sistemas educativos, aos significados e alcances dos programas de avaliación (con PISA como exemplo central), ou á ilusión da homoxeneidade fronte á diversidade e á inclusión, e concílianse con capítulos tan notables como os referidos á educación infantil, á formación profesional, ás políticas lingüísticas e ao ensino universitario, capítulo este singularmente descoñecido fóra do campo, en canto ao que aquí significa o neoliberalismo e como afecta á profesionalidade dos docentes e investigadores. Nun capítulo final de ‘apuntamentos para outra axenda educativa’ faise unha aposta decidida e de novo argumentada a prol da educación pública, integral e inclusiva, como a propia dunha sociedade xusta, aberta, e democrática.

No libro teñen limitada presenza nesta ocasión asuntos como as políticas de xénero, os inmigrantes, o laicismo, unha parte dos debates curriculares, ou os paradigmas e debates relacionadas coa aprendizaxe e o desenvolvemento psicolóxico, mais, como xa indicamos, iso non empece a calidade da obra. Como dixeran, un chanzo, e alén diso un material para a lectura e a reflexión, que non deben descoñecer nin os docentes, nin os estudantes nos campos da educación, nin os responsábeis políticos e sindicais, construído desde unha lóxica diferente á do *shock* que nos queren impoñer. ■

Antón Costa Rico

A RGE, UNHA PORTA SEMPRE ABERTA A TI

A *Revista Galega de Educación* (RGE) ten as súas páxinas abertas a todas aquelas persoas que desexen publicar as súas colaboracións.

AS COLABORACIÓNS deberán axustarse, **obrigadamente**, ás normas seguintes:

1. Características das colaboracións. Deben ser orixinais e inéditas. As achegas poderán estar dirixidas ás seguintes seccións da RGE e deberán axustarse á extensión sinalada (sempre con espaciado incluído). (na páxina Web aparece detallada a extensión de cada sección).

2. Criterios formais. Os artigos que non cumpran os criterios formais de edición poderán ser rexeitados ou, no seu caso, devoltos ao autor de contacto para seren corrixidos.

3. Texto. Todas as achegas deberán ser redactadas na fonte de letra Times New Roman, tamaño 12, con interliñado simple, alíñamento xustificativo, e remitidas, en soporte informático físico (cd, dvd, lapis electrónico...) ou por correo electrónico (con adecuada identificación do arquivo electrónico) ao enderezo rge.redaccion@mundo-r.com. O programa e a versión do procesador de textos empregado será preferibelmente o Openoffice ou o Microsoft Word.

4. Identificación do autor. Na cabeceira do artigo figurarán: o título, o nome do autor/a ou autores/as, a profesión e o lugar ou centro de traballo. E ó final do mesmo, o enderezo postal, o/s teléfono/s de contacto e o enderezo de correo electrónico.

5. Referencias. Nas referencias e citas bibliográficas procederáse de acordo coas normas da APA (www.apastyle.org). (Na páxina Web aparece detallada a extensión de cada sección).

6. Notas ao texto. As explicacións correspondentes ás notas, numeradas no texto correlativamente, indicaranse con *sobreíndices*, e deben incluírse ao remate do traballo baixo o epígrafe de **Notas**. Deseguida das notas pode facerse unha lista bibliográfica limitada e ordenada alfabeticamente, seguindo os criterios anteriores.

7. Redacción. Cada autor faise responsable do contido do seu traballo como corresponde aos dereitos do autor. Evitarase no posible o uso de abreviaturas e do etcétera marxinal. Cando dentro do corpo do artigo se citen frases textuais, estas irán en cursiva.

8. Ilustracións, táboas, cadros, gráficos. As colaboracións de texto poderanse acompañar de ilustracións (fotografías, imaxes, gráficos, cadros...) que se consideren necesarias, en arquivos complementarios e indicados con orde, sinalándose claramente no texto, mediante anotación entre parénteses, o lugar onde deben reproducirse:

(INSERTAR IMAXE (ilustración, cadro, ou gráfico nº...): "aula_natureza.jpg").

Cómpre, dado o caso, que todas as colaboracións achegadas estean acompañadas de material gráfico ilustrativo do artigo. Pode ser oportuno, sobre todo nos casos de táboas, cadros e gráficos, a inclusión dun texto esquemático de título, e/ou dun pé.

Enviaranse as fotografías ou outras imaxes e gráficos en formato dixital cunha resolución mínima de 300 ppp (puntos por pulgada), en formato JPG, TIF, PNG ou PDF.

9. Publicación de Experiencias. No caso de dar conta dunha proposta ou experiencia pedagóxica pódese empregar o seguinte esquema referencial (coas adaptacións precisas):

- Contexto do centro e da experiencia.
- Nivel educativo.
- Obxectivos da experiencia.
- Formulación e desenvolvemento concreto.
- Comentarios sobre o seu desenvolvemento.
- Avaliación por parte do alumnado e do profesorado e reflexión sobre o realizado.
- Perspectivas abertas a partir da experiencia realizada.
- Referencias bibliográficas.

10. Achegas Monográfico. As achegas que formen parte dun monográfico da Revista, deberán ir acompañadas por un resumo de 5 liñas en galego, inglés e noutra das linguas españolas. É recomendábel a incorporación de 5 palabras chave, que na medida do posible serán extraídas do Tesouro Europeo de Educación (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/Eurydice/TEE>) ou do Tesouro de ERIC (Education Resources Information Center), en www.eric.ed.gov.

11. Panoraula. Agradecemos o envío de información e documentos para esta sección.

12. Lingua de publicación. Os traballos deberán estar escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente aprobada pola Real Academia galega (http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index_rag.html). A Redacción resérvase o dereito de elixir os títulos e subtítulos que considere máis oportunos para a publicación da colaboración, como tamén o de facer pequenas correccións para manter o estilo da RGE. Acéptanse tamén orixinais en catalán, portugués, castelán, francés e inglés. Os artigos en castelán, francés e inglés serán publicados en galego.

Os artigos en catalán, portugués, castelán, francés e inglés serán publicados en galego.

13. Envío exemplares. Por cada colaboración o autor/a recibirá un exemplar do número da RGE onde apareza o seu traballo.

14. Comunicación cos autores. A RGE comunicará a cada un dos autores ou autoras a recepción do seu traballo e, no seu momento, a súa aceptación, ou non, para a publicación. No caso de devolución dun artigo ós seus autores para a súa corrección dispoñeráse de 15 días para o seu reenvío á Redacción.

Para calquera suxestión, comentario, ou proposta cara ó Consello de Redacción dirixirse a:

rge.redaccion@mundo-r.com.

15. Valoración dos artigos. Os artigos enviados á *Revista Galega de Educación* serán valorados por dous revisores externos (membros do Comité Científico e outros) de forma confidencial e anónima, segundo o sistema usual de revisión por pares, quen emitirán un breve informe (mediante un protocolo de avaliación xeral) sobre a conveniencia ou non da publicación, que será tomado en consideración polo Consello de Redacción. (na páxina Web aparece detallada a extensión de cada sección).

16. Devolucións. Os artigos orixinais enviados á Redacción non serán devoltos.

17. Envío de Artigos. Os autores farán os seus envíos por correo postal a atención de:

Xesús Rodríguez Rodríguez

Director da Revista Galega de Educación

Nova Escola Galega

San Clemente, 18, baixo.

15705

Santiago de Compostela

(A Coruña)

Ou ben en soporte electrónico a través do correo electrónico á seguinte dirección:

rge.redaccion@mundo-r.com.

O director poñerá en coñecemento do Consello de Redacción para a súa posíbel publicación.

Para un coñecemento ampliado das normas visítase a seguinte ligazón:

<http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/NORMASPUBLICACIONRGE.pdf>



Algunhas tendencias do teatro infantil e xuvenil galego actual

Montse Pena Presas

Profesora e investigadora

Departamento de Didáctica da Lingua e das Ciencias Sociais

USC

A situación da literatura dramática e das representacións teatrais para nenas e mozos en Galicia empeorou considerablemente nos últimos tempos, como esperable resultado da actual crise económica que abafa a grande velocidade tanto o sector editorial como o das artes escénicas, os dous polos sobre os que se alicerza esa arte milenaria chamada teatro. Sen ir moi atrás no tempo, estudosos como Santiago Prego –2007– presentaban un balance final en positivo, que se ben recollía as dificultades do xénero, tamén incidía no bo momento polo que pasaba¹.

Centrarei a miña análise no ocorrido no período 2008-2011, reflexionando especialmente sobre a literatura dramática e os textos espectaculares², mais sen esquecer o teatro escolar. Comezarei por sinalar cales, ao meu parecer, constitúen as tendencias xerais que se consolidaron nestes últimos catro anos:

A situación da literatura dramática e das representacións teatrais para nenas e mozos en Galicia empeorou considerablemente nos últimos tempos, como esperable resultado da actual crise económica que abafa a grande velocidade tanto o sector editorial coma o das artes escénicas, os dous polos sobre os que se alicerza esa arte milenaria chamada teatro. A análise que aquí se presenta céntrase no ocorrido no período 2008-2011, reflexionando especialmente sobre a literatura dramática e os textos espectaculares –aos que me referirei pola súa relación cos textos dramáticos, como xeito de medir a saúde do sistema–, mais sen esquecer ao teatro escolar. Comezarei por sinalar cales, ao meu parecer, constitúen as tendencias xerais que se consolidaron nestes últimos catro anos:

1. A saída do prelo de literatura dramática infantil e xuvenil en lingua galega, dependeu, en gran medida, da convocatoria de premios específicos. Se ben dende a edición de 2011, o *Premio Barri-ga Verde* para textos de teatro de monicreques na súa modalidade infantil e o *Premio Manuel María* de literatura dramática infantil –ambos convocados pola AGADIC– xa non garanten nas súas bases a publicación das obras gañadoras –como si o fai o *Premio Estornela* de teatro infantil da *Fundación Xosé Neira Vilas*–, ata o momento constituíron o motor renovador que pulaba pola produción de novos textos dramáticos. Atendendo ás obras destas características publicadas orixinalmente en lingua galega no período 2008-2011, observarase que a produción mingouou anualmente³: durante

¹ Así por exemplo, Santiago Prego (2007: 256) insistía no desenvolvemento que estaban a ter o teatro infantil e de monicreques, a pesar de que a maioría dos elementos que configuraban esta valoración en positivo tiñan que ver co segundo deles –a existencia do Museo Galego da Marioneta, de salas de monicreques regulares, de concursos de textos de monicreques e infantís, e a existencia de festivais como o de marionetas de Redondela ou os Galicreques– son os elementos en que basea a súa afirmación.

² Aos que me referirei pola súa relación cos textos dramáticos, como xeito de medir a saúde do sistema.

³ Nesta contabilización non se están a contemplar a colección “A Pinguela” de Edicións Fervenza, dado que os cadernos que publica non se poden considerar propiamente libros polo número de páxinas con que contan.

2008 e 2009 mantívose en 6 títulos –dos cales 3 eran obras premiadas–; en 2010 situouse en 5 –con 3 títulos premiados– e en 2011 baixou a 3 –dos cales dous foron premiados–. As cifras amosan como, por unha banda, as editoras non apostan por estes textos –o que resulta un tanto contradictorio ao comprobar que, se ben a literatura dramática non é promovida como lectura habitual nas aulas, si que é profusamente utilizada para os numerosos obradoiros de teatro escolar que hai no país– e como a diminución da produción editorial nos últimos anos se deixa ver a escala na publicación de teatro para a infancia e a mocidade. Agora cómpre resolver a nova incógnita: en que parámetros se moverá a publicación teatral para a infancia de aquí en diante, sen o apoio á mesma polos grandes premios institucionais? A actual situación do sector escénico e editorial fai augurar unha caída máis que significativa.

2. Dentro deste panorama pouco alentador, é significativo resaltar que son as editoras máis modestas as que máis apostaron polo teatro infantil. Bo exemplo disto é a colección “Tren das cores” de Edicións Embora –que tira do prelo aos gañadores do Premio Estornela dos últimos anos–, a constancia de Everest Galicia –que publica un volume anualmente nunha colección non específica de teatro– e, sobre todo, o labor incansable de Edicións Fervenza con “A Pinguela. Teatro Escolar para Ler e Representar”. A función que está desenvolvendo esta editora é, nestes momentos, difícil de calibrar, pois atende ámbitos moi diferentes; por unha banda, posibilita que o profesorado teña acceso a textos pensados especialmente para ser postos en escena nas aulas, o que se manifesta paratextualmente de xeitos moi diversos: abondosa presenza de personaxes, necesidade da mínima escenografía, didascalías moi sinxelas e enfocadas cara á representación; e pola outra, contribúe a dinamizar o panorama da escrita teatral infantil, consolidando unha nómina de autoras e autores comprometidos co xénero –pénsese en Teresa González Costa ou en Carlos Labraña– ou en mestres implicados na dotación de textos para o seu alumnado –é o caso de Xosé Luna ou en Fernando González Graña–. Por outra banda, ademais de Baía e de Xerais –que publicaban anualmente os gañadores do *Barriga Verde* e o *Manuel María*, froito dun convenio coa AGADIC–, TresCtres e Morgante foron as dúas únicas editoras que deron espazo á literatura dramática infantoxuvenil.

3. En canto ás tendencias creativas dos autores e autoras, as súas preferencias e apostas temáticas seguen liñas semellantes ás xa establecidas en períodos anteriores. O humor consolídase como recurso fundamental e mesmo zarrapica outros que tradicionalmente tamén acadaron un espazo importante: a crítica social –sempre nun ton bastante



lixeiro ou xocoso– e o didactismo. A práctica totalidade das obras publicadas gañadoras⁴ do *Barriga Verde*, do *Manuel María* e do *Estornela* contan con el como ingrediente fundamental. Sen negar as posibilidades deste recurso tan lúdico, que potencia a atención do público e que constitúe unha forma atractiva e importante para atraer as rapazas e os rapaces cara ao teatro, conviría tentar explorar outros camiños no futuro. Aínda que as obras premiadas son moi diferentes en canto á calidade literaria, cómpre non esquecer que a literatura dramática tamén é tamén arte e non só procura de comunicación. Neste sentido, as palabras de Isabel Tejerina sobre o teatro infantil español son bastante acaídas e aplicables ao caso galego (2000: 102):

...en general no ha existido demasiada preocupación por el texto, se centran más bien en la trama de la historia, olvidando con frecuencia que la interacción con ese público difícil de complacer y de seducir no está reñida con la calidad expresiva y la belleza poética del lenguaje.

4. Pasenianamente, aínda que dun xeito máis lento do que cumpriría esperar, séguese a consolidar unha nómina de escritoras e escritores comprometidos co xénero: aos nomes de Paula Carballeira, Heidi Kunh-Bode e Carlos Labraña, que xa o viñan facendo dende anos atrás –posiblemente debido

⁴ Descoñeizo o contido d’*O refugallo* de Paula Carballeira, gañador da edición de 2011 do *Manuel María*; pero tanto *Pingueiras e tarteiras* (2008) de Teresa González, *Sopa de xarope de amora* (2009) de Neira Cruz; e *Os reloxos preguiceiros de néboa* de Xavier Lama; como *O punto da escarola* (2008) de Neira Cruz; *Bon appétit* (2009) de Begoña García Ferreira, como *Fábula galénica* (2010) de Inacio; ou *Larpancia saborosa do lobo e a raposa* (2008) de Bernardino Graña –gañador do *Estornela*–, empregan o humor con recurso principal. Apártase un tanto desta tendencia *Teatro de xoguete* (Estornela 2010) de Carlos Labraña, na que prima o didactismo.

ao seu vencello directo coa parte espectacular– estanse unindo voces que parecen implicadas coa literatura dramática infantil: Teresa González Costa –cunha traxectoria algo similar aos anteriores, dado que tamén provén do ámbito da representación– e Xosé A. Neira Cruz –autor xa consolidado que seguramente se achegou ao xénero grazas á dinamicidade promovida polos premios–. A isto habería que engadir as incursións na literatura dramática infantil doutras persoas do mundo do teatro, que dun xeito máis esporádico se achegan a ela, como Ignacio Vilariño ou Roberto Salgueiro.

5. Neste panorama, o grande esquecido do teatro para o lectorado/público en formación son os mozos e mozas. Os textos publicados adoitan dirixirse a unha idade de 12 anos para baixo, de feito que a formación lectora e espectacular dos adolescentes queda nunha especie de limbo exposto á sorte e á vontade do seu profesorado e/ou do seu contorno máis próximo. Cumpriría non desatender esta franxa etaria para que as mozas e mozos sigan tendo acceso a unha literatura dramática de interese e para que se potencien os chamados *crossover books* (Cart, 2006). Este termo alude aos libros cruzadores –ou transgresores– de fronteiras, que poden constituílos tanto clásicos universais do teatro como textos cuxo receptor primario é a mocidade, mais que, polo seu interese e calidade literaria, tamén son do gusto do mundo adulto. Fundamental sería, neste senso, a publicación de textos do teatro universal con propostas didácticas para que o profesorado ou os mediadores puidesen facer un bo uso das mesmas nas aulas⁵.

⁵ Moi interesante é a iniciativa do Centro Dramático Galego dende 2007 de acompañar as montaxes das súas obras con guías didácticas dos espectáculos, as máis delas ideadas por membros do Grupo Garfo. As realizadas ata o de agora poden consultarse aquí: <http://www.centrodramatico.org/cdg/servizos/educativo.php>

6. Respecto ás montaxes pensadas para o público infantil e xuvenil, é importante sinalar o afastamento que adoito manifestan os xestores teatrais deste tipo de teatro, polo que, os artistas que participan no mesmo adóitanse enfrontar a unha ausencia de recoñecemento social (Pilar López, 2000: 98). Eis a primeira problemática: se os xestores non responden, é evidente que os demais axentes implicados no proceso teatral se decidirán cara a outros ámbitos. Esta situación agrávase coa escasa valoración dos espectáculos infantoxuvenís, considerados dun menor valor artístico e, polo tanto, posuídores dun menor valor simbólico dentro da comunidade.

Igualmente, detéctase un problema de comunicación co público, pois aínda que existen compañías especializadas para este sector, non son facilmente visibles para a maior parte da sociedade. No actual panorama galego, compañías como Berrobambán, Tanxarina, Talía, Caramuxo ou Trompicallo e Artello realizan un traballo máis que louvable, mais son suficientes as súas estratexias para chegar ao público?

Se me centro nos espectáculos producidos por compañías profesionais a partir de textos da literatura infantil e xuvenil galega, as conclusións son as seguintes: lévanse a escena algunhas das obras premiadas, pero estas constitúen menos do 50% do total⁶; represéntanse outras que foron creadas por persoas vencelladas estreitamente á escena e que tamén están publicadas⁷ – ás veces, mesmo despois de se-

⁶ Respecto aos premios nomeados, teño noticia da montaxe, por parte de compañías profesionais, de *Pingueiras e tarteiras* de Teresa González en 2009, a cargo de Teatro do Andamio; d' *A horta animada –O punto da escarola–* de Neira Cruz por parte da compañía estradense A Contrabuta; e de dous espectáculos baseados en *Fábula galénica* de Inacio: "Burromaquia", un contacontos realizado polo propio autor e outro de nome homónimo, representado tamén pola compañía do propio autor, "Fantoche Bal", ambos en 2011.
⁷ Como por exemplo *Valentino Rufino e ákil pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can)* de Roberto Salgueiro, publicada en 2009 e estreada en 2008 por Talía Teatro; ou *Alicia&Alicia* de Paula Carballeira, publicada en 2010 e estreada no mesmo ano por Encena Produccións Artísticas.

ren estreadas– e adáptanse outras que pertence ao ámbito da narrativa⁸ ou mesmo da poesía⁹. Con todo, resulta evidente que hai unha palpable incomunicación entre os ámbitos da escrita e da representación, motivada porque moitas veces as compañías descoñecen o traballo que levan a cabo as autoras e autores, polo escaso espazo que as editoras prestan á literatura dramática infantil, pola volatilidade das coleccións dedicadas especialmente a ela, pero tamén porque, como apunta Carlos Labraña¹⁰:

Nalgunhas editoriais non "cren" no teatro para nenos como literatura, e pensan que as pezas non deixan de ser meros guións, sen valor para a súa edición. Pola outra banda, para a xente do teatro hai un descoñecemento na literatura dramática infantil, que provoca que non se bote man dos textos teatrais publicados para a súa representación. E aínda coñecéndoos, desconfían de que sexan algo máis que contos, xa que o texto teatral ten que erguerse do papel, e moitas veces, autores que non coñecen o código, escriben contos dialogados.

Mais na escolla de textos por unha compañía inflúen tamén elementos extraartísticos de diversa índole: as necesidades económicas das mesmas, que provocan que non se poidan adaptar a un texto polo elevado número de actores e actrices que require; diferentes efemérides literarias ou culturais, que provocan que se monte a obra axeitada para contribuír á supervivencia e estabilidade do grupo de teatro; ou mesmo a necesi-

⁸ Por exemplo, *Valados* de Agustín Fernández Paz, producida por Artestudio en 2011; *Lume* de Alberto García Ferreiro posta en escena Babaluva e Mariza Basso Teatro de Sombras no mesmo ano; *Os Bolechas*, baseado na serie homónima de Pepe Carreiro e montada en 2010 por Caramuxo; ou *Ratiña linda de Compostela* de Bernardino Graña, levado ás táboas por Casahamlet.

⁹ Pensese no espectáculo realizado a partir do clásico de Manuel María *Os soños na gaiola* por Trinke Trinke e estreado en 2008.

¹⁰ En conversa persoal con quen isto escribe, mantida o 20-7-2012.

dade que senten moitas compañías de crear os seus propios textos. A pesar disto, o interese que o Centro Dramático Galego amosou dende 2004 pola montaxe de espectáculos infantís contribuíu tamén a arriquecer o panorama: a *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* de Carlos Casares, seguíronlle *A cabana de Babaigá* de Paula Carballeira en 2006, *Tará-chispum* texto creado por Artello Teatro en 1977 e estreado polo CDG en 2007, e *Valdemuller* de Neira Cruz en 2008¹¹. Aínda así, resulta sintomático que só unha destas pezas fose orixinalmente unha peza dramática infantil, o que reafirma a tendencia xeral que amosei anteriormente.

De novo o grande esquecido volve ser o público xuvenil, xa que a meirande parte das montaxes van dirixidas, principalmente, a un espectador modelo máis novo. En paralelo ao proposto en relación á literatura dramática infantil, por que non pensar nunha *crossover performance*, é dicir, nunha representación que cruce as fronteiras dos diferentes públicos pola súa calidade estética e artística? Esta podería ser dende unha posta en escena primeiramente pensada para espectadoras e espectadores mozos que pola súa plurisignificación interesase tamén ao mundo adulto, como tamén un texto dirixido en primeira instancia ao público adulto que puidese interesarse á mocidade polos mesmos motivos –penso, por exemplo, n’*A piragua* de Cándido Pazó–. De novo, o papel que as guías didácticas deben cumprir aquí resulta fundamental.

Por último, gustárame referirme brevemente á situación do teatro escolar. Nas poucas calas que realicei no tema, o que atopei foi un panorama realmente vizoso dependente na maior

parte dos casos do voluntarismo dos docentes. Como amosa Vázquez Freire (2007), dunha enquisa realizada aos 282 centros de ensino secundario de Galicia –aínda que só contestaron 41– despréndese como algo máis do 50% contan con grupos de teatro propios. Tamén se observa como a maioría destas iniciativas dependen directamente do profesorado, non están incluídas no horario lectivo na súa maioría e empregan maioritariamente textos pertencentes á literatura galega, sendo a peza máis representada con moita diferenza *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso Rodríguez Castelao.

Por todo o que veño mantendo, as necesidades do teatro infantil e xuvenil galego pasarían por: implicar as editoras na publicación deste tipo de textos con algún tipo de axuda ou aliciente institucional –por exemplo, promocionar campañas de animación á lectura en colexios e institutos a partir destas pezas–; fomentar o diálogo entre creadores textuais e espectaculares, permitindo que os primeiros puidesen aconsellar ou participar no labor dos segundos e viceversa; formar os mestres e mestras –aos presentes, pero aos futuros tamén– nas posibilidades da dramática infantil, que van máis alá da representación; elaborar guías didácticas de clásicos universais en lingua galega para ser empregados nas aulas e continuar a confeccionar propostas didácticas a partir de representacións; crear un programa especialmente dirixido á captación e mantemento do lectorado/público xuvenil –o principal desatendido–; fomentar a representación de obras da literatura dramática infantil e xuvenil a partir das bases dos premios máis importantes do país... Mais sobre todo, o que se precisa é dunha política teatral específica para este público. E a finalidade dunha política teatral para a infancia non debe perse-

guir a consolidación dos hábitos do seu consumo teatral, senón a participación. Só así se acadará que “o teatro deixe de ser unha actividade marxinal, periférica e circunstancial e pase a formar parte, como unha manifestación artística positiva e necesaria, do imaxinario social e cultural da cidadanía” (Manuel Vieites, 2000b: 17).■

BIBLIOGRAFÍA

- CART, M. AND JENKINS, C. (2006). *The heart has its reasons. Young Adult Literature with Gay/Lesbian/Queer Content, 1969-2004*. Maryland, Toronto, Oxford: Scarecrow Press.
- LÓPEZ, P. (2000). “Teatro para Niñ@s y Jóvenes. Los niños y jóvenes, espectadores de hoy”. *ADE Teatro*, 80, 98-100.
- PREGO, S. (2007). *Teatro de rúa, de bonecos e infantil*. En VIEITES GARCÍA, M. (coord.) *125 anos de teatro galego no aniversario da estrea de “A fonte do xuramento”*. Vigo: Xunta de Galicia. 241-257.
- TEJERINA LOBO, I. (2000). “La literatura dramática infantil. Luces y sombras”. *ADE Teatro*, 80, 102-107.
- VÁZQUEZ FREIRE, M. (2008). *A realidade do teatro escolar: unha experiencia en secundaria*. En MOCIÑO GONZÁLEZ, I. et alii (coords). *Do libro á cena*. Porto: Deriva 160-170.
- VIEITES GARCÍA, M. (2000). “Teatro infantil, teatro en educación. Here we go again!” *ADE Teatro*, 80, 93-97.
- VIEITES GARCÍA, M. (2000b). “Teatro para a infancia e a mocidade, políticas culturais e sociedade civil. Demasiadas preguntas sen resposta”. *Revista Galega de Teatro*, 23, 15-24.

¹¹ Neste 2013 en que se lle dedican as Letras Galegas a Roberto Vidal Bolaño, o CDG tamén se decidiu a pór en escena unha das obras para público infantil do director compostelán: *Touporroutou da lúa e do sol*.

ROSALÍA PEQUENIÑA

Uxía

Galaxia, Colección Sonárbore

“¡Arriba / todas, rapaciñas do lugar!” Que o Rosalía Pequeniña soa xa nas vosas prazas, rúas e corredoiras. Arriba todas! Arriba con coraxe rebelde, insubmisas, piratas! Arriba! Nun chouto de baile lírico, que reivindique as utopías comúns. Entre as estrelas que levan no bico un cantar. No luceiro da galaxia infantil onde habita a voz de Uxía.

Uxía, “misteriosa regadeira”, chove astros sonoros nas constelacións da nenez, agarimando berros cativos mediante xogos instrumentais. Erguendo randeiras musicais no firmamento. Cabaliños, orquestras, nubes de algodón!

“¡Que feira, rapaza / si cantas faremos...!”

Unha feira sobre a bóveda celeste; romaxe de “meniñas gaiteras”, pillabanas, espertas.

Espertas, si. E festeiras. A ver se nos enteramos...

A creación –literaria, pictórica, musical ou teatral– dirixida aos infantes non se pode concibir co ollar omnisciente dunha persoa adulta intrusa. Resulta contraproducente mirar as pequenas desde “arriba”; desde un paternalismo artificial que só entoa cantigas e historias para durmir.

Non é factible outear as crianzas con perspectiva vixiante porque estas viven xa no máis alto. Nos carruseis cósmicos das ilusións acabadas de estrear. Anhelos incombustibles que xiran a ritmo de rock, punk, rumba ou muiñeira. Ao compás da vertixe ceibe. Sen prexuízos.

Os complexos residen na óptica protectora, cuxa percepción é equiparable á da crítica caduca, que cualificou de “santiña” e “chorona” a Rosalía grande; guerreira; estratosférica. A Rosalía poliédrica, que tanto desafiaba un “Pedro” como seducía a “alborada” ou prendía a xustiza pola man.

“Dun salto con rabia” responde o libro-disco editado por Galaxia a tales posturas retrógradas. Desde o brillante prólogo de Begoña Caamaño, directo e atrevido, escrito para nenas valentes, aventureiras, apaches; ata as sublimes ilustracións de Marina Seoane. Artista capaz de erixir un universo rosaliano coas cores do “fino orballo”; sutileza detallista que eleva o estilo figurativo á máxima expresión. Estourando o estatismo das páxinas sobre as que bailan os personaxes. Pintando Follas Novas, sempre frescas.

Como vizosa é tamén a versión musical dos poemas. Cantares capitaneados por Uxía, con arranxos sonoros do mestre Tannus. Ambos navegantes oníricos dirixen, asemade, unha tripulación de colaboradores que suman doses variadas de xolda ao barco astronauta.

No que atinxe á escolla das composicións, convén destacar, máis unha vez, a acertada presuposición de receptores e receptores espelidos. Así, os textos, accesibles para o público pueril, presentan diferentes graos de lectura. Da recreación estética á denuncia social, con espazo para a



ironía, o humor, o desamor, a troula, a tenrura, o ton melancólico e a identidade nacional. Unha diversidade que se traduce tamén en estilos musicais moi ricos e dispares. Con perfecta adaptación ás letras e inmejorable interpretación.

Si. “Festiña por fóra / festiña por dentro”. Moi ben. Pero como material didáctico, que?

Como material didáctico, insuperable. Sobre todo porque o Rosalía pequeniña nos permite transferir ao rol do educador a argumentación antes aplicada aos creadores: se o libro-CD foi concibido sen paternalismos artificiais, desde as constelacións da nenez, a maneira de achegarlles o recurso ás cativas e cativos debería ser equivalente. Máis aínda cando o contido inherente dos poemas rosalianos é anti-patriarcal e contra toda forma de autoritarismo.

Esa visión, en principio ousada, pode conformar, no fondo, a máis madura das opcións. Ou, cando menos, a máis democrática e respectuosa coa liberdade tanto individual como social. E, de seguro, a máis coherente co ideario rosaliano. Conviccións, todas elas, que conducen, de xeito inevitable, ao Freire máis puro; a cuestionar as relacións xerárquicas entre educador e educando e a crer no diálogo natural como medio para a aprendizaxe recíproca. Porque todas e todos temos algo que aportar.

Por outra banda, é máis que evidente o potencial do Rosalía pequeniña no eido da educación en valores –non sexistas, ecoloxistas, igualitarios, pacifistas, etc–. Mais, novamente, aparecen cunha sutileza intelixente, literaria, indirecta e positiva.

Como o voo maxestoso e elegante das dúas voces protagonistas: Rosalía de Castro e Uxía. Dúo de tecedoras ceibes. Penélopes que non agarda, que se unen, que xamais fican “soias”. Penélopes tan guerreiras como Ulises. Mariñeiras astrais que pescan amenceres poéticos en cada sorriso. Para que ningunha nena quede sen alborada...

“¡Arriba

todas, rapaciñas do lugar!,

que o sol

i a aurora xa vos vén a despertar”■

Rosalía Fernández Rial

A ASASINA

A. Papadiamandis


Hugin e Munin, Colección XX

A editorial Hugin e Munin (<http://www.huginemunin.com>) vén de publicar *A Asasina* de Alexandros Papadiamandis, autor que viviu entre os séculos XIX e XX e é considerado por K. Kavafis como “cumio dos cumios” das letras gregas. Esta tradución ten cabida nun proxecto editorial que pretende introducir no mercado galego literatura estranxeira, primando aquela con menor difusión e, neste caso, conseguindo abrir un campo case inexistente nas nosas librarías, como é o da literatura neohelénica, que apenas conta con títulos traducidos ao galego.

A literatura grega “moderna” é unha das grandes descoñecidas para o público lector en xeral. A magnitude do legado clásico parece eliminar outra literatura grega posible, e debemos engadir este adxectivo de “moderna” para non limitarnos aos poemas homéricos, á traxedia ou a tantos outros textos clásicos. Que nos pode ofrecer esta literatura, e *A Asasina* en particular, para traballar nas aulas de secundaria?

A Asasina é unha novela ambientada en Skiathos, illa natal do autor. Preséntasenos unha sociedade pobre que non se beneficiou da recén acadada independencia do poder otomano, e na que a falta de recursos obriga á poboación masculina a emigrar. A tradición ensume a muller nun chanzo aínda máis baixo da miseria, xa que a obriga a entregar un desorbitado dote (casa, viña, cartos... ademais do enxoval) se quere acceder ao matrimonio, converténdoa nunha pesada carga para os pais. A nosa protagonista, Khadula Frangoianú, é unha muller viúva duns sesenta anos, que reúne todas estas condicións e que traballou duramente toda a súa vida para sacar adiante a súa familia, especialmente as fillas. Muller espelida e mañosa, desempeña cantos oficios se lle ocorren (parteira, curandeira, lavandeira) para sobrevivir. A penuria e a perpetuación desta condición maldita da muller empúxana a rebelarse, segundo as súas propias palabras: “Pero, preguntovos, teñen que nacer realmente tantas nenas? E se nacen, paga a pena crialas?” Así Frangoianú decide cortar o mal de raíz, gañando o adxectivo que da título a obra.

Igual que na traxedia grega, en *A Asasina* todo xira en torno á dor e o sufrimento humano. Seguindo a tradición das heroínas tráxicas, Khadula excédese da súa condición humana ao crer que actúa por mandato divino. Comete, como Medea, unha impiedade contra a divindade, e sobreviralles un castigo inevitable, que comeza cos remorsos que a torturarán e perseguirán a modo de Erinias ou Furias vingadoras de asasinatos. Neste aspecto pode considerarse *A Asasina* unha novela psicolóxica, pois non sen razón moitos consideran a Papadiamandis o “Dostoevski grego”. Pero o noso autor, un dos máis relevantes representantes do naturalismo grego, non xulga a súa criatura e, a diferenza da traxedia grega, non aclara se a protago-



nista consegue redimirse co castigo final, pois morre “na metade do camiño, entre a xustiza divina e a humana”.

Papadiamandis sitúa uns personaxes que viven en condicións extremas nunha natureza de beleza abraiante. Son fermosísimas as súas descrições dos regatos que dan vida aos vales, as fontes de auga fresca que calman a sede da fuxitiva, o fragor das ondas mariñas, as gotas de orballo que se converten en perlas co amencer. Pero esta natureza é ao mesmo tempo inhóspita e ingrata, non produce para os homes froitos con que sacalos da miseria e a illa acaba converténdose nun cárcere do que a protagonista non pode fuxir.

Nesta obra Papadiamandis, home introvertido e de vida moi austera, deixa entrever o seu mundo, a súa illa, a propia situación familiar de escaseza e o infortunio da condición feminina nas súas irmás, que permaneceron solteiras e coidaron del con esmero nos seus últimos anos. A súa gran cultura e profunda espiritualidade reflíctense en citas á relixión e liturxia ortodoxa, abundando tamén os referentes clásicos, como o xa citado paralelismo coa traxedia, o loto que comen os seus fillos en América ou os xogos dos nenos a Narcisos e Ecos.

Podemos afirmar, por tanto, que esta novela ofrece importantes aspectos para a lectura e debate nunha aula de secundaria. Sensibilízanos sobre a fráxil e inxusta situación da muller, sometida a costumes que a escravizan e a deixan á mercé dos homes, pois era difícil sobrevivir sen eles, obrigada a convivir nunha sociedade na que as propias mulleres castigan as transgresoras, cualificándoas de rameiras ou de marimachos. Cuestiónase sutilmente tamén a solvencia dunha administración e dun estado que non vela polo benestar dos seus cidadáns; a ineficacia e falta de formación abunda en todos os empregados públicos, dende as máis baixas xerarquías das forzas da orde até os funcionarios dos xulgados, mestres e médicos. A

independencia do poder otomano, motivo de gloria nacional, non mellora tampouco as condicións de vida dos seus cidadáns, que pasan de entregar botíns ao sultán a pagar impostos ao novo goberno grego. Ante esta situación, unha muller rebélase buscando unha solución; é, nestas circunstancias, evitable a traxedia? Igual que no drama grego, xorde de novo a pregunta, podemos escapar ao noso destino? E aínda unha última pregunta, está tan lonxe esta Grecia da actual? ■

Susana Losada Soto

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- PAPADIAMANDIS, A. (2013) *A Asasina*. Tradución de Margarita Olivares e Susana Losada. Santiago de Compostela, Hugin e Munnin, Colección XX.
- <http://armandorequeixo.blogaliza.org/2013/04/15/a-infantizada/>
- http://www.mediterraneosur.es/arte/papadiamantis_asesina.html
- <http://lapasiongriega.blogspot.com/2010/06/nueva-edicion-de-la-asesina-de.html>

DO ESTIGMA Á ESTIMA

Valentina Formoso Gosende

Edicións Xerais

Do estigma á estima é o suxestivo título que preside a metáfora visual da semente a xermolar que reclama a nosa atención desde a portada desta recente publicación asinada pola profesora doutora Valentina Formoso en Edicións Xerais.

Porque entre estigmas e estimas vén camiñando a lingua galega nos últimos cinco séculos, unha vez perdido o rango de lingua normalizada após outros seis séculos previos de plena vitalidade, desde o seu nacemento aló polo século IX, como as restantes linguas románicas.


Estigmas provocados e alimentados desde dentro e desde fóra da sociedade galega por quen entende que só ten dereito a existir aquela lingua convertida en poderosa economicamente e hexemónica socialmente, con independencia dos procesos e medios empregados para conseguir este fin colonizador.

Estigmas que viñeron alentándose na maioría galegofalante, principal axente difusor garante da súa boa saúde ad futurum, para a converter en minoría acomplexada e desertora dos valores herdados que a lingua expresa de xeito único.

E estimas, si. Estimias que afortalaron milleiros de voces, ao longo desa mesma historia, para ecoaren como altofalantes a negativa á redención do silencio e da mudez definitiva do noso rouco son, que metaforizaría no himno nacional o bardo bergantiñán.

E como é que chegamos a onde agora nos achamos en avanzando o século? Que fíos rexen os comportamentos nada normalizados, desde a perspectiva sociolingüística, da sociedade galega?

Do estigma á estima ofrécenos unha análise das actitudes lingüísticas que, aprendidas consciente ou inconscientemente, a partir da representación do imaxinario que habita ao noso redor de forma abstracta, nos condicionan para empregar o galego, sempre, ás veces, case nunca, nunca ou simplemente depende de onde, con quen, para que...



Todas estas preguntas que aboian no ambiente e tantas veces condicionan os usos lingüísticos da cidadanía galega son o punto inicial deste estudo que nace desde a vontade de analizar a forma de falar de tres grupos de mozos e mozas estudantes do último curso de ESO e mais do Bacharelato, coa intención "de dar un paso máis alá da descrición, atrevéndonos a facer algunha proposta de intervención nas representacións negativas coa finalidade de contribuírmos a redefinir un marco que precisa ser mudado".

O feito de se tratar de adolescentes residentes en contorno galegófono, galegofalantes na súa maioría e adscritos a unha variedade dialectal moi marcada, con gheada e seseo, concédelle ao orixinal estudo un valor engadido que contribúe a detectarmos que estereotipos, prexuízos e estigmas actúan na mocidade nun hábitat vivencial e comunicativo dominado polo conflito lingüístico como é a realidade galega.

Unha análise cualitativa, e non cuantitativa como ten sido práctica habitual en estudos sociolingüísticos anteriores, baseada en grupos de discusión moi heteroxéneos, foi a metodoloxía desenvolvida cuxo obxectivo "é reproducir

o discurso ideolóxico cotián” desde unha microsituación que sirva para analizar a macrosituación social.

Segundo a autora, “as actitudes, derivadas das representacións, son as que rexen os comportamentos, é dicir, os usos lingüísticos”, polo que, apoiándose sempre na progresiva transcripción de fragmentos conversacionais, podemos diferenciar entre actitudes de catro tipos: inseguridade, amabilidade, rexeitamento do acento galego e rexeitamento das medidas normalizadoras.

Velaí catro claves aglutinadoras que axudan a entender, na argumentación discursiva destes grupos de mozos e mozas galegofalantes, a minorización da lingua propia, oficial e escolar, que os conduce cara á non fidelización na súa lingua inicial e ambiental en determinados usos marcados negativamente (con descoñecidos, con persoas que se dirixen a ti en castelán, cunha persoa de clase social superior...) ou mesmo ao abandono en canto se producir un deslocamento a outro espazo xeográfico próximo mais de menor uso social do galego.

Sen dúbida, o noso alumnado de áreas galegófonas, para quen nunca ou case nunca se teñen dirixido as campañas de normalización lingüística, posúe competencia na lingua propia, porque lla transmite o seu ambiente vivencial (usos coloquiais) e mais a escola (usos cultos), mais isto non abonda para se manter na súa lingua, pois carece de modelos lingüísticos positivos e de normalidade de espazos de uso.

E o ensino, que papel ten xogado neste camiño andado á procura da normalización lingüística? É suficiente?

Unha ollada ao pasado exporanos perante un balance positivo onde se perciben avances significativos, mais tamén erros. Precisamos revisar e actualizar obxectivos, estratexias e actuacións no ensino do galego, no ensino en galego e no labor deseñado polos comunmente coñecidos como equipos de normalización lingüística? Mais nada disto será posíbel poñérmolo en práctica desde a actual política lingüística, aplicada polo goberno galego, de marxinalidade e invisibilización da lingua galega na escola desde a etapa da educación infantil.

Diagnose, reflexión e propostas son os alicerces que sosteñen este exhaustivo estudo, unha tríade perfecta que, lonxe de nos deitar a plasmación dun outro informe de datos, presenta alternativas para nos reilusionarmos quen acreditamos na necesidade de redeseñar a actual planificación lingüística por outra que de verdade pretenda a normalización lingüística e se centre na necesidade de mudar ese imaxinario sociolingüístico tan lesivo para o galego.

Esta lectura daranos folgos para continuar e avanzar, porque como a autora conclúe “a meta sabemos que está en asegurarlle un futuro á lingua propia de Galicia, o galego”. ■

Mercedes Queixas Zas


MENORES EN CRISIS. PROPUESTAS DE INTERVENCIÓN Y MEDIDAS REEDUCATIVAS

M^a Dolores Fernández Tilve e
José Manuel Suárez Sandomingo

Universidade de Santiago de Compostela

M^a Dolores Fernández Tilve, profesora da USC e membro do *Grupo Stellae*, e José Manuel Suárez Sandomingo, presidente da APEGA (Asociación de Pedagogos e Psicopedagogos de Galicia), preséntanos un completo manual a modo de *vademécum* pensado fundamentalmente para aqueles profesionais que traballan con mozos e menores en situación de conflito social. Os autores defenden o termo crise para este tipo de situacións por entender que se trata de estados críticos dalgúns individuos inadaptados, que requiren unha abordaxe pluridisciplinar precisamente por responder a causas moi diversas e presentar múltiples aspectos.

O libro responde a unha estrutura coral, con participación dun heteroxéneo panel de profesionais que ofrecen o seu criterio especializado en cada unhas das moitas arestas que presenta este tipo de problemática, e que esixe a creación e posta en marcha dunha serie de servizos no marco dunha cultura colaborativa. Filosofía que xa apunta o catedrático de Didáctica e Organización escolar da USC



D. Miguel Zabalza Beraza no interesante e fermoso prólogo do libro.

Parécenos un manual de cabeceira para aqueles que traballan con este sector de poboación: profesores, orientadores, psicólogos, traballadores sociais; pero tamén para as familias, xa que ao longo do seus capítulos afóntanse temáticas tan actuais e diversas coma a convivencia nos centros educativos, o maltrato infantil, a problemática da inmigración ou mesmo os actuais riscos derivados do mal uso das redes sociais: cyberbullying, grooming, etc.

O libro, de 550 páxinas, está editado polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. ■

Emilio Castro Fustes

puntos de venda da revista galega de educación

POBOACIÓN	LIBRERÍA	ENDEREZO	TELÉFONO	CORREO-e
A Coruña	Librería LUME	Fernando Macías, 3 -15004,	981.263.408	info@lumelibros.com
A Coruña	Librería DIDACTA	Avda Rubine, 13-15 -15004,	981.278.991	libriariadidacta@mundo-r.com
A Coruña	Librería XIADA	Avda Finisterre, 76-78 - 15004,	981.276.950	xiada@ctv.es
A Guarda	Librería ATLÁNTICA	Rúa Concepción Arenal,10	986.613.431	
Burela	Comercial AUMA	Rúa da Igrexa, nº 13 - 27880	982.580.879	
Burela	Librería CADERNOS	Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 6 - 27880	982.586.081	
Ferrol	Librería CAMPUS	Avda de Esteiro, 30-32 -15403	981.364.027	libriariacampus@verial.es
Lugo	Librería AGUIRRE	R/ Bispo Aguirre 8, baixo- 27002	982.220.336	
Lugo	Librería BIBLOS	Doutor Fleming, 1,	982.224.201	
Lugo	Librería TRAMA	Avda. de A Coruña, 21 - 27003	982.254.063	libriariatrama@mundo-r.com
Melide	Librería PARRADO	Moa, 3	981.505.039	
Ourense	Livraría TORGA	Rúa da Paz, 12 - 32002	988.250.737	torga@torga.net
Ourense	Librería TANCO	Rúa Cardenal Quevedo, 22,	988.232.331	
Pontevedra	Librería MICHELENA	Rúa Michelena, 22 - 36002	986.858.746	info@libriariamichelena.com
Santiago	Librería COUCEIRO	Praza Cervantes, 6 -15704	981.586.237	libriariacouceiro@autonomos-ata.com
Santiago	Librería FOLLAS NOVAS	Rúa Montero Ríos, 37 -15706	981.594.406	follasnovas@follasnovas.es
Santiago	Librería ABRAXAS	Rúa Montero Ríos, 50 -15706	981.580.377	grialibros2@infonegocio.com
Tui	Librería IRIS	Rúa Calvo Sotelo, 25 - 36700	986.601.946	
Vigo	Librería CARTABÓN	R/ Urzáiz, 125 - 36205	986.372.883	lcartabon@verial.es
Vigo	Librería ANDEL	Rúa Pintor Lugrís, 10 - 36211	986.239.000	andel@andelvirtual.com
Vigo	Librería MAÑÁN	R/Cadaval nº21	986.226.167	libriariamanan@mundo-r.com
Vigo	Librería LIBROURO	R/ Eduardo Iglesias, 12-36202	986.226.317 986.221.439	librouro@arrakis.es
Vilagarcía	Librería AROUSA	Rúa Edelmiro Trillo, nº19 -36600	986.501.475	
Vilalba	Librería PERGAMINO	Rúa Campo de Puente, 26 - 27800	982.511.302	lpergamino@terra.es
Vilalba	Librería PERGAMINO-2	Rúa de Galicia, 89 Baixo - 27800	982.512.932	pergaminodeus@yahoo.es
Vilalba	Librería SEGREL	Av. Pravia, 13	982.510.040	

REVISTAGALEGA DE EDUCACIÓN

Se desexa subscribirse á Revista Galega de Educación cubra o boletín e envíeo ao seguinte enderezo:

- NOVA ESCOLA GALEGA (Revista Galega de Educación)
Apdo. 586 - 15700 Santiago de Compostela (A Coruña)
- Envíos por fax: 981 562 577
- Subscricións por correo-e: rge.subscricions@mundo-r.com

Se desexa algún número atrasado pode solicitalo da mesma forma.

boletín de subscrición

Si, desexo subscribirme á REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN, tres números ao ano, polo prezo de 34 euros.
Subscribome desde o número ____.

DATOS DO/A SUBSCRITOR/A

Apelidos e nome: _____ NIF: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ Provincia: _____

Teléfono: _____ E-mail: _____

FORMA DE PAGAMENTO (sinalar cun "X" e completar)

Domiciliación bancaria en conta

(Faga constar os 20 dixitos que componen o C.C.C.)

Titular da conta

Cheque a favor de Nova Escola Galega

Transferencia bancaria contra prestación de factura

Reembolso (34 euros máis gastos)

-----, de ----- de 2013

Sinatura

DOSENTES

por **Xosé Tomás**
www.xosetomas.com

ROSAÚA

**RABIOSAMENTE
MODERNA**



galicia



150

aniversario de

CANTARES
GALLEGOS